



PARLAMENTO
DE GALICIA



DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 22

Sesión Plenaria
22 de marzo de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 3. Proposicións non de lei

3.3 5390 (10/PNP-000454)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e tres deputados/as máis

Sobre o establecemento polo Goberno galego do servizo público de dragaxe portuaria e doutros espazos do dominio público marítimo-terrestre na Comunidade Autónoma de Galicia, así como a adquisición dunha embarcación de draga para esta finalidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

3.4 5521 (10/PNP-000466)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula, e Rodríguez Estévez, David

Sobre a execución pola Xunta de Galicia, no ano 2017, das obras do plan de regadío da comarca da Limia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 75, do 01.03.2017

3.5 5676 (10/PNP-000481)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel, e catro deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa oferta pública de emprego para o ano 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

3.6 5688 (10/PNP-000484)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa memoria histórica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

3.7 5818 (10/PNP-000496)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Torrado Quintela, Julio, e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

3.8 6054 (10/PNP-000521)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Trenor López, Gonzalo, e trece deputados/as máis

Sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación coa Fegamp duns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas, así como o establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia para a xestión da auga
Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 79, do 08.03.2017

Punto 4. Interpelacións

4.1 1215 (10/INT-000040)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela, e Torrado Quintela, Julio

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación económica e social da mocidade
Publicación da iniciativa, BOPG nº 18, do 23.11.2016

4.2 2374 (10/INT-000091)

Grupo Parlamentario de En Marea

Lago Peñas, José Manuel

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa distribución da renda salarial
Publicación da iniciativa, BOPG nº 36, do 28.12.2016

4.3 5106 (10/INT-000192)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a xestión da saúde mental
Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

5.1 6504 (10/POPX-000022)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coa compañías eléctricas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

5.2 6520 (10/POPX-000023)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta pública de emprego do ensino para o ano 2017
Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

5.3 6524 (10/POPX-000024)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos mecanismos de financiamento adicional utilizados nos últimos anos
Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 6507 (10/PUP-000066)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as afirmacións realizadas en relación coas mulleres no discurso institucional do alcalde de Noia con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

6.2 6008 (10/POP-000785)

Grupo Parlamentario de En Marea

Cal Ogando, Marcos, e Sánchez García, Antón

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa vertedura de residuos que se está a levar a cabo na parcela, protexida pola Rede Natura 2000, do conxunto granítico emblemático denominado O Con do Paxaro, no espazo dunar da praia da Lanzada, con motivo da execución das obras de mellora da estrada PO-308

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

6.3 2656 (10/POP-000248)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín, e seis deputados/as máis

Sobre o proceso de adaptación tecnolóxica que debe levar a cabo o Concello de Vigo para a incorporación do transporte urbano no Plan de transporte metropolitano

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

6.4 6486 (10/PUP-000065)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio, e cinco deputados/as máis

Sobre a data prevista polo Goberno galego para a posta en funcionamento do porto seco de Monforte de Lemos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

6.5 4838 (10/POP-000624)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia, e tres deputados/as máis

Sobre a sentenza xudicial referida ao proxecto de construción dunha liña de alta tensión entre as localidades do Irixe e Lalín, e a súa afectación á fraga de Casas Vellas, na parroquia de Catasós

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

6.6 6514 (10/PUP-000067)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis

Sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego diante do conflito laboral existente en Pescanova, para defender os dereitos e as condicións de traballo dignas na empresa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

6.7 4332 (10/POP-000545)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Gil, César Manuel, e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos do abandono temperán dos estudos en Galicia no ano 2016 pola poboación comprendida entre os 18 e 24 anos antes de acadar a educación secundaria postobligatoria

Publicación da iniciativa, BOPG nº 63, do 09.02.2017

6.8 2851 (10/POP-000297)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén, e cinco deputados/as máis**

Sobre a situación da atención primaria na Área Sanitaria de Valdeorras

Publicación da iniciativa, BOPG nº 43, do 12.01.2017

6.9 5955 (10/POP-000774)**Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula, e Villares Naveira, Luis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación no Parlamento de Galicia, no actual período de sesións, dun proxecto de lei de modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que recolla o sentido e interpretación da sentenza xudicial referida á resolución da Dirección Xeral de Política Social respecto da concesión dunha soa renda de integración por domicilio e o que debe considerarse como unidade de convivencia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas compañías eléctricas. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 15.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG)*. (Páx.16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 17.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta pública de emprego do ensino para o ano 2017. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 19.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 20.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S)*. (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 22.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos mecanismos de financiamento adicional utilizados nos últimos anos. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (M)*. (Páx. 24.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (M)*. (Páx.26.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo*. (Páx. 27.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego do servizo público de dragaxe portuaria e doutros espazos do dominio público marítimo-terrestre na comunidade autónoma de Galicia, así como a adquisición dunha embarcación de draga para esta finalidade. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 29.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Merlo Lorenzo (M)*. (Páx. 30.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 31.) e *Sra. Toja Suárez (S)*. (Páx. 32.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 33)

O señor Merlo Lorenzo (M) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 35.)

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre a execución pola Xunta de Galicia, no ano 2017, das obras do Plan de regadío da comarca da Limia. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 36.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Quinteiro Araújo (M). (Páx. 36.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Gómez Salgado (P). (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 40.) e Sr. Quiroga Díaz (S). (Páx. 42.)

A señora Quinteiro Araújo (M) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 43.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa oferta pública de emprego para o ano 2017. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 45.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Díaz Villoslada (S). (Páx. 45.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sr. Moreira Ferro (P). (Páx. 48.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 50.) e Sra. Santos Queiruga (M). (Páx. 52.)

O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 54.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa memoria histórica. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 56.)

Intervención dos grupos parlamentarios: Sra. Burgo López (S) (Páx. 59.), Sra. Cuña Bóveda (M) (Páx. 61.) e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 64.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 65.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 66.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Torrado Quintela (S).* (Páx. 67.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 70.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (M)* (Páx. 72.)
e Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 74.)

O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 76.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e trece deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación coa Federación Galega de Municipios e Provincias duns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas, así como o establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia para a xestión da auga. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 77.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Trenor López (P).* (Páx. 78.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 81.) *e Sr. Sánchez García (M).* (Páx. 82.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 84.)

O señor Trenor López (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 85.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento das súas competencias en materia de consumo en relación co control dos produtos financeiros emitidos polas entidades bancarias para os clientes e os seus procesos de comercialización: *rexeitado por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento das súas competencias en materia de consumo en relación co control dos produtos financeiros emitidos polas entidades bancarias para os clientes e os seus procesos de comercialización: *rexeitado por 20 votos a favor, 54 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 87.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir o cumprimento dos obxectivos europeos de cobertura das redes de telecomunicación de nova xeración e aumentar a eficiencia dos

fondos públicos, así como posibilitar o acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo, cando menos, ao 90 % dos habitantes das poboacións de menos de cinco mil habitantes en Galicia: *aprobada por 75 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego do servizo público de dragaxe portuaria e doutros espazos do dominio público marítimo-terrestre na comunidade autónoma de Galicia, así como a adquisición dunha embarcación de draga para esta finalidade: *rexeitado por 33 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre a execución pola Xunta de Galicia, no ano 2017, das obras do Plan de regadío da comarca da Limia: *aprobado por 75 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 88.)

O señor Díaz Villoslada (S) intervén para explicar o resultado da transacción sobre a proposición que se vai votar a continuación. (Páx. 89.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa oferta pública de emprego para o ano 2017: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 89.)

Votación dos puntos 3 bis.a) e 4.c) da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa memoria histórica: *rexeitados por 19 votos a favor, 41 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 89.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, agás os puntos xa votados, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa memoria histórica: *rexeitada por 34 votos a favor, 41 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema nacional de saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública: *aprobado por 75 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as demandas que

debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema nacional de saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública: *aprobado por 75 votos a favor, ningún voto en contra e ningunha abstención.* (Páx. 90.)

Votación do punto 3 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema nacional de saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública: *rexeitado por 28 votos a favor, 41 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 91.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e trece deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación coa Federación Galega de Municipios e Provincias duns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas, así como o establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia para a xestión da auga: *aprobado por 54 votos a favor, 14 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 91.)

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación económica e social da mocidade. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 92.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 94.)

Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 97.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 98.)

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor presidente comunica unha modificación no desenvolvemento da orde do día relativa á pregunta ao Goberno que figura en primeiro lugar, que será substanciada antes das interpelacións. (Páx. 100.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as afirmacións realizadas en relación coas mulleres no discurso institucional do alcalde de Noia con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo de 2017. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG).* (Páx. 100.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela).* (Páx. 101.)

Réplica da autora: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 102.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 104.)

Interpelación de D. José Manuel Lago Peñas, do G. P. de En Marea, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa distribución da renda salarial. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lago Peñas (M)*. (Páx. 105.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 108.)

Réplica do autor: *Sr. Lago Peñas (M)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 113.)

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a xestión da saúde mental. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Solla Fernández (M)*. (Páx. 114.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 117.)

Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (M)*. (Páx. 120.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuiña)*. (Páx. 122.)

Pregunta de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa vertedura de residuos que se está a levar a cabo na parcela, protexida pola Rede Natura 2000, do conxunto granítico emblemático denominado «O Con do Paxaro», no espazo dunar da praia da Lanzada, con motivo da execución das obras de mellora da estrada PO-308. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Cal Ogando (M)*. (Páx. 124.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 125.)

Réplica do autor: *Sr. Cal Ogando (M)*. (Páx. 126.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 127.)

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o proceso de adaptación tecnolóxica que debe levar a cabo o Concello de Vigo para a incorporación do transporte urbano no Plan de transporte metropolitano. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 129.)

Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 131.)

Pregunta de D. José Antonio Quiroga Díaz e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data prevista polo Goberno galego para a posta en funcionamento do porto seco de Monforte de Lemos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 132.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 133.)

Réplica do autor: *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 134.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle)*. (Páx. 135.)

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a sentenza xudicial referida ao proxecto de construción dunha liña de alta tensión entre as localidades do Irixe e Lalín, e a súa afectación á fraga de Casas Vellas, na parroquia de Catasós. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 136.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 138.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S)*. (Páx. 139.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero)*. (Páx. 140.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego diante do conflito laboral existente en Pescanova para defender os dereitos e as condicións de traballo dignas na empresa. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (M)*. (Páx. 141.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 142.)

Réplica da autora: *Sra. Quinteiro Araújo (M)*. (Páx. 143.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 144.)

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e cinco deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos do abandono temperán dos estudos en Galicia no ano 2016 pola poboación comprendida entre os 18 e os 24 anos antes de acadar a educación secundaria postobrigatoria. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 145.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 145.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 147.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González)*. (Páx. 147.)

Pregunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da atención primaria na Área Sanitaria de Valdeorras. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 148.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 150.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 151.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 152.)

Pregunta de D^a Paula Vázquez Verao e D. Luis Villares Naveira, do G. P. Parlamentario de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación no Parlamento de Galicia, no actual período de sesións, dun proxecto de lei de modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que recolla o sentido e interpretación da sentenza xudicial referida á resolución da Dirección Xeral de Política Social respecto da concesión dunha soa renda de integración por domicilio e o que debe considerarse como unidade de convivencia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Verao (M)*. (Páx. 153.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 154.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Verao (M)*. (Páx. 155.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 156.)

Remata a sesión ás sete e vinte e oito minutos do serán.

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reiniciamos a sesión co punto quinto da orde do día, que se corresponde con preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a actuación que vai levar a cabo o Goberno galego en relación coas compañías eléctricas

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Pontón Mondelo para formular a súa pregunta.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día, señor Feijóo.

Vendo a súa posición, ninguén o diría, pero eu estou segura de que vostede sabe que Galiza é unha potencia en enerxía eléctrica; producimos tanta electricidade que máis dun terzo da nosa enerxía se utiliza para abastecer outras zonas do Estado. E non quero utilizar a palabra «exportar» a propósito, pois cando exportas como país obtés algún beneficio, pero neste caso nós só temos os custos ambientais, os custos sociais e un servizo de segunda. E se non pregúntelles vostede ás máis de cincuenta mil persoas que durante case cinco días estiveron sen luz eléctrica durante os últimos temporais.

Pero é que hai máis: no noso país hai 190.000 persoas en situación de pobreza enerxética, é dicir, persoas que non poden prender a calefacción no inverno, que non poden pagar a factura da luz e ás que o seu ticket eléctrico non lles chega. Pero é que tamén temos empresas no noso país que ameazan con pechar, con deslocalizarse polos altos prezos que ten a enerxía en Galiza, e iso provocaría que se despidan miles de traballadores e traballadoras.

Neste contexto, o normal sería que o presidente da Xunta liderara unha proposta que é tan xusta como racional, e é que os galegos e as galegas nos beneficiemos de vivir nun país que produce electricidade a esgalla a través dunha tarifa eléctrica galega que abarate o prezo da luz. Os vascos, señor Feijóo, teñen unha tarifa eléctrica máis barata para as súas empresas, o que lles permite aforrar millóns de euros. Pero é que, claro, en Euskadi, teñen un presidente que exerce como tal, e na Galiza témolo a vostede.

A outra cara da moeda son as grandes multinacionais eléctricas: Endesa, Iberdrola, Gas Natural Fenosa, que, ¡fíxense!, durante a crise económica gañaron máis de cincuenta e seis mil millóns de euros en beneficios. Elas son as grandes beneficiadas deste modelo enerxético, centralista, cheo de privilexios. Vostedes lexislan a favor do *lobby* eléctrico e en contra dos intereses das persoas e en contra dos intereses deste país. A cambio, o financiamento das eléctricas planea sobre de onde veñen os fondos dos seus partidos, e as portas xiratorias non dan abasto para recolocar a ex-altos cargos do Partido Popular; o último enchufado: o experto en enerxía Arsenio Fernández de Mesa.

E isto é o que explica que vostedes aproben leis que permiten ás eléctricas estafarnos como sociedade e como país. E teño que dicilo: neste caso, o Partido Popular e o Partido Socialista

son como dúas pingas de auga. Primeiro, foi a moratoria nuclear: 5.700 millóns máis na factura da luz. Logo viñeron os chamados «custos de transición á competencia»: 6.000 millóns de euros máis na factura. O último fora o déficit tarifario, regalámoslles ás eléctricas 25.000 millóns de euros, que saen do peto das persoas que están en paro, das pensionistas, dos traballadores, porque van á súa factura da luz.

A súa particular contribución, señor Feijóo, foi anular por sectarismo un concurso eólico absolutamente legal...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...que paralizou o sector e que agora provoca que teñamos que estar pagando, cos cartos de todos e de todas, indemnizacións ás empresas ás que vos tede lles anulou un concurso dunha maneira absolutamente arbitraria.

Todo isto, señor Feijóo, ao que nos leva é a preguntarlle: ¿cando vai vostede deixar de defender os intereses das eléctricas e poñerse do lado dos intereses da xente do noso país e de Galiza?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señoría, efectivamente, Galicia é unha produtora de enerxía, de enerxía eléctrica; somos a cuarta comunidade autónoma de España coa maior produción de enerxía eléctrica, a cuarta. Por iso, señoría, como somos unha das comunidades autónomas de España con maior produción de enerxía pois estamos, loxicamente, beneficiándonos en empregos e en investimento. En Galicia traballan 30.000 persoas no sector eléctrico.

En materia de investimento acabamos de finalizar a repotenciación dos dous encoros finais do río Sil: o encoro de San Estevo e o encoro de San Pedro, onde se investiron 200 millóns de euros. Na central térmica das Pontes e en Meirama hai que investir antes do ano 2020 uns 320 millóns de euros. E, por certo, anualmente invístense en Galicia para manter a rede eléctrica en perfectas condicións algo máis de cento vinte e cinco millóns de euros anuais.

En relación co concurso eólico, señoría, que vostede plantexaba, nós, efectivamente, anulamos o concurso eólico, porque a metade do seu goberno, a metade do Goberno bipartito, dicía que era ilegal, e nós estabamos de acordo nese caso coa metade do Goberno bipartito que dicía que era ilegal. Anulámolo e por iso neste momento Galicia beneficiouse en 160 millóns de euros do canon eólico, porque vostedes nada cobraban ás eléctricas; nós si, señoría, 160 millóns de euros en canon eólico.

Señoría, este goberno, dende logo, non defende ningún privilexio. ¿Sabe por que? Porque se defenderamos privilexios estaríamos na oposición, como non defendemos privilexios estamos no goberno. *(Aplausos.)* E por iso, señoría, estamos neste momento movéndonos, defendendo o interese xeral dos consumidores, defendendo o interese xeral dos fogares galegos para que aforren en custos enerxéticos e defendendo, por suposto, aquelas persoas que teñen dificultades para pagar a luz mensualmente.

Señoría, ¿sabe por que defendemos os consumidores? Cando a Consellería de Industria era nacionalista, vostedes abriron nove expedientes sancionadores ás empresas eléctricas e cunha sanción de 97.000 euros; nós levamos abertos ás empresas eléctricas dous mil catrocentos expedientes e cunha sanción de 23,8 millóns de euros. ¿Verdade que é suficiente dato como para concretar que se quere vostede falar de privilexios ás eléctricas hai que falar en clave nacionalista, señoría? *(Aplausos.)*

Para falar de traballar en favor dos fogares. Mire, nós levamos dando aos fogares galegos subvencións para renovar as fiestras, os ascensores, as instalacións eléctricas; levamos no que vai de legislatura máis de catro mil fogares beneficiados con axudas para aforrar custos enerxéticos, e dende que chegamos ao goberno nada máis e nada menos que vinte e sete mil fogares galegos tiveron subvencións para diminuír os seus consumos eléctricos. Se quere falar vostede de pobreza enerxética, estou á súa disposición.

Cando gobernaban vostedes, cero euros para pobreza enerxética, cero; nós, seis mil fogares. Somos a Comunidade Autónoma que empezou primeiro para traballar contra a pobreza enerxética, tanto co ticket eléctrico social como para evitar os cortes de subministración. Este ano temos presuposto dabondo para atender todas as solicitudes.

Señoría, se quere falar vostede de privilexios, cando vostedes apoiaban os gobernos socialistas subvencionaban as empresas eléctricas e déronlles máis de vinte e seis millóns de euros, que agora hai que pagar. É máis...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e condonáronlles 3.000 millóns de euros de custos de transacción á competencia. Señora Pontón, sobre privilexios non ten nada máis que vostede mirar dentro dos seus escanos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, se vostede quere falar de privilexios, mire un pouco máis ao seu redor no seu partido e vexa onde se sentan algúns dos ex-presidentes e ex-ministros, *(Aplausos.)* que pasaron do Consello de Ministros a ser parte dos consellos de administración destas empresas.

De verdade, señor Feijóo, se vostede quere ter algunha credibilidade e realmente quere defender os intereses deste país, non me pode dicir que o problema sobre a enerxía en Galiza se soluciona cun ticket social, que sabe que non chega nin a un 6 % dos potenciais beneficiarios e que lle puxeron unhas condicións tan leoninas que moi poucas persoas poden acceder a el a pesar de que o necesitan. ¿Por que non acepta que cambiemos os criterios do ticket para que todas as persoas que o necesiten, teñan ou non fillos ao seu cargo, teñan ou non persoas con discapacidade ao seu cargo, poidan acceder a esa axuda?

Pero creo que podemos facer cousas máis importantes se realmente temos ambicións de país. Invítooo a que se sume ás propostas do BNG:

¿Por que non impugnamos esa Lei do sector eléctrico que o que consolida é que teñamos que pagar un déficit tarifario que é unha estafa á sociedade?

¿Por que non aprobamos antes de que remate este verán unha lei en Galiza que prohiba os cortes de luz e de gas, para que ningunha persoa estea a escuras na súa casa nin pasando frío no inverno?

¿Por que non permite, señor Núñez Feijóo, sumarse a un grande acordo de país, para que todas as concesións hidroeléctricas, que hai moitas que van caducar nos próximos anos, en vez de volver ser de Iberdrola, de Endesa, de Gas Natural Fenosa, pasen a ser patrimonio público e que, polo tanto, nos beneficiemos da produción de enerxía eléctrica, que se utilice en beneficio deste país e non para seguir engordando o lobby eléctrico?

Señor Núñez Feijóo, a nós non nos parece que en Galiza nos esteamos beneficiando da produción de enerxía eléctrica; a produción de enerxía eléctrica, realmente, só está servindo para engordar as grandes empresas, as multinacionais do sector.

Se quere facer algo útil por este país, súmese a estas propostas, defenda unha tarifa galega que nos permita abaratar a luz, defenda que hai que cambiar o modelo enerxético e acabar cos privilexios das eléctricas, defenda a incompatibilidade entre sentarse no...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PONTÓN MONDELO: ...no Consello de Ministros e acabar sentado nos consellos de administración das eléctricas. O día que o faga darémoslle algún tipo de credibilidade, porque de momento, señor Núñez Feijóo, o único que nos demostrou o seu partido é que ao final aquí parece que mandan máis as eléctricas que o pobo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Rolda de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señoría, nada me dixo sobre que Galicia é a cuarta produtora de enerxía eléctrica de España. Nada me dixo, señoría, que

podíamos facer en consecuencia entre as comunidades autónomas de España, se cada unha ten a súa política eléctrica que vostede propón. Aragón ten unha ratio similar, entre a diferenza de produción e de consumo, de 151; é exactamente a que ten Galicia; Asturias ten unha ratio máis favorable, 161; Castela e León moito máis favorable, 227; Estremadura o triplo que Galicia, 438. Entón, señoría, ¿vostede que propón exactamente?, ¿que cada comunidade autónoma teña unha tarifa eléctrica distinta?, ¿é o que propón?

E ¿que lle diríamos, por exemplo, á xente que vive en Castela-A Mancha, onde en Guadalaxara hai unha central nuclear e en Toledo non? Polo tanto, imos poñer a tarifa máis barata en Guadalaxara. E ¿que lle dicimos á xente de Ferrol? En Ferrol non está a central térmica das Pontes, e nas Pontes si; nas Pontes enerxía eléctrica máis barata e en Ferrol máis cara. Por certo, señoría, eu son dunha poboación, Os Peares, onde temos tres encoros. ¿Parécelle ben que non pagueamos luz? (*Aplausos.*) Pois ao mellor na miña localidade, señoría, xa sabemos que esas cousas non encaixan.

Mire, señora Pontón, vostede ven aquí falar do que lle peta, fai ben. Pero o que pasa é que os galegos pensamos e dicimos: ¿e isto como se fai?, ¿que lle poñemos a cada provincia algo distinto, a cada comunidade autónoma algo distinto? ¡Ah!, vai por comunidades autónomas. Mire, o bálsamo de Fierabrás xa está inventado hai moito tempo, é unha apócema que ten solución para todo. As propostas nacionalistas parécense a iso, señoría. O que pasa é que a xente se dá conta e decata de que iso non interesa. Iso é o que nós facemos.

Cando vostede fala de calidade de subministración eléctrica debería de saber que a calidade de subministración eléctrica en Galicia está mellor que en España. Si, señoría, si, mire vostede Rede Eléctrica Española, consulte e verá que tanto en tempo de interrupcións como en número de interrupcións, nos últimos anos —por certo, dende que estamos gobernando—, a calidade eléctrica é mellor en Galicia que en España.

Señoría, vostede fala de moitas cousas, da tarifa eléctrica vasca. Vostede sabe que iso non é certo. (*Murmurios.*) Non, non, sabe que non é certo. Sabe absolutamente que non é certo, que a tarifa vasca é exactamente igual ao resto das tarifas españolas. E dicir aquí que os vascos se benefician por unha tarifa é simplemente unha falta de respecto á verdade e unha falta de respecto a todos os galegos. (*Aplausos.*) E por iso eu négoa literalmente, señoría. Vostede non está contando a verdade. E aquí non se veñen contar historietas.

Señora Pontón, vostedes xestionaron a Consellería de Industria, é unha etapa que queren borrar. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Cantos impostos cobraban vostedes ás eléctricas? Cero; este Goberno, 160 millóns de euros. ¿Cantos expedientes abriron vostedes ás eléctricas? (*Murmurios.*) Señoría, nove; nós, dous mil catrocentos expedientes abertos ás eléctricas. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿A cantos fogares axudaban vostedes cando gobernaban? Cero; nós, seis mil fogares con ticket eléctrico ou con axudas eléctricas.

Señoría, os galegos arrepentíronse de que os nacionalistas gobernarán en Galicia e quixeron cambiar, e por iso cambiaron democrática e lexitimamente. E as súas palabras van por un lado e a realidade de Galicia vai por outro. Vostedes defenden a súa ideoloxía por riba dos intereses de Galicia, e nós defendemos os intereses de Galicia por riba de calquera planteamento ideolóxico.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): E esa é a gran diferenza entre este goberno e o seu goberno, señoría, (*Aplausos.*) entre este goberno e o seu goberno.

Mire, señoría, se a credibilidade a mediramos en cifras, diríamos: nove expedientes ás eléctricas o BNG, dous mil catrocentos expedientes o Partido Popular de Galicia. Con isto, señoría, está todo dito.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actuación que vai levar a cabo a Xunta de Galicia en relación coa oferta pública de emprego do ensino para o ano 2017

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Señor presidente, entenderá que nos preocupe o emprego, porque hai 146.800 empregos menos que no ano 2008 en Galicia, despois de oito anos do seu goberno, pero que tamén nos preocupe a precariedade, xa que hai menos emprego pero hai máis contratos, porque son a tempo parcial e temporais. Dos oitocentos mil contratos aproximadamente do 2008, 66.000 eran indefinidos a tempo completo. Dos 944.000 do 2016, só son indefinidos a tempo completo 43.000, o resto son temporais ou a tempo parcial.

Esta deterioración da calidade do emprego tamén afecta os servizos públicos. As taxas de reposición obrigaron ao axuste do gasto en salarios, en contratación de persoal. A súa continuidade é excesiva. Ano tras ano impulsa a privatización, moitas veces denominada «externalización de servizos», a precariedade e a deterioración na calidade dos servizos públicos. Hai que eliminar ese corsé; hai que eliminar ese instrumento que impide que a mocidade que se incorpora ao traballo teña un futuro estable dentro da Administración pública; hai que darlle a esa mocidade unha alternativa de estabilidade cando menos no ámbito público.

E neste contexto prodúcese a cerimonia da confusión coa OPE de educación do 2017. Vostede participou, facendo de peón, nesa especie de partida de xadrez na que o señor Montoro plan-texa unha apertura siciliana coa OPE das distintas comunidades autónomas. Montoro dicía: ou vostedes aproban o meu orzamento ou non vai haber oferta de emprego público. Hoxe esa pequena farsa está desmontada xa. A Comunidade Autónoma vasca, como é ben coñecido, ten convocada desde febreiro a OPE de educación do 2017, sen que o Goberno central fixera nada para impedilo. E hoxe, que hai esa especie de idilio, iso que eu denominaba o outro día como este «rollito de primavera» entre o PNV e o PP, para efectos de aprobación dos presupostos na Comunidade Autónoma vasca e en Madrid, pois parece imposible que exista un recurso por parte do Goberno central. ¿Por que o Goberno vasco pode convocar a

OPE de educación 2017 sen problemas e Galicia non? Voulo dicir: porque o Goberno galego estaba facendo de cómplice necesario de Montoro.

Parece ademais que o Goberno central está considerando a tramitación dun real decreto lei sobre as taxas de reposición. A primeira pregunta que nós facemos é: se era necesario, ¿por que non o fixo antes?, ¿por que non o fixo o 1 de xaneiro ou incluso o 31 de decembro do ano pasado? A resposta tamén é doada: porque o Goberno central, primeiro, actuou de pirómano para agora intentar actuar de bombeiro. Pero o certo é que non hai lume sequera, hai fume, hai brétema, pero non hai lume, porque o marco legal dos orzamentos prorrogados do 2016 permitía convocar a OPE xa dende o 1 de xaneiro, porque xa se fixo iso no ano 1996 e no ano 2012. Os expertos indican que é así. Non se pode superar o cen por cento da taxa de reposición, pero pódese convocar a oferta pública de emprego.

O real decreto lei só é útil se permite superar o corsé das taxas de reposición. E iso sería necesario para reducir a inestabilidade e a precariedade no emprego, para reforzar a calidade dos servizos públicos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...para recuperar o nivel de emprego público que necesitamos para atender ben os nosos cidadáns.

Señor Núñez Feijóo, ¿está disposto a percorrer con celeridade e con decisión ese camiño?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Efectivamente, onte empezou a primavera, pero recórdolle que en Euskadi goberna o PNV co Partido Socialista de Euskadi, ¿de acordo? Entón, non sei se iso é un «rollito de primavera» ou é outra cousa, señor Leiceaga, pero non convén confundirse con quen goberna cadaquén. (*Aplausos.*)

Señor Leiceaga, quixera deixar claro nesta oportunidade que o seu grupo me dá para concretar cal é a nosa postura. Mire, señoría, nas ofertas públicas de emprego Galicia está traballando con normalidade, primeiro punto. Segundo, sempre tivemos claro que nós queremos convocar a oferta pública de emprego, e de feito os sindicatos coñecen cales son as prazas que queremos sacar. Por exemplo, en educación xa nos reunimos na mesa sectorial e plantexámoslles a oferta pública de emprego. E, por suposto, señoría, nós estamos en condicións de convocar a oferta pública de emprego de forma inmediata.

Vostede e mais eu estamos convencidos de que é imprescindible para convocar unha oferta pública de emprego ter o cen por cento de seguridade xurídica. O Goberno acábanos de no-

tificar que é vontade do Goberno de España remitir á Cámara un real decreto lei para dar seguridade xurídica á oferta pública de emprego da educación. Se isto é así, conforme o previsto polo Goberno, que notifica ao conselleiro de Cultura e Educación hai escasos días, en abril a Xunta de Galicia convocará a oferta pública de emprego de educación.

Polo tanto, señoría, vostede que é unha persoa que coñece o mundo xurídico, cústame entender as présas que plantexa. Recordará vostede que no ano 2012 a Comunidade Autónoma andaluza fixo unha oferta pública de emprego, foi obxecto de recurso no Tribunal Constitucional e tivo que anular a oferta pública de emprego que estaba en curso. Non me proporá vostede que faga eu o mesmo que fixeron os seus colegas andaluces.

Dime que por que esta comunidade autónoma se prega aos intereses do Goberno central. Mire, señoría, ¿é que vostede non sabe que as comunidades autónomas socialistas non van convocar oferta pública de emprego, segundo din? Decidiron non convocar Castela-A Mancha, Extremadura, Aragón, Navarra, Asturias. Xa ten anunciado que non convocará Valencia. Señoría, ¿estas comunidades autónomas do Partido Socialista seguen os ditados do señor Montoro ou seguen os ditados da seguridade xurídica aconsellable en calquera acto dunha administración pública, moito máis se ten consecuencias externas como é a miles de opositores, que poden deixar os seus exames a medias porque a convocatoria non é conforme o dereito? Hai once comunidades autónomas en España que xa manifestaron que non convocarán oferta pública de emprego, once; a maioría delas socialistas. Señor Leiceaga, ¿en que parte do Partido Socialista estamos falando?

Non imos perder o tempo, señor Leiceaga. Vostede e mais eu, vostede e este grupo, supoño que toda a Cámara, estamos de acordo con convocar a oferta pública de emprego. En abril convocaremos a oferta pública de emprego da Consellería de Educación. Son 1.043 prazas: de ensino secundario, 540; de formación profesional, 80; de mestres, 400; de profesores de Música e Artes Escénicas, 23. Total, 1.043 prazas de ensino público en Galicia, oferta pública de emprego 2017. *(Aplausos.)*

Señoría, isto é o que queremos facer. E estou convencido, señor Leiceaga, de que se vostede tivera a responsabilidade que teño eu, estaría facendo exactamente o mesmo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ¿Non me negará esa aproximación política entre o PNV e o Partido Popular porque é de dominio público? En todo caso, eu voulle dicir: eu falo desde Galicia e desde o Partido Socialista de Galicia.

Eu entendo perfectamente que haxa comunidades autónomas que deciden normalmente en exercicio da súa autonomía non convocar unha oferta pública de emprego, poden criticalas ou non; en todo caso, é a súa autonomía. O problema é que vostedes dixeron desde o prin-

cipio —é verdade— que querían convocala. Entón, eu o que digo é que se querían convocala, convóquena. Esgrimen un argumento de seguridade xurídica, pero, fíxese: o real decreto lei está vixente desde o momento en que o Goberno o aproba, pero debe ser convalidado polo Congreso, e acontecementos recentes din que vostedes non teñen a seguridade de que os seus decretos prosperen. Por tanto, a seguridade xurídica é limitada.

En segundo lugar, pode ocorrer que o Congreso aprobe tamén a transformación dese real decreto nun proxecto lexislativo que ten que ser tramitado no Congreso, e iso xa nos leva ao mes de xuño. Eu aspiro a que ese real decreto sexa aprobado polo Congreso e mellorado substancialmente, xustamente para eliminar as taxas de reposición, que daría oportunidade non só de empatar, é dicir, de conxelar a precariedade nos niveis que están a finais do 2016, senón tamén de reducilos. E iso é o que quero que fagan vostedes. Eliminen coa presión política as taxas de reposición que introduce o Goberno central, para conseguir reducir substancialmente a precariedade no emprego público, ata situalo —voulle dar unha referencia— no 3 % dentro de tres anos, por debaixo do 3 %; unha mínima flexibilidade necesaria porque se producen continxencias ao longo do exercicio.

Pero, en todo caso, non me contestou vostede unha pregunta clave, que é: ¿por que non fixo o Goberno central ese mesmo movemento desde principios de xaneiro e teriamos eliminado calquera tipo de incerteza nestes momentos porque estaría xa todo ese procedemento de tramitación do real decreto lei concluído? A iso non me fixo ningunha contestación.

E, en segundo lugar, e último en relación con isto, non se trata só de convocar as OPE, trátase de concluílas. Información sindical dinos que das mil e pico prazas que veñen convocando vostedes desde o ano 2012, só 43 están acabadas, un 3 % do total. Se esa é a súa preocupación pola eliminación da precariedade no emprego público, eu creo que deben cambiar.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Rolda de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor Leiceaga.

Sabe vostede, señoría, que Galicia é unha das comunidades autónomas que máis mantivo a estabilidade do emprego público, é dicir, das nóminas efectivas reais que pagamos á fin de mes dende que comezou a gran recesión e a crise económica. No ano 2008 cando chegamos ao goberno pagabamos 86.858 nóminas mensuais e agora estamos pagando 86.818 nóminas mensuais. Non foi así na maioría das comunidades autónomas, señoría; nin sequera foi así na Administración estatal, nin sequera foi así na Administración local galega. Polo tanto, durante todo este tempo que lles pedimos grandes esforzos aos empregados públicos en materia de retribucións, a cambio si plantexamos unha estabilidade no emprego na Comunidade Autónoma de Galicia, das comunidades autónomas máis estables de España.

Se vostede quere mirar a taxa de temporalidade, a media das comunidades autónomas no sector público é do 20,5 %, en Galicia o 14 %; por exemplo, Asturias está no 25,3 %. Polo

tanto, a taxa de temporalidade do emprego en Galicia, do emprego público volve ser das máis baixas de España.

Se vostede quere falar da taxa de interinidade na educación, a media das comunidades autónomas en primaria é o 23,8 % e en Galicia o 9 %, e en secundaria a media é o 28 % e en Galicia o 14 %. Volvemos ser a Comunidade Autónoma con menos taxas de interinidade na educación de España.

Por iso sorpréndeme, señor Leiceaga, que vostede cando quere fala en nome do Partido Socialista de Galicia e cando non fala o que debe de facer o Goberno central, sen que a vostede lle preocupe o que fan vostedes cando gobernan nas comunidades autónomas. É unha posición un pouco —diría eu— de líder, de dicir: mire, a min dáme igual o que fagan os demais, eu falo de aquí. Pois se fala vostede de aquí, falemos de aquí, señoría.

E Galicia ten hoxe a taxa de interinidade máis baixa na educación de España e ten a taxa de temporalidade en todo o sector público moi por debaixo da media do resto das comunidades autónomas. E Galicia vai convocar eleccións, perdón, convocar oposicións na educación... (*Murmurio.*) Non se preocupe, señoría... (*Risos.*) Non se preocupe. (*Aplausos.*) Imos dar tempo a todo o mundo para que se recompoña e poidamos facer iso cando toque, señoría, no ano 2020. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Non hai ningún problema.

Mire, señoría, vostede e mais eu sabemos que Galicia é a Comunidade Autónoma con máis profesores por alumno —ese é un bo dato, vostede que é profesor debería de avalialo—, si somos a Comunidade Autónoma con máis profesores por alumno, e somos a Comunidade Autónoma que mellorou todas as súas ratios: no abandono escolar estamos co máis baixo dende que hai rexistros, superamos no informe PISA a media de España e superamos no informe PISA a media da OCDE, salvo nunha asignatura. Polo tanto, estamos polo bo camiño, señor Leiceaga.

Agora ben, non lle oculto que vostede me deixou preocupado, porque me di que, ¡coidado!, o real decreto lei hai que convalidalo e que ao mellor o Partido Socialista co real decreto lei da oferta pública de emprego non está de acordo. E, en consecuencia, dime vostede: ¡coidado con esa seguridade xurídica! ¿En que quedamos, señor Leiceaga?, ¿hai seguridade xurídica ou non hai seguridade xurídica? Vostedes están a favor da oferta pública de emprego, logo ¿é que acaso non van convalidar a oferta pública de emprego de educación nas Cortes Xerais, señoría?

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor, señoría.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señor Leiceaga, a súa reacción é moi sorprendente. É como se lle dixeran —vostede díxomo hoxe—: busquen vostedes unha solución para non depender da irresponsabilidade da oposición; miren vostedes o que fan pero con nós non contén para calquera decisión responsable.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Leiceaga, isto non me parece axeitado que vostede mo diga aquí en público.

Por iso imos considerar que do mesmo xeito que se trabucaron na estiba acepten a oferta pública de emprego. Non xoguen, señoría, cos portos de España, ...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...coa economía española, coa economía galega, e non xoguen cos opositores da educación en Galicia e en España.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos mecanismos de financiamento adicional utilizados nos últimos anos

O señor PRESIDENTE: Pregunta do portavoz do Grupo Parlamentario de En Marea. Cando queira.

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días.

Grazas, señor presidente.

Señor Núñez, hoxe imos empezar dunha forma pouco habitual para vostede, comezando dándolle os parabéns porque o Consello da Xunta anunciou o xoves pasado que pedía un préstamo ao Fondo de Facilidade Financeira ás Comunidades Autónomas por valor de 1.191 millóns de euros, o que —tamén anunciou o Consello da Xunta— suporá un aforro para as arcas galegas de 112,5 millóns de euros. Así que parabéns por esa operación.

E a pregunta é: ¿por que non o fixo antes, nos anos 2012, 2013, 2014, 2015, cando os xuros eran moito máis elevados que neste momento e xa existían os mecanismos de financiamento de carácter público?, ¿por que non acudiu a eles previamente? Existían necesidades de financiamento por parte da Comunidade Autónoma e, polo tanto, podía acudirse ou ben aos mecanismos que poñía o Estado ou ben acudir á banca privada, podía acudir a un ou a outro. Agora decide acudir aos mecanismos públicos e no seu momento decidiu acudir á banca privada. ¿Cal foi a diferenza entre un momento e outro?

O Estado puxo á disposición das comunidades autónomas 216.000 millóns de euros durante ese período, dos cales Galicia soamente se beneficiou no seu momento de 6.000 millóns de euros, un 2,8 % do total.

Un informe elaborado, non por nós, senón polo Ministerio de Facenda, explica cales eran as vantaxes de someterse durante estes anos a un sistema ou a outro. Isto supuxo para as comunidades autónomas que asumiron o fondo de financiamento público fronte á banca privada un aforro de 44.000 millóns de euros en xuros con relación a ir á banca privada. Deses 44.000 millóns de euros, Galicia soamente se beneficiou en 126, é dicir, en menos do 1 % dese total de beneficio.

E nós seguimos preguntándonos por que e cal foi a razón de preferir unha forma que preferir outra. A gran pregunta, en primeiro lugar, que subxace aquí é: ¿por que o Goberno galego preferiu financiarse coa banca privada que non cos medios de financiamento público, cando a banca privada tiña uns tipos de xuro máis elevados que o que ofrecían os mecanismos de financiamento públicos establecidos polo Estado? Quereríamos saber cal é a razón desa cuestión.

E isto deu lugar, como demostra o propio informe do Ministerio de Facenda, a un sobrecusto para as arcas galegas de varios centos de millóns de euros. Varios centos de millóns de euros que se perderon para investimento nas persoas, para investimento en educación, para investimento en sanidade e para investimento en políticas de emprego que aínda estamos sufrindo no día de hoxe.

Soamente cabería unha razón política para pensar nisto, e era as condicións que se impoñían nos mecanismos de financiamento público con relación ás da banca privada. Pero, sen embargo, se acudimos á normativa estatal de financiamento do Fondo de Liquidez Autonómica, vemos que no caso de Galicia, como xa estaba cumprindo cos requisitos de condicionalidade financeira, xa non se lle ía pór ningún tipo de condición adicional. Polo tanto, non ía haber ningún tipo de condicionante que fixese gravoso acudir a ese fondo e non facelo na banca privada.

En consecuencia, a pregunta é moi clara, é saber por que acudimos á banca privada en vez de acudir aos fondos de financiamento público, por que tivemos que pagar este sobrecusto. ¿Canto nos custou a todos os galegos e a todas as galegas a súa operación de imaxe para dicir que Galicia non acudía ao fondo de financiamento público, señor Feijóo? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Reposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señoría.

Efectivamente, o Consello da Xunta, dende o ano 2015, acudiu ao Fondo de Facilitade Financeira. ¿Sabe por que, señoría? Porque se creou en 2015. Non podíamos acudir antes a un fondo que non existía.

Se vostede me pregunta por que non acudimos ao Fondo de Liquidez, dígolle que porque non estamos intervidos; porque queremos manter a tutela financeira da Comunidade Autónoma; porque non queremos que o Ministerio de Facenda nos diga a quen se paga, como se paga, en que orde e cal é o protocolo; porque queremos, señorías, seguir cumprindo o déficit público e mantendo a débeda pública, a máis baixa en crecemento dende o ano 2008 de España.

Por iso, señoría, sorpréndeme que vostede agora me diga que por que non pedimos o rescate, unha pequena pregunta que deberían vostedes de facela no ano 2009. ¿Sabe por que non pedimos o rescate? Porque non queremos ser rescatados. ¿E sabe o que ocorreu? Que fomos capaces de non ser rescatados durante todos estes anos. E hai dúas comunidades autónomas en España, quitadas as comunidades con cupo ou concerto, que son Canarias e Galicia. E por

iso sorpréndenos, señoría, que vostedes o que queiran é equipararnos ás comunidades autónomas que non poden pagar as nóminas, que non podían pagar os fármacos, que non podían pagar as pensións non contributivas e que pediron o rescate ao Goberno central.

Galicia, durante todo este tempo, pagou as nóminas, pagou as farmacias, pagou con normalidade aos provedores e non foi rescatada. Iso chámase autogoberno. Xa sei que para vostedes a súa ideoloxía é distinta en función da latitude xeográfica na que falan, pero nós cremos no autogoberno do país, señoría. ¿Por que? Porque cremos no noso país. E como o noso país cre en nós, nós non imos pedir o rescate de Galicia en ningún sitio. (*Aplausos.*)

Agora ben, señoría, se vostede me pon como exemplo as comunidades autónomas que acudiron ao FLA, poderame tamén poñer como exemplo a ratio de débeda pública que teñen esas comunidades autónomas e a ratio de débeda pública por habitante. Vostede, ¿que prefire?, ¿a situación de Valencia, de Andalucía, de Castela-A Mancha, de Murcia, de Baleares, de Cataluña, ou a situación de Galicia en termos de débeda pública e de débeda por habitante? Señor Villares, ¿cal é a súa proposta?, ¿ter a débeda pública de Andalucía en ratio por habitante?, ¿gústalle a de Murcia, a de Baleares, a de Cataluña?

Mire, señoría, vostedes no ano 2012, unha das súas líderes que agora está en Madrid, pois dicía: vostede, ao finalizar a campaña do ano 2012 acudirá ao Fondo de Liquidez. Si, señoría. Estamos no ano 2017, non acudimos ao Fondo de Liquidez. Acudimos ao Fondo de Facilidade Financeira porque so hai dúas comunidades que cumpren eses requisitos: Galicia e Canarias. O aforro que levamos neste momento xa co Fondo de Facilidade Financeira son 344 millóns de euros. Cando queiramos, saímos, e cando non, mantémonos; non hai ningunha condicionalidade. O resto das comunidades autónomas están sometidas aos criterios do Ministerio de Facenda.

Se a súa proposta, señoría, é ser como Grecia, é dicir, pedir o rescate á Unión Europea; nós non imos pedir o rescate ao Goberno central, porque Galicia de momento está en pé...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...estivemos de pé durante a recesión económica e, por suposto, imos estar en pé durante a etapa de crecemento.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas.

Señor Feijóo, ten aquí a normativa reguladora do FLA, tena aquí, e en ningún sitio pon que teña que estar un intervido para poder acudir a el. Non, non, en ningún sitio, tena aquí: BOE do 14 de xullo do 2012. Explique o artigo onde diga que fai falta estar intervido para acudir ao fondo, teno aquí, é ben fácil, se non o fai agora pode facelo na próxima intervención.

Mentres tanto, o que sucedeu aquí foi o seguinte: a Comunidade Autónoma de Galicia acudiu ao financiamento privado, por exemplo, en 2013, con tipos de xuro do 5,7 ou do 6,1 —é información do Banco de España do 29 de xaneiro do 2013—, mentres que no mesmo período os xuros que ofrecía o FLA eran do 3,91 %, é dicir, un diferencial de practicamente tres puntos, de maiores xuros que estamos pagando as galegas e os galegos agora pola súa inconsciencia, por non ter ido a un fondo de financiamento de carácter público, que existía naquel momento e polo cal non era necesario estar intervido. Polo tanto, poderían ter acudido vostedes dunha forma moito máis proveitosa para toda Galicia a este fondo.

Vostede non o fixo por unha razón: non quería acudir dicindo que non estamos intervidos. Pero é que a premisa do razoamento inicial era falsa, non había que estar intervidos para acudir a isto. ¿Por que temos que pagar un diferencial que supón un gasto adicional de centos de millóns de euros para que vostede fixera unha campaña de imaxe dicindo que non estamos intervidos, cando era de sobra coñecido que non estabamos, pero podíamos acceder igualmente ao Fondo de Liquidez? Esa é a pregunta que ten que contestar.

¿Sabe durante estes anos cantos millóns de euros necesitamos para que o saiba todo o mundo? Vostede acudiu a ese mercado con 7.000 millóns de euros de préstamos, pediu 7.000 millóns de euros de prestamos aos bancos, ¡7.000 millóns de euros aos bancos!, e podía coller eses 7.000 millóns de euros do FLA, cunha diferenza media de tres puntos. ¿Canto suporía ese aforro agora?, ¿cantas escolas poderíamos ter abertas agora se fose por iso?, ¿cantos hospitais poderíamos ter a maiores funcionado?, ¿cantas maiores camas de hospital?, ¿canto maior funcionariado traballando?, ¿cantas máis políticas activas de emprego?, ¿cantas máis políticas de inserción social?, ¿cantas máis políticas de emigrantes retornados?, ¿cantas máis políticas de igualdade para mulleres e homes? Todo iso se deixa de facer pola súa inconsciencia, señor presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Rolda de peche, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Señor Villares, ¿de verdade que vostede di aquí publicamente que as comunidades autónomas que acudiron ao FLA non estaban intervidas? ¿Non sabe que un dos mecanismos do FLA obrigatorio é que os pagos os ten que autorizar o Ministerio de Facenda? *(Murmurios.)* Ou sexa, que vostede considera que unha Comunidade Autónoma non está intervida a pesar de que non teña capacidade para pagar unha factura, e que ten que autorizar ese pago o Ministerio de Facenda.

¿Que ocorrería se nós pedísemos o rescate, señor Villares?, ¿cal sería a súa proposta en relación con este asunto? Señor Villares, o problema é que vostedes non teñen propostas. Cando vostede non estaba aquí e estaba noutro sitio, resulta que me dicían que había que baixar a débeda pública, pero cando aprobabamos os presupostos vostedes plantexaban emendas para incrementar a débeda pública, pero no mesmo acto, non se preocupe, ¡eh!

Como portavoz dese grupo das mareas de Podemos, vostede dixo na Cámara que antes se gastaba máis en igualdade, e eu demostreille que é falso. Vostede tamén dixo nesta Cámara hai

quince días que diminuíramos dous mil o número de efectivos en medicina, en médicos, mil os profesores, e agora acabamos de concretar o número de nóminas que estamos pagando: 86.818, señor Villares; exactamente o mesmo. Mire, de números a vostede aínda lle queda moito que avanzar, señoría, *(Interrupcións.)* aínda lle queda moito que avanzar. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señoría, as comunidades autónomas que acudiron ao FLA están intervidas, punto. Teñen que pedir autorización ao Ministerio de Facenda para facer os pagos da súa tesourería. Pregúntenllo ao señor Mas ou ao señor Puigdemont a ver o que lle din, señoría.

Señor Villares, con todos os respectos, nós o que lle pedimos ao Goberno de España, porque si estamos en parte de acordo coas súas aseveracións... Non se preocupe, señoría, espero que isto non lle reste credibilidade no seu grupo dada a gran confraternidade na que cohabitan. *(Risos)*. Digo, señoría, que como nós estamos de acordo en parte coas súas propostas lle dixemos ao Goberno: cree vostede un fondo para as comunidades que cumprimos, é dicir, sen ningún condicionante, e poder entrar cando nos pete. E iso, señoría, levounos de momento 344 millóns de euros de aforro.

Segundo, se vostede estudara un pouco como vai comportarse a débeda pública en Galicia, neste ano 2017 o 50 % do total da débeda pública en Galicia xa estará no Fondo de Facilidade, xuros cero. E ao finalizar a lexislatura estaremos no 70 % do total da débeda pública da Comunidade Autónoma no Fondo de Facilidade, xuros cero. ¿Verdade que vostede esas contas non as botou, señor Villares? Ese é o problema do que lle fai as contas a vostede, que lle conta unha parte e a outra parte das contas non lla conta. *(Aplausos.)* E cando as contas se converten en contos resulta, señoría, que son contos, non son contas.

Mire, señoría, ¿cal é o seu modelo? Dígame cal é o seu modelo por se acaso nos pode interesar. Cando vostedes gobernan nas comunidades autónomas incrementan o déficit público, incrementan a débeda e están intervidos. Si, señoría, están intervidos. É sorprendente que non fale cos seus maiores de Aragón, os seus maiores de Valencia, para que lle digan que están intervidos. *(Interrupcións.) (Murmurios.)*

Mire, en Cataluña a débeda, señoría....

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...a débeda son 74.000 millóns de euros, e a débeda por catalán son 9.890 euros; en Galicia, 3.900.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): A débeda por valenciano son 8.700; en Galicia, 3.900. En Baleares, 7.800 euros por cidadáns de Baleares; en Galicia, 3.900. En Castela-A Mancha, 6.800 euros por cada castelán; señoría, en Galicia, 3.900.

¿Que é o que me propoñen, señoría?, ¿que endebede a Comunidade Autónoma para pedir o rescate? Señor Villares, esa política económica sempre estará na oposición en Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Continuamos co punto terceiro da orde do día, proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego do servizo público de dragaxe portuaria e doutros espazos do dominio público marítimo-terrestre na comunidade autónoma de Galicia, así como a adquisición dunha embarcación de draga para esta finalidade

O señor PRESIDENTE: Debatenos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do señor Merlo Lorenzo.

A ela presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Montserrat Prado Cores, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir na parte resolutiva da proposición non de lei, despois da palabra «...adquisición...», o seguinte texto: «no presente ano 2017».)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Dolores Toja Suárez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia para que nun prazo máximo de tres meses proceda a:

1º) Elaborar un mapa que reflecta os portos con necesidades de dragaxe na Comunidade Autónoma de Galicia, así como un estudo sobre o xeito máis eficiente de acometer a resolución desas necesidades.

2º) Elaborar un plan que estableza as medidas, o orzamento, os prazos de execución, e os medios para solucionar as deficiencias existentes nos portos xestionados a través do ente Público Portos de Galicia, incluíndo, no seu caso, o eventual establecemento dun servizo de dragado portuario.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Merlo.

O señor MERLO LORENZO: Grazas, presidente.

Señorías.

Unha parte importante dos nosos portos, tanto dos da Mariña Lucense como do resto do litoral, padece un problema continuo, que é a falta de calado para o uso para o que foron concibidos, o que leva as embarcacións a ter dificultades de atracada ou partida, sobre todo cando estamos nos momentos de baixamar. Isto sucede, por exemplo, en moitos portos, pero no de Foz é un caso que se repite durante moito tempo. Isto leva incluso a que os puntos de amarre queden inservibles para calquera das prácticas habituais. É un problema que non é conxuntural senón que é un problema estrutural. Esta falta de calado afecta moitísimos portos que son competencia da Xunta en todo o litoral galego.

As actividades do país principais como son a pesca, pero incluso outras como a actividade náutica de recreo ou as actividades mercantís, estanse vendo afectadas moitas veces precisamente por esta falta de calado dos nosos portos, que requiren normalmente unha actividade continua de dragaxe dos mesmos que non se está a realizar moitas veces nos tempos e cos medios que serían requiribles polo tanto.

Neste sentido, numerosas confrarías de pescadores e outras asociacións profesionais do mar téñense pronunciado a prol dunha solución máis duradeira para atallar con rapidez, eficacia e economía de medios as necesidades de dragaxe dos nosos portos do litoral.

Outras comunidades autónomas en situacións semellantes á galega, pero incluso con menos espazo e menos portos das zonas de ría, como é, por exemplo, o Principado de Asturias, dispoñen de dragas de titularidade autonómica para atender estas funcións.

Ao longo dos seus 1.720 quilómetros de costa, Galicia conta con 129 portos. A Xunta de Galicia, a través do ente público Portos de Galicia, adscrito á Consellería do Mar, xestiona directamente 122 deles. Outros seis, de maior dimensión e interese xeral do Estado, dependen do Ministerio de Fomento e son xestionados por cinco autoridades portuarias, que son a de Vigo, a de Marín, a de Vilagarcía, a da Coruña, a de Ferrol e a de San Cibrao.

Con estes datos, tanto en canto á xestión directa como en relación cos portos xestionados polo Estado, o establecemento dun servizo público de draga que contase cunha embarcación dedicada a este cometido sería moi útil e economicamente rendible. Poderíamos incluso non soamente aforrar cartos á hora de realizar estas tarefas de mantemento e de draga, senón que tamén poderíamos incluso arrendar estes servizos a outras comunidades que o requirisen, co cal sería un investimento público que revertería nunha xeración de beneficios. Unha embarcación de draga destas características simplemente tería unha tripulación en torno a tres ou seis tripulantes, en función das características da mesma. Polo tanto, sería perfectamente rendible o mantemento da mesma ao longo do ano.

Polo tanto, e con base nestas cuestións, o Grupo Parlamentario de En Marea plantexa a seguinte proposición non de lei: «O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia ao establece-

mento do servizo público de dragaxe portuaria e doutros espazos do dominio público marítimo-terrestre na comunidade autónoma de Galicia e á adquisición dunha embarcación de draga con esta finalidade.»

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Merlo.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Moi bo día a todos e a todas.

Non son poucos os peiraos de Galiza e zonas das nosas rías con problemas de lamas e sedimentos que ocasionan dificultades: falta de calado, dificultades de acceder aos molles nos casos ou non poder entrar ou saír durante as mareas baixas, pantaláns practicamente inutilizados, portos impracticables en marea baixa, actividade totalmente condicionada pola presenza e incremento de lamas e area. E son moitas as demandas de solucións, moitas das cales se teñen debatido neste Parlamento, porque esta situación ten impacto sobre a actividade produtiva, na actividade dos mariñeiros, nas mariscadoras e tamén na actividade da práctica do deporte e no lecer.

Esta situación produce prexuízos económicos e ten como consecuencia tamén situacións de risco e inseguridade, pois podemos sen ir máis lonxe ver o que teñen que padecer no porto de Laxe cada vez que hai algo de temporal, que teñen que levar os seus barcos para Camariñas. Hai peticións de solucións desde as confrarías, desde os concellos, desde asociacións diversas e desde clubs náuticos de que se dea unha solución. Peticións de solucións para a ría de Pontevedra, a ría do Burgo, de Ferrol, os peiraos de Foz, de Laxe, de Ribadeo, de Viveiro, de Celeiro, de Burela. É dicir, estamos diante dunha cuestión que afecta unha parte importante. Son proxectos longamente demandados en moitos casos, e en moitos casos con estudos realizados, con partidas contempladas nos orzamentos, pero logo non efectivizados.

No BNG somos conscientes de que estamos diante dunha cuestión complexa. Son proxectos complicados aos que hai que aplicarles unha normativa exixente, e estamos de acordo con que hai que facelo, que as dragaxes teñen impactos ambientais, sobre o medio mariño, sobre a calidade das augas, sobre posibles afectacións sobre bancos marisqueiros, e que existen riscos de que as dragaxes poidan mobilizar substancias contaminantes, que poidan disolverse nas augas e afectar as zonas próximas, os bancos marisqueiros, a fauna doutras zonas, e que hai que realizar unha xestión rigorosa das lamas que se extraen.

É evidente que as dragaxes deben formar parte de proxectos integrais, que en moitos casos teñen que ir máis alá desa dragaxe e que deben ir acompañados de plans de rexeneración ambientais. Mais tamén cremos que debe ser compatible compaxinar a actividade económica coa protección ambiental, con ese coidado ambiental, que deben explorarse todas as posibilidades antes de levar a cabo as dragaxes. E unha vez concluído que para desenvolver esa actividade económica non hai outra solución que facer as dragaxes, pois cremos que hai que

atender esas demandas, que nos parecen que na maioría dos casos son razoables e xustas e que veñen motivadas polo grave prexuízo económico para o sector marítimo.

Polo tanto, apoiamos a iniciativa de que se hai que facer eses labores —e todo indica que hai demandas en moitas partes do noso litoral—, que se faga desde os medios públicos e desde a propia Xunta de Galiza cos seus propios medios.

Nós fixemos unha emenda no sentido de que se faga e que se faga nun prazo, porque aprobar aquí iniciativas ás que nin sequera se lles pon un prazo temporal, xa incluso poñendo prazo temporal logo non se efectivizan, pois que se faga, que se analice e que se faga, e que se faga neste ano 2017.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Bo día.

Debátese hoxe esta iniciativa nun momento moi propicio, porque estamos na primavera. E, como dicíamos onte, na primavera chegan as ilusións aos portos, que están esperando por estas dragaxes ano tras ano, primavera tras primavera, e non chegan. Por iso nós presentamos a nosa emenda, porque nos parece máis ben un tema de vontade política; un problema que, dependendo dos intereses, estas dragaxes teñen máis ou menos posibilidades de saír adiante, van ou non van.

Falamos onte xa aquí do porto de Espasante, que nos parece un problema gravísimo, porque —como dicíamos— incluso hai compañías de seguros que non cobren os barcos se están no porto de Espasante, e que ademais as boias tocan a area coa marea baixa e que non hai calado. Non hai calado suficiente nin sequera para que a grúa que estaba alí e os barcos teñan condicións de seguridade e estes poidan estar debaixo da grúa para o seu izado. As condicións son graves. E neste caso esta dragaxe está paralizada porque no ano 2014 parece que apareceu un castro, dende o 2014, por iso está isto paralizado.

Temos o tema de Laxe, que onte aquí se dixo que lle tiña moito afecto, que lle querían ao porto de Laxe. Eu penso que os mariñeiros e as mariñeiras non están faltos de amor, o que necesitan son solucións que lles garantan que van realizar as súas tarefas en condicións de seguridade. Iso é o que se pide. Dixo o señor presidente de Portos: «*Espero y deseo que el dragado de Laxe esté listo para este mismo año*». Nós tamén, pero é que os prazos xa non cadran, os prazos entre os vertidos que estiveron que se aquí que se alá non cadran. Pero o máis triste é que se está falando da dragaxe e ao final non se fala da solución definitiva para o porto e a praia. A dragaxe ao final é un parche que non vai levar a ningún lado. Pero mentres se fala diso non se fala doutra cousa, e ese é o problema.

Na ría de Pontevedra, porque dende o Grupo Parlamentario Socialista cremos que si que se precisa unha dragaxe na ría de Pontevedra duns cinco quilómetros no canal de navegación, porque esta é unha vella demanda do Club Naval, pois cada vez que baixa a marea parte das embarcacións quedan varadas. Ademais, dende as confrarías de Poio e Pontevedra reclaman que a obra podería servir para recuperar vellos bancos de marisqueo e rexenerar outros.

En Foz, setenta embarcacións esperando por unha dragaxe. Na ría de Ferrol, na ría do Burgo, etcétera, etcétera.

Por iso presentamos a nosa emenda, porque a nós nos parece máis ben un tema de vontade política que de medios; parécenos que non hai intención de dar solución a estas dragaxes, póñense escusas e esperas, e así van os prazos. E na nosa emenda o que establecemos, primeiro, é elaborar un mapa que reflecta os portos con necesidades de dragaxe na comunidade autónoma de Galicia, así como un estudo sobre o xeito máis eficiente de acometer a resolución desas necesidades. E no punto segundo, elaborar un plan que estableza as medidas, o orzamento, os prazos de execución e os medios para solucionar as deficiencias existentes nos portos xestionados a través do ente público Portos de Galicia, incluíndo, se é o caso, o eventual establecemento do servizo de dragaxe portuaria.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Bos días, señorías.

Grazas, presidente.

Señora Toja, nin escusas nin esperas, onte estivo aquí a señora conselleira e falou claramente deste tema.

Ben, o problema da falla de calado nos portos, como ben se expresou aquí, é un problema que vén moitas veces polo efecto das correntes, movementos provocados en moitas ocasións polos ríos, polos temporais. Pero non todos os portos en Galicia teñen este problema, moitos téñeno pero non todos os portos galegos teñen este problema.

Portos de Galicia é perfectamente consciente desta situación, está a levar a cabo actividades e proxectos para aumentar o calado en moitas dársenas. Por iso ten en marcha tramitándose moitas obras de dragaxe en máis dunha ducia de peiraos. Podemos citar aquí —como dixeron— Laxe, que é un dos que máis o pode necesitar nestes momentos, Foz, Campelo, Cariño, Vilaxoán, Ribadeo, e poderíamos citar aquí máis dunha ducia de peiraos, ademais dos que se fixeron xa en Foz —dúas dragaxes—, en Ribadeo, en Moaña no Con, Vilaxoán e Burela.

E a maiores das dragaxes tamén se fixeron obras concretas en zonas rochosas que teñen que ser voaduras e requiren outra actividade específica, non meramente a dragaxe. Por iso é ne-

cesario tamén en moitas ocasións falar do tema técnico e do trámite no que falou aquí tamén onte a conselleira. Os trámites neste tipo de obras son moi importantes, porque os que falan aquí —os voceiros dos diferentes partidos— saberán que a liña que existe entre unha obra de dragaxe e o respecto ambiental é moi fraca, é moi fina, pero non se pode incumprir ningún dos parámetros. Polo tanto, leva case dous anos de trámite en moitas ocasións cumprir todas as normativas ambientais para facer esas obras de dragaxe.

Pero por suposto que o Partido Popular e por suposto que a Xunta de Galicia están enterados e son plenamente conscientes deste tema e están traballando niso. Por iso saiban que o 95 % do tempo dunha obra de dragaxe é tramitación. Polo tanto, non é simplificar demasiado, parécenos moi simplista unha PNL que diga que unha embarcación de dragaxe podería solucionar o problema. Iso non soluciona o problema de dragaxe en Galicia.

Nós, o Partido Popular, presentámonos cun programa de pesca rigoroso e consensuado co sector. Tiñamos dous puntos importantes neste campo: un era facer un plan de dragaxe específico —que é o que se está facendo, e tramitando moitas obras— e outro era traballar a prol de axilizar a tramitación administrativa, que realmente ese é un dos grandes problemas que teñen as obras de dragaxe na comunidade autónoma, tanto na galega como noutras. Porque, xa que vostedes falan doutras comunidades autónomas, imos falar aquí un pouco da falta de rigor tamén desta PNL, porque non está adaptada á realidade galega.

En Asturias teñen dúas embarcacións de draga e non solucionan os problemas, están cuasi permanentemente traballando nas rías de Navia, de Pravia e de Ribadeo e non dan solucionado o problema. En Llanes os propios mariñeiros din que é un sistema que non é operativo, e aínda por riba teñen que contratar outras obras de dragaxe polas zonas que teñen pedras máis rochosas. É que non é un problema tan sinxelo como mercar unha draga. Se estivera adaptado a Galicia.... En Asturias teñen 18 portos e dúas dragas. En Galicia vostede pide unha embarcación de dragaxe, pero que entremos 122 portos dependentes de Galicia, da xestión autonómica. Polo tanto, en proporción, deberíamos polo menos ter 13 embarcacións de dragaxe para non facer agravios comparativos. Pero é que vostedes sempre fan cidadáns de primeira e cidadáns de segunda, e agora con esta PNL portos de primeira e portos de segunda, porque soamente se darían atendido todas as necesidades das que somos perfectamente conscientes no Partido Popular, no grupo parlamentario e na Xunta de Galicia, por suposto.

No País Vasco mercaron unha embarcación de dragaxe. Custoulles 10 millóns de euros, estivo dezaoito meses amarrada a porto e tiveron que vendela, subhastala, cun prezo de saída de 8 millóns de euros, pero ao final acabaron vendéndoa por 7 millóns de euros e non deron solucionado o problema. Polo tanto, se traen PNL copiadas e pegadas un pouco de exemplos de xestión doutras comunidades autónomas, pois mellor que sexan exitosas e que non sexan fraudes nin fracasos, porque o do País Vasco foi un despilfarro e foi un proxecto fallido. Nós xa temos o respaldo nas urnas, porque a xestión parece que vai ben, a do Partido Popular. Nós queremos copiar os casos de éxito, non os casos de fracaso, doutras comunidades autónomas.

Neste caso está claro que nos parece unha proposta irreal e de dubidosa rendibilidade en Galicia e, polo tanto, non a imos aprobar. Nós seguiremos apoiando un plan de dragaxe con-

creto e conforme as necesidades dos portos galegos e seguiremos traballando para axilizar os trámites desas obras, porque é verdade que a tramitación ambiental neste caso é complicada, pero hai que respectar o ambiente o primeiro, porque se, solucionando un problema, nos cargamos o outro, non avanzamos.

Polo tanto —insistimos—, temos estudado un pouco as emendas e as propostas do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, pero parécenos que unha cambia radicalmente a esencia desta PNL, polo tanto, nese caso, non aceptaríamos ningunha modificación. No caso do Bloque, cremos que é moi parecido ao que di En Marea e non nos parece un sistema efectivo; e, xa que fracasou noutras comunidades autónomas, non o podemos aceptar en Galicia.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Merlo.

O señor MERLO LORENZO: Moitas grazas.

Vamos ver, a dragaxe, as dragas teñen distintas capacidades, distintas tonelaxes, distintas capacidades extractivas. Evidentemente, hai diferenzas entre as características que teñen as embarcacións de draga e tamén hai diferenzas na capacidade de desenvolver certas cuestións. Polo tanto, o problema de Asturias é de moito máis calado que ese. Unha das dragas que adquiriu Asturias —se nos queremos meter nese tema— tivo serios problemas no seu deseño, foi defectuosa, estivo máis dun ano parada, etc. Pero, claro, non é un exemplo, iso é unha cousa que está mal feita. A cuestión que nós trasladamos aquí é que no Plan estratéxico que se presentou por parte do Goberno ata o 2020 si se contemplan moitas actuacións que poden derivar na utilización máis ou menos continuada de dragas.

Por outro lado, temos moi claro —como dicía a compañeira do Bloque Nacionalista Galego— que as dragas non son unha solución última a nada, son parte dunha solución. Sempre hai que seguir tendo en conta os informes medioambientais moi rigorosos, moi estritos, no marco da lexislación europea, respecto de cando é factible ou non e cando é posible ou non realizar unha draga. Non é dragar por dragar. Nós o que estamos plantexando aquí é que, efectivamente —como expón a súa señoría, a deputada Egerique—, temos que acometer moitas accións de draga. Estamos acometéndoas e acometerémolas. O custo está máis ou menos xustificado nese caso. Estamos falando dunhas dragas que, aínda que estiveran amarradas en porto oito meses ao ano, terían unha tripulación fixa de tres persoas. Non sería ese o problema.

De todos os xeitos, nesa liña poderíamos aceptar tanto a emenda do Bloque Nacionalista Galego como a emenda do PSdeG, pero fariámolo non como de substitución senón como de engádegas, engadindo os dous puntos que eles trasladan, que sería o de elaborar un mapa que reflecta os portos con necesidades de dragaxe na Comunidade Autónoma de Galicia, así como un estudo sobre o éxito máis eficiente de acometer a solución desas necesidades. En-

tendemos que esa é unha cuestión — polo que vostede traslada — que xa se está realizando, ese estudo, etc., co cal, sería aceptable tamén por esa parte. E tamén elaborar un plan que estableza as medidas de orzamento, dos prazos de execución e os medios para solucionar as deficiencias existentes nos portos xestionados a través do ente público de Portos de Galicia. E eliminaríamos a última parte do texto, porque se solaparía coas outras peticións que levamos na nosa proposta. Non teño moito máis que engadir nese aspecto.

Si quero reflectir e deixar claro que, evidentemente, non é o mesmo a problemática que hai na Mariña lucense, onde as dragaxes supoñen máis ou menos un mantemento para o calado deses portos, que si é unha cuestión que é factible e palpable e que non conleva estudos de impacto medioambiental negativo na maior parte das veces porque non hai lodos tóxicos nin nada diso, porque é mar máis aberto, etc., e outra cousa é a problemática das rías internas, que xa teñen uns problemas medioambientais importantes e nas cales, evidentemente, a dragaxe non é unha solución polo menos en primeira volta.

E nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Merlo.

Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre a execución pola Xunta de Galicia, no ano 2017, das obras do Plan de regadío da comarca da Limia

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Carlos Gómez Salgado, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que se segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a executar o máis cedo posible as obras da modernización dos regadíos da Limia conforme á resolución do órgano ambiental, previa tramitación da declaración de impacto das obras nas 4 comunidades de regantes de interese xeral.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Hoxe traemos esta iniciativa para exixir que se cumpra de inmediato co Plan de modernización do regadío da comarca da Limia, proxectado e prometido, como saben, dende hai moitos anos. Esta cuestión, a modernización dos regadíos, ten unha repercusión importante para a economía da zona e, de feito, hai declaracións nese sentido por parte de represen-

tantes de todos os grupos parlamentarios desta Cámara. Foi incluso declarada de interese xeral pola Lei 51/2007, do 26 de decembro, dos orzamentos xerais do Estado para o ano 2018. E isto é así, entre outras cousas, porque estamos ante unha das comarcas do noso país nas que o sector agrícola e gandeiro constitúe un dos piares fundamentais para o desenvolvemento local, e non só a nivel económico senón tamén a nivel social e a nivel cultural. De feito, é de sobra coñecido por todas —como dicía— a forte dependencia agrícola da comarca, xa que unha parte moi importante da poboación activa traballa no sector primario.

E malia a que, como dicía, en moitas ocasións se falou da necesidade de levar a cabo urxentemente estas obras, na práctica podemos comprobar de xeito moi doado como isto só foron promesas baleiras, sen ningún contido real en todos estes anos. E non nos imos remontar a moito atrás, pero por falar simplemente do ano 2011 —as promesas xa chegaron antes, pero xa en xaneiro de 2011— anunciábase o convenio marco de colaboración para a modernización de regadíos en Galicia, en concreto, os contemplados no Plan hidrolóxico nacional situados nalgunhas comarcas, entre as que, por suposto, se atopaba A Limia.

Este convenio firmábase entre o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño a través da Sociedade Estatal de Infraestruturas Agrarias e a Xunta de Galicia. E cando se firmaba este convenio aquí en Compostela, xustamente se celebrou como un gran avance, e anunciouse como as actuacións beneficiarían a cerca de 6.800 hectáreas. E falábase do ano 2015 como o horizonte para ter finalizadas estas obras. Sinalouse tamén que este convenio viña acompañado dun investimento xeral de 46,5 millóns de euros aportados polo Goberno central, pola Xunta de Galicia e pola Comunidade de Regantes. Cómpre incidir en que destes 46 millóns e medio o Ministerio asumiría o financiamento das obras nun 41 %, a Xunta de Galicia faríao nun 22 %, un 27 % proviría dos fondos Feder e só o 10 % proviría das comunidades de regantes; e ademais este 10 % amortizaríase en vinte e cinco anos.

Pese a isto, no ano 2012 pretenderon modificar estas cuestións para que os regantes asumiran o 25 % dos pagos nun pago único que, por suposto, dificultaba que moitos regantes puideran facerse cargo destes pagos. Isto, con todo, dicíase no ano 2011.

No ano 2014, ante a falta de desenvolvemento destas obras, o Goberno de Mariano Rajoy deu dous motivos ás preguntas que se formularon no Congreso pola paralización destas obras tan importantes: o primeiro dos motivos foi o de sempre, axuste orzamentario, dificultades presupostarias; o segundo motivo aludía xustamente á necesidade de que o desenvolvemento do dito convenio asinado en Santiago de Compostela tiña que facerse a través da elaboración de convenios específicos para cada actuación contemplada. É certo, isto é así, pero en todos estes anos —seis anos—, unha lexislatura e media do Partido Popular, ningún destes convenios se levou a cabo e o único que fixeron —baixo o noso punto de vista— foi pasarse a problemática entre o Ministerio e a Xunta de Galicia, bloqueando a situación e dificultando que se solventara.

Aínda que a promesa deste proxecto foi unha constante ao longo destes anos —como dicía—, cabe destacar que o ano 2015 —xustamente este ano, notábase que estaban preto as eleccións autonómicas— foi o propio presidente da Xunta de Galicia o que prometeu levar a cabo este proxecto; un proxecto que contaba con tres puntos de extracción de auga e que —cómpre

subliñar— presentaba un custo aproximado de 27 millóns de euros e un proxecto do que a día de hoxe só hai realizado un estudo que custou nada máis e nada menos que 500.000 euros.

Tamén a propia conselleira, a señora Ángeles Vázquez, e tamén no ano 2015, trasladaba en novembro a petición de novo do apoio do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente para financiar o Proxecto de regadío da Limia. As contradicións a estas declaracións de boas intencións chegaron nos orzamentos deste ano, cando dos 27 millóns de euros que din vostedes que se precisan, os orzamentos expansivos da Xunta de Galicia do ano 2017 deixan a gran cifra para o Plan de regadíos de todo o país de 1,5 millóns de euros, dos cales unha terceira parte é xustamente para elaborar o proxecto. Como vemos, as cifras non cadrán, e non estamos dicindo nós as cifras —como facía referencia—, os millóns de euros que se necesitaban foron ditos polo propio Goberno.

Temos que dicir, ademais, que a situación é insostible porque se dá o feito insólito de que mentres a Xunta de Galicia incumpre os seus compromisos, as autoridades públicas non teñen ningún reparo en sancionar ano tras ano os regantes con multas de elevados importes e que van subindo cada ano. A Xunta de Galicia non cumpre cos seus compromisos pero, por unha parte, non ten ningún problema en permitir que a Confederación Hidrográfica si que vaia sancionando ano tras ano os agricultores da zona, que, literalmente, teñen que andar escapados para regar, porque, obviamente, non están collendo auga para enriquecerse, collen auga para regar e para poder subsistir do seu traballo.

Por todo isto, a emenda do Partido Popular non nos parece aceptable como está formulada porque as palabras «executar o máis cedo posible» son de novo para nós promesas baleiras. Para nós isto non chega, queremos un compromiso, un compromiso con datas e un compromiso con orzamentos. E sabemos que van ampararse na necesidade de elaborar un impacto medioambiental. Nós estamos de acordo, por suposto, en que se avalíe este impacto, o problema é que non queremos permitir que este se empregue como excusa. Por iso pensamos que un ano é máis que suficiente para elaborar este informe e poder comezar as obras sen maior demora. E cómpre lembrar o documento ambiental que se elaborou para a modernización sostible do regadío da Comunidade de regantes da alta Limia no ano 2012, onde se concluíu —vou ler literalmente—: «Os impactos negativos xerados polo proxecto son menores e, en todo caso, perfectamente previsibles e corrixibles. Este feito, unido ao aforro de auga e á diminución da contaminación que o proxecto conlevaría, permite avaliar o proxecto ambientalmente como de balance final netamente positivo. Isto amosaba a urxencia e a necesidade do proxecto tamén dende o punto de vista medioambiental, xa que manter a actual situación comporta serios riscos e compromete a práctica dunha agricultura sostible e eficiente». Isto dicíase no ano 2012. Cinco anos despois a situación é a mesma, é inaceptable dende moitos puntos de vista, e tamén dende o punto de vista medioambiental.

E cómpre salientar que na comisión de seguimento —que se reuniu en novembro— dicían que o proxecto medioambiental estaba avanzado e que nos próximos meses —isto dicíase en novembro, ou sexa, os próximos meses supoño que estarán moi preto de chegar— ían trasladarlle á Consellería de Medio Ambiente este informe de declaración medioambiental. Entón, por iso nós non nos podemos amparar neste informe; cremos que se pode poñer unha data concreta. E, de feito, nós pensamos que isto xa chega demasiado tarde para toda a co-

marca da Limia. Por iso nós hoxe queremos saír con prazos, cun compromiso orzamentario en firme, real, e que apostemos realmente pola comarca da Limia porque as promesas, as palabras, as declaracións de intencións non valen nada, e moito menos despois de todos estes anos que se levan escoitando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Popular, señor Gómez Salgado.

O señor GÓMEZ SALGADO: Grazas, presidente.

Señorías.

Señora Quinteiro, alégrome de que traia aquí esta proposición porque realmente para o Partido Popular e para a Consellería do Medio Rural acometer as melloras de regadío na comarca da Limia supón unha actuación estratéxica de enorme importancia, tanto para o desenvolvemento socioeconómico da zona como para a potenciación do sector agrogandeiro desta comarca.

Estas infraestruturas de rega, efectivamente, son un pilar fundamental na profesionalidade e na competitividade. En definitiva, falamos unha vez máis das persoas, dos galegos e das galegas que queren e viven no campo. E, efectivamente, señora Quinteiro, dende o 2003, que se executou a primeira fase do Plan de rega na Limia, nos concellos de Xinzo, Xunqueira de Ambía e Sandiás, levamos tempo agardando polas seguintes fases de modernización. Outras catro comunidades de regantes, as de Corno do Monte, Alta Limia, Ganade-Lamas e Sabucedo, nos concellos de Xinzo, Porqueira e Trasmiras, están agardando por esta fase, que non será a última, xa que aínda quedarán na Limia as comunidades de Trasmiras, Sarreaus, Val de Ouro e Fointoiro. Estamos a falar, como ben saben e como ben se pode comprobar, dunha das comarcas agrícolas e gandeiras máis importantes do noso país.

Neste exercicio 2017, co fin de avanzar nos distintos trámites imprescindibles para poder iniciar as obras o antes posible, a Xunta de Galicia consignou no orzamento da dirección xeral 1.559.666 euros, que non son para as obras, evidentemente, que cómpren moitos máis cartos, senón, señorías, para levar a cabo todas aquelas actuacións técnicas previas para a axeitada execución das obras da infraestrutura da rega.

Señorías, quixera pór en destaque que nos últimos tempos a Consellería non deixou de traballar para pór en marcha o Plan de regadío; tal é así que a finais do 2016 se creou o Comité de Seguimento dos Regadíos, presidido polo director xeral de Desenvolvemento Rural, que a día de hoxe xa se leva reunido en tres ocasións. A finalidade deste organismo é a de poder controlar en primeira instancia as distintas actuacións a levar a cabo e ser punto de encontro e vía para chegar a acordos entre todos os interesados, como son os concellos afectados de Xinzo de Limia, Porqueira e Trasmiras, as comunidades de regantes, o corpo técnico da Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural e Adegal, que é a Asociación de Gandeiros e Agri-

cultores da Limia. Esta comisión —coido eu— é unha garantía en si mesma da consecución do obxectivo.

A día de hoxe, señorías, está en marcha a tramitación da declaración de impacto ambiental das catro comunidades e a elaboración dun novo proxecto patrimonial adaptado á normativa vixente; trámites necesarios para a execución da modernización dos plans de regadíos como paso previo á exposición pública da documentación ambiental e á licitación das obras, que virá despois. Neste mesmo mes, terá lugar o traslado do organismo de avaliación ambiental para a súa exposición pública e a pertinente recolla de alegacións, ao mesmo tempo que se remata a elaboración dos proxectos técnicos de obra civil, a corrección de coordenadas dos piezómetros da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, nas condicións actuais, a xustificación hidrográfica, etc.

Todos eles son trámites obrigatorios que teñen os seus procedementos e os seus tempos. Agardamos que o proxecto sexa sometido a exposición pública nos vindeiros meses, para, unha vez superados todos os atrancos ambientais e contando coas autorizacións pertinentes da Confederación Hidrográfica, se poidan asignar os preceptivos convenios coas comunidades de regantes e proceder á licitación das obras.

Señorías, deste xeito, o 2017 é o ano chave, sen dúbida ningunha, e dende a Consellería do Medio Rural estanse a poñer todos os medios para comezar a executar no menor tempo posible as obras, quizais neste mesmo ano a modernización do regadío da Limia; obras que se licitarán tan pronto como se superen os mentados expedientes, aínda que, certamente, non podemos fixar unha data con exactitude.

Señora Quinteiro, non podemos apoiar a súa proposición tal e como está plantexada porque non é posible, como estou dicindo, recoñecer e coñecer con exactitude os tempos que vai levar a tramitación dos expedientes, as alegacións e as resolucións das alegacións que se precisan para licitar e comezar as obras. E, non queremos —e estou seguro de que vostedes tampouco— enganar a ninguén, nin aos limiaos, nin aos galegos, nin, por suposto, aos membros desta Cámara, votando a favor de algo que é certamente improbable ou que ten unha alta probabilidade de que non se resolva nos prazos dos que estamos falando.

É intención da Consellería, por suposto, que en 2017 se comece con esta licitación e con estas obras, e propoñémoslle, neste caso, unha emenda de substitución, condicionada basicamente ao prazo de 2017 para a conclusión dos informes técnicos para a licitación e comezo das obras.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Gómez Salgado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Bo día.

Falamos hoxe de infraestruturas fundamentais para o desenvolvemento socioeconómico dunha comarca terriblemente castigada; era terriblemente castigada hai dez anos e séguese

sendo hoxe. E o retraso constante na modernización dos regadíos só fixo contribuír a empeorar esa situación e a perder un tempo de ouro para garantir a súa viabilidade. Cando falamos dos regadíos, falamos tamén dun elemento fundamental para a diversificación produtiva dunha das comarcas máis rendíbeis desde o punto de vista económico do sector agrario, pero que ten unha debilidade evidente, por todos e todas coñecida, na dependencia da pataca e do cereal, algo que nun contexto como o que ten agora mesmo a pataca, coa problemática da couza, nos preocupa aínda moito máis.

Desde o nacionalismo sempre defendemos esta cuestión, levámola a todos os parlamentos e organismos nos que tivemos representación política, e insistimos en que era fundamental a planificación do regadío e a súa modernización e extensión a máis comunidades de regantes como unha aposta estratéxica, tanto para potenciar ese potencial agrícola e gandeiro como para o desenvolvemento da comarca como tamén —hoxe que estamos, se mal non recordo, no Día Internacional da Auga— para fomentar un instrumento de xestión ambientalmente sustentable da auga que compatibilice usos sociais, usos agrícolas e usos económicos e ambientais da auga; unha cuestión de tremenda importancia tamén no contexto actual, onde estamos pasando un ano de pouca chuvia e de falta de auga.

Non en balde, hai que recordar tamén, ao fío desta cuestión, as moitas veces que desde o nacionalismo galego temos insistido na necesidade de racionalizar o marco político de xestión da auga e de reclamar unha confederación galega para o Miño, o Sil e o tramo galego da parte galega do río Limia. Isto ten moito que ver con isto, porque, cando pedimos, non practicamos abstraccións políticas, senón que falamos de poñer alternativas sobre a mesa que facilitarían esa xestión. Falaba a señora Quinteiro das multas, pero podemos falar tamén das xestións administrativas e de como un sistema artellado absolutamente de costas á realidade social e xeográfica do noso país só fai prexudicarnos.

Centrándonos na cuestión dos regadíos, cómpre facer historia e falar do Bipartito, digo eu. Xa que falamos tanto dese satánico Bipartito, pois, miren por onde, o Bipartito tiña un proxecto estratéxico para A Limia, e apostou con orzamentos e con negociación política por todo o que ten que ver con estes regadíos.

Falaba no comezo da miña intervención de que hai dez anos A Limia estaba castigada, e a día de hoxe tamén escollín ese abano temporal de hai dez anos, porque foi no 2007 —e estamos en 2017— cando comezou o convenio marco 2007-2013. Indo a feitos concretos, chama poderosamente a atención que precisamente no ano 2009 o Goberno bipartito deixou orzados sete millóns para esta cuestión e deixou feita unha negociación política que fixo que en febreiro de 2009 o convenio marco xa estivera aprobado por Seiasa del Norte, quedando só pendente de aprobación do Consello da Xunta para proceder á súa sinatura. Pero, ¡oh, sorpresa!, os sucesivos consellos da Xunta, que xa foron do Partido Popular, do seguinte goberno, non executaron esta cuestión. Entón, os señores do Partido Popular tomaron posesión en abril de 2009 e nada fixeron sobre esta cuestión, malia insistencia desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, que reiteradas veces presentou proposicións, preguntas e suxestións para saír dese atasco.

Polo tanto, ¿que credibilidade pode ter para nós a palabra do Partido Popular nesta Cámara sobre a cuestión dos regadíos? Pois, descúlpenme, pero ningunha. Polo tanto, nós alegrá-

monos de que En Marea non acepte a súa emenda, porque pensamos que é un mero brindado ao sol, e votaremos favorablemente esta formulación.

É francamente frustrante revisar o traballo político da miña organización nesta materia e, de feito, gustaríame citar a Tereixa Paz —a quen admiro profundamente e que traballou moito polo miúdo nesta cuestión—, que dicía en 2010, precisamente nun debate dunha proposición deste grupo político, que os regadíos, se non se aprobaba esa xestión que quedaba en 2009, serían a primeira das vítimas da austeridade do Partido Popular, e, lamentablemente, vemos, anos despois, que tiña moita razón.

A espera da avaliación ambiental —xa se dixo aquí— non pode ser unha desculpa máis. En 2010, a desculpa era a afectación da zona ZEPA, era a xestión dos fondos europeos, cando o retraso era imputable unicamente á Xunta de Galiza e, polo tanto, máis palabras para condenarnos dez anos máis a que esta cuestión siga en *stand by*.

Polo tanto, nada máis pola miña parte.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Presidente, señorías, bos días.

Se onte pola mañá asistíamos, por así dicilo, á parte teórica do desenvolvemento das políticas do mundo rural, das políticas agrogandeiras, hoxe temos unha grande oportunidade, agora mesmo, con esta iniciativa que se trae aquí ao hemiciclo, de facer as prácticas. Onte falabamos moito dos posicionamentos de cada grupo, de como estaba o mundo rural, do que se debería facer, de cales eran as liñas a seguir, e hoxe temos unha clase práctica ou un elemento práctico para desenvolver esas liñas mestras e ver o apoio cara ás demandas do mundo rural. E podémolo facer nunha comarca moi emblemática, como é a da Limia, nun tema que, desgraciadamente, vai collendo cada vez máis carta de natureza no noso país, como son os regadíos, e nun sector tan mediático, importante e estratéxico como é o da pataca.

Polo tanto, o movemento amósase andando, e con esta iniciativa hai unha boa oportunidade para potenciar o rural, demostralo e amparar o medio ambiente. Se non se aproba esta iniciativa, a lexislatura do rural empeza con mal pé en temas de calado, e este non cabe ningunha dúbida de que é un tema de gran calado no mundo rural.

Desde finais de 2007, cando o regadío se declara de interese público dende o Goberno central, as reivindicacións sobre a posta en marcha da modernización do regadío da Limia son unha bandeira que se axita continuamente como unha necesidade inaprazable. Hai que recordar que o proxecto de modernización do regadío foi desenvolvido mediante sinatura de convenio en xaneiro de 2011, como xa se dixo aquí, entre o Goberno de ZP e a Xunta de Alberto Núñez Feijóo.

Con posterioridade, a Xunta iniciou un proceso de modificación de porcentaxes para a aportación dos regantes, como non podía ser menos, premendo no peto deses mesmos regantes. Desde esas, o Goberno de Raxoi deixou decaer o tema por falta de interese e o Goberno galego mantense no nivel de promesa continua ata o día de hoxe. De nada serven as continuas mocións aprobadas por varios concellos da zona nin a aprobada por unanimidade na deputación provincial, todas dirixidas ao Goberno da Xunta, e todas caen no caixón do olvido.

A posta en marcha deste regadío faise imprescindible, como todos sabemos, por unha serie de circunstancias e, ademais, é inaprazable. En primeiro lugar, os regantes están en condicións de rego precario e dun alto consumo, tirando a bomba de rego no río, no cauce, abrindo pozos, sempre coa ameaza de sancións, nunha situación de alta exposición ás sancións do Seprona, da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, ou mesmo de ter que prescindir do rego por imperativo legal, o cal sería dramático para o sector produtivo da zona e para esa comarca.

En segundo lugar, está a degradación do medio natural polo sistema do rego, substanciándose nun despilfarro de recursos hídricos que acaban provocando zonas de seca durante o verán, e resultando así o río máis castigado da provincia e mesmo de Galicia, cuestión que non é baladí e habería que solventar. E, en terceiro lugar, para mellorar o rendemento deses sistemas de rega, optimizándoa, e facer un uso sostible da auga.

Por estas e outras causas faise imprescindible e inaprazable a posta en marcha deste regadío, que será un forte respaldo ás políticas favorables para o medio rural, do mesmo xeito que o rexeitamento da posta en marcha desta iniciativa vai supor un novo paso atrás no proceso de abandono do rural, nunha comarca que ve con angustia o futuro polas ameazas sobre o cultivo senlleiro e a falta de regadío, que o pode potenciar ou non.

Por iso, por estas razóns e por outras moitas, consideramos que a iniciativa debe saír adiante e nós, por suposto, o Grupo Socialista, imos apoiar, como apoiamos nos concellos ou na Deputación Provincial, estas iniciativas para sacar adiante o regadío da Limia, que é tan necesario.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas.

Primeiro, agradecer o apoio do Grupo Socialista e do Bloque Nacionalista Galego. Moi boa apreciación a do señor Quiroga, que moitas veces se ve aquí moita contradición entre a teoría, entre o que dicimos, entre o que dixo xustamente onte a conselleira e o que comentou hoxe o portavoz do Partido Popular, e despois a práctica.

Como xa adiantei na primeira intervención, nós o único que queremos é que este proxecto se leve adiante, pero o que non queremos facer é un acto de fe.

Déixenme que lles diga —tamén o comentou a señora Presas— que as súas palabras xa non valen nada despois de todos estes anos, porque foron moitas veces as que prometeron e prometeron que ían levar a cabo este proxecto e a día de hoxe seguen sen ser realidade.

Dito isto, dende En Marea por suposto que estamos dispostas a chegar a un acordo, por suposto que si, pero, como dicía, o que queremos é que o plan se execute canto antes. Por iso estamos dispostas incluso a ampliar o prazo proposto. Se non queren que poña 2017, que poña mediados de 2018, pero queremos unha data, e queremos unha data porque máis dun ano para elaborar un informe parécenos tempo máis que dabondo.

O problema, baixo o noso punto de vista, non é o informe medioambiental, o problema é unha falta de vontade política, porque, como xa dixen na miña primeira intervención e vouno repetir, na reunión que tivo lugar en novembro do ano pasado a Comisión de Seguimento e Coordinación dos Regadíos da Limia constatou que nos últimos meses se avanzou na redacción das declaracións de impacto ambiental das catro comunidades de regantes, e que nos vindeiros meses —isto dicíase en novembro— darase traslado da declaración de impacto ambiental á Consellería de Medio Ambiente para que proceda á súa exposición pública. ¿Ata mediados de 2018 non chega para facer isto, de verdade que non? E vou volver repetir: no 2012 non estaban preocupados sobre as cousas prexudiciais que non levar a cabo esta obra traía para o medio ambiente; agora isto parécenos unha escusa, porque realmente non cremos que ese sexa o verdadeiro problema.

Se desde esta comisión están dicindo isto, que está moi avanzado, poñan un compromiso real, de verdade. Non poñamos 2017, pois poñamos mediados de 2018, pero poñamos unha data, porque a xente da comarca da Limia non pode seguir esperando.

Entón, para nós é fundamental que esta data sexa inamovible e que nos orzamentos do ano que vén a partida orzamentaria sexa moito máis elevada. Un millón e medio de euros para todo o país parécenos unha cifra ridícula, diríamos que case insultante, cando as declaracións están falando de 27 millóns de euros, de 46 millóns e medio de euros e nós poñemos 1 millón e medio de euros. Isto é absolutamente irrisorio.

Entón, non lle dean a volta, saiamos hoxe cunha data límite, porque, se non, pensaremos que o que fan é unha marabillosa propaganda electoral, pero amosarían unha incompetencia absoluta á hora de acometer a realidade na mellora destes regadíos. Sexan consecuentes, non deixen afogar as persoas da Limia. Se queren apostar polo rural, aposten tamén pola mellora destes regadíos, porque esa será a mellor forma de apostar polo rural.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Se fan algunha transacción, fariannola chegar. Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Go-

berno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa oferta pública de emprego para o ano 2017

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista —é unha autoemenda— e outra do Grupo Parlamentario Popular.

(O G.P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Juan Manuel Díaz Villoslada, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 5676).

Emenda de modificación:

Na parte resolutiva da iniciativa débese substituír o contido do punto 2º polo seguinte texto:

2º) Dirixirse ao Goberno central para ditar cantas medidas urxentes e, se proceder, extraordinarias, sexan precisas co fin de que a oferta de emprego público non estea sometida a ningunha taxa de reposición de efectivos, e de que instrumente un programa de consolidación de emprego na Función Pública de 3 anos que reduza de xeito progresivo o nivel de precariedade, de xeito que poida situarse por baixo do 3 % dos efectivos de cada consellería, recuperando así Galicia a súa autonomía para o deseño das políticas de servizo público.)

(O G.P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa do deputado Jacobo Moreira Ferro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei, 5676 (10/PNC-000481).

Emenda de substitución:

Débese substituír o punto 2 da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«Dirixirse ao Goberno central para ditar cantas medidas urxentes e, se proceder, extraordinarias, sexan precisas co fin de que a oferta de emprego público non estea sometida a ningunha taxa de reposición de efectivos co fin de reducir o nivel de interinidade nos servizos públicos autonómicos do actual 14 %, inferior ao 20 % da media estatal, ata o 8 %».)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si, grazas, señor presidente.

Bo día, señorías.

Chantaxe política, caos, alarma, confusión, irresponsabilidade, esperpento, filibusterismo parlamentario, proceso kafkiano... O dicionario esgótase cos cualificativos que tanto as organizacións sindicais como os propios estudantes de oposicións, partidos políticos, comunidades autónomas afectadas, veñen empregando para definir as actuacións do Partido

Popular en relación coa oferta de emprego público de 2017. O emprego público, os servizos públicos, en definitiva, señores do Partido Popular, non merecen este trato.

¿Pero cal é a radiografía da situación, máxime escoitando algunha das palabras que esta mañá o señor Feijóo, en resposta ao noso voceiro, formulaba tamén nesta cuestión? A radiografía é desgraciadamente fácil de obter, porque, como dixemos xa nalgunhas iniciativas presentadas nesta Cámara, tanto neste pleno como en comisión, entre xullo de 2012 e xullo de 2016, que é un último dato publicado polo propio Rexistro Central de Persoal do Ministerio, en España perdéronse 167.000 empregos públicos. Segundo a Comisión Europea, España estaba en 2012 entre os dez países da Unión Europea, como ben saben, cun menor gasto en emprego público sobre o PIB, un 43 %, e a partir de 2012 o Partido Popular reduciu este gasto ao 38 %.

O 25 % do conxunto estatal de funcionarios xa ten máis de 50 anos. Entre 2007 e 2015 por cada dez funcionarios que causaron baixa definitiva só se incorporou un. España presenta a taxa de temporalidade en emprego público máis alta da Unión Europea, coa única excepción de Polonia. Isto incluso o observa o Instituto de Estudos Económicos.

En Galicia incrementouse un 50 %, como xa temos apuntado en varias ocasións, a contratación temporal, pasando de 10.000 contratos en 2011 a 15.000 contratos en 2015.

De 2010 a 2015 —non nos cansaremos de observar este tema— perdéronse 1.500 efectivos en I+D en Galicia —datos do INE—.

O cadro de postos estruturais de 2011 a 2015 perdeu 3.000 prazas estables na Xunta de Galicia —datos da propia Consellería de Facenda—.

Galicia é a quinta comunidade autónoma, fronte ao que esta mañá comentaba o presidente da Xunta, en redución de emprego público no período 2010-2016, un 5 % de redución, fronte á media en España do 3,7 %. O 40 % do emprego público corresponde a efectivos de sanidade e educación. Galicia é líder en redución do salario dos empregados públicos no período 2013-2016 —aí si que sempre fomos líderes—. E conforme os datos da EPA do cuarto trimestre de 2016, que xa tamén utilizamos nalgunha ocasión, a temporalidade do emprego público en Galicia sitúase no 24,5 %; é dicir, un de cada catro traballadores públicos en Galicia é temporal; en España a media sitúase no 22,8 % —por certo, falar de temporalidade non é falar de taxas de interinidade—, polo que poderíamos chegar á conclusión de que 22.000 empregados públicos na nosa comunidade autónoma teñen situación de temporalidade.

¿Pero cal é a cronoloxía de toda esta confusión? Primeiro, prometen a recuperación dos servizos públicos a carón das previsións de crecemento dos orzamentos de 2017. Na Conferencia de Presidentes asúmense compromisos coa oferta de 2017 e a redución das taxas de temporalidade. O ministro Montoro, e en cascada o Goberno galego, chantaxea con vincular as ofertas de emprego público á aprobación dos orzamentos do Estado. Moitas comunidades autónomas renuncian, precisamente por toda esta situación, a presentar ofertas para 2017. O País Vasco, non obstante, aproba a súa oferta de emprego. Sindicatos, opositores, afectados por toda esta situación, partidos políticos e outras organizacións indicámoslle case dende

un primeiro momento ao presidente da Xunta que a oferta de emprego público en Galicia podía aprobarse cos orzamentos prorrogados de 2016 para 2017.

O señor Feijóo anuncia incluso neste pleno duplicar a oferta prevista para o Sergas con 1.600 prazas se hai acordo en Madrid cos orzamentos xerais. Nova chantaxe. Non obstante, o conselleiro de Educación —creo que con máis mesura— concreta, na mesa sectorial do día 2 de marzo, unha oferta de 1.043 prazas educativas. O propio día, nese pleno, o conselleiro de Facenda, non obstante, sinala que están á espera de certeza xurídica. O director xeral da Función Pública, na Comisión 1ª, di que todo vai en prazo. O portavoz do Goberno e ministro de Educación avanza o pasado venres un decreto lei que desbloquea a situación.

Señores do Partido Popular, aquí e en Madrid, ¿darán máis voltas con este tema, porque xa está ben realmente de marear?

Señor Feijóo, porque esta mañá fixo alusión a estas cuestións, saben e sabían que os orzamentos de Galicia, xa publicados no *Diario Oficial*, poden aprobar a oferta de 2017 conforme a normativa da prórroga orzamentaria, que lles temos lembrado en máis dunha ocasión. Tanto a Lei xeral orzamentaria como a propia Lei de orzamentos prorrogados de 2016 contemplan esta posibilidade. Señor Feijóo, señores do Partido Popular, saben e sabían que, ante calquera dúbida, podían acudir ao anunciado recentemente decreto lei, igual que o fixeron para recortar os servizos públicos en 2012.

Por certo, os recursos do Goberno central cos que ameazan dependen dunha decisión tamén política, non é un automatismo burocrático. ¿Impugnaron, como dicíamos anteriormente, acaso a oferta que vén de aprobar o País Vasco?

Por iso nós demandamos que nas ofertas de emprego público de 2017 se supriman as taxas de reposición, porque lembremos que as taxas de reposición, aínda que sexan o 100 %, unicamente operan sobre o conxunto de baixas definitivas do exercicio inmediatamente anterior; é dicir, unha taxa de reposición do 100 % nunca recupera todo o servizo público perdido entre os anos 2012 a 2016. Por iso é absolutamente necesaria e reivindicamos e exiximos na nosa iniciativa a supresión das taxas de reposición.

E, en paralelo, é absolutamente necesario contemplar un programa de consolidación de emprego que reduza as taxas de temporalidade —que non de interinidade, que só é unha modalidade de contratación— ao 3 % a tres anos. Se crecemos o 3 % do PIB nestes tres anos, dous-tres anos, recuperamos polo menos ao mesmo ritmo as taxas de emprego estable nos servizos públicos.

Por suposto, suprimir as taxas de reposición non supón en ningún momento non ter en conta os teitos de gasto. Temos teito de gasto, temos compromisos de déficit. Deixemos as comunidades autónomas, deixemos a Galicia que teña outra vez autonomía para deseñar as súas políticas de emprego e de servizos públicos.

Señores do Partido Popular, se non teñen maioría suficiente no Congreso, como se vén de comprobar estes días tanto co Decreto de estiba ou onte coa Lei mordaza —da que, por certo,

nos podemos enorgullecer suficientemente—, deixen de chantaxear e busquen acordos sinceros pola recuperación dos servizos públicos. Se o 30 de marzo van publicar un decreto lei para desbloquear, como veñen bloqueando, a oferta de emprego de 2017, eliminen as taxas de reposición. Aí si que será absolutamente fácil encontrar os necesarios acordos parlamentarios.

Preocúpame que se estea anunciando unicamente o desbloqueo das taxas de reposición ou, mellor dito, da oferta de emprego público, no ámbito da educación. ¿Iso que significa? ¿Que imos seguir chantaxeando, bloqueando a posibilidade de recuperar e de poñer en marcha ofertas de emprego noutros ámbitos, como a sanidade ou a xustiza? Porque temos a impresión de que se vai circunscribir a este sector.

Por iso nós estamos a solicitar, máis que a solicitar incluso a exixir, a través desta proposición non de lei e de todas as iniciativas que xa temos presentadas anteriormente, en primeiro lugar, que por parte do Goberno galego se ditén, sen máis demora, todas as medidas necesarias para aprobar dunha vez a oferta de emprego de 2017, non só de educación. E, en segundo lugar, dirixirse ao Goberno central, como establecemos na nosa propia emenda, para que elimine as taxas de reposición e estableza un plan de consolidación de emprego público a tres anos que reduza esta situación e estas taxas ao 3 % dos efectivos nos diferentes departamentos.

Moitas grazas, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Grupo Parlamentario Popular, señor Moreira.

O señor MOREIRA FERRO: Grazas, señor presidente.

Moi bos días.

Nós plantexamos esta iniciativa, unha emenda creo que bastante ambiciosa, bastante clarificadora, sobre cal é o posicionamento do Grupo Popular, na que buscamos tamén acadar a eliminación das taxas de reposición de efectivos para reducir o nivel de interinidade nos servizos públicos autonómicos do actual 14 %, inferior ao 20 % da media estatal, para reduci-lo ata o 8 %. E o Grupo Socialista, nun feito novidoso, canto menos novidoso, formula unha emenda á proposta do Grupo Socialista. Eu penso que o Partido Socialista se emenda a si mesmo, algo que, visto como está o patio do Partido Socialista a todos os niveis, pois, sendo novidoso, ¡home!, non nos deixa de sorprender, señor Villoslada.

Nós ofrecémoslle un obxectivo ambicioso. Estamos tamén de acordo en loitar por eliminar as taxas de reposición, pero un obxectivo ambicioso coa nosa emenda de baixar ao 8 % a taxa de temporalidade. Vostedes, nunha carreira emendándose a si mesmos, pois din: pois máis aínda, o 3 %. Señor Villoslada, creo que hai que ser serios, hai que dar certezas, hai que dar seguridade, e nós propoñemos este obxectivo a través desta emenda.

En Galicia a taxa de reposición de efectivos acada o límite máximo que permite a Lei de orzamentos estatal. Así, e logo de superar unha taxa de reposición do 0 % nos anos de 2012 a

2015, estableceuse para o ano 2016 unha taxa de reposición de efectivos ata un máximo do 100 % en determinados sectores prioritarios e ata un máximo do 50 % nos sectores non prioritarios, sempre que se respectaran as dispoñibilidades orzamentarias do capítulo 1.

A Xunta preveu ofertar neste ano —e así se dixo— tres mil prazas de emprego estable para reforzar os servizos públicos, nomeadamente sanidade, educación e servizos sociais. As últimas novidades, xa por todos coñecidas, apuntan a que o Goberno está estudando unha fórmula, vía decreto lei, para que se poida convocar a oferta de emprego público en tres ámbitos, entre eles educación. E dende o Grupo Popular pois valoramos esta decisión do Goberno como unha moi boa nova, moi boa nova, para os opositores de educación, que precisan de certezas e precisan de seguridade xurídica ante un proceso selectivo.

E, en segundo lugar, porque Galicia está preparada para cando se aprobe o decreto lei, e ao longo dos últimos meses a Consellería preparou todo o proceso no ámbito da súa competencia para ter todo listo unha vez que se desbloqueara, como parece que así vai ser, a situación a nivel nacional. A Xunta determinou as especialidades e fixou o número de prazas a convocar, un total de 1.043 en educación, polo tanto, o 100 % das taxas de reposición.

E hai comunidades, como Asturias, como Extremadura, como Castela-A Mancha, como a Comunidade Valenciana, que non convocan oposición mentres isto non estea claro; son comunidades autónomas non gobernadas polo Partido Popular; e, polo tanto, creo que o que hai que facer é dar aos opositores certezas e seguridades para que o seu proceso selectivo saia adiante con todas as garantías.

Por outra banda, estabilidade. Durante a crise Galicia foi a comunidade que máis estable se mantivo durante todo o seu período en número de efectivos; a baixada foi do 0,5 %, mentres que a media de comunidades autónomas foi do -1,2 %.

E, neste senso, non é certa a perda de empregos estables que cita, porque estamos nas mesmas cifras de efectivos practicamente na Administración autonómica que no ano 2008, e mesmo incluso lle podemos dicir que ata temos ata corenta efectivos máis públicos en sanidade e en educación; e estes son datos non do Partido Popular, senón do Ministerio de Ffenda.

En materia social tamén houbo avances. Creáronse en 2015 151 novas prazas, todas elas ocupadas, destinadas a aumentar nas categorías e nos centros con maior carga de traballo as posibilidades de desfrutar dos días de asuntos persoais sen estar condicionado por necesidades de servizo, e, ademais, tamén houbo avances no eido de conciliación familiar e laboral.

E fala vostede de que existen menos cartos para sanidade e para educación que antes da crise. Iso é falso, señor Villoslada. Estamos nun nivel de recursos orzamentarios comparables aos dos anos 2008 e 2009, pero sen trampas, ¡eh!, sen trampas. Polo tanto, hai que excluír as liquidacións negativas que aínda temos por pagar: 600 millóns practicamente en 2008 e 1.500 millóns ao longo de 2009; cousa que hai que pagar porque no seu momento non se recoñeceu a crise.

En definitiva, señoría, nós imos propoñer esta emenda. No caso de que non a admitan, si pediremos a votación por puntos, para apoiar o punto primeiro, pero creo que —insisto— a nosa emenda é bastante ambiciosa. Nós estamos para dar certeza, para dar seguridade, non para prometer cousas que non se poden garantir, e, polo tanto, creo que ese obxectivo é bastante ambicioso, imos insistir nel e, polo tanto, solicitámoslle que acepte esa emenda e votaremos a favor da súa proposta.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Moreira.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Cambiáronmo sobre a marcha. Pois entón, señora Rodil. Pero non mo comunicaron.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Ben, grazas, temos que repartir un pouco o traballo entre todas.

O señor PRESIDENTE: Paréceme ben.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: O de que non se poidan prometer cousas que non se poden garantir deberían telo pensado vostedes en decembro cando lanzaron a idea das oposicións, e aínda está por ver que finalmente sexan convocadas.

Tamén é certo que onte coñeciamos ese anuncio por parte do Goberno do Estado español de que vai aprobar pola vía do decreto lei ou facer viábel cando menos a oferta pública de emprego. Semella que en Madrid percibiron que a reacción social e política ás súas chantaxes non lles funcionaba todo o ben que pensaban e que a Rajoy o que lle toca agora é tentar facer amigos; creo que, ademais, foron as verbas que el usou no Senado; a ver como lle vai explorando esa vía da conduta social ao presidente do Goberno español.

Vaia por diante, en todo caso, que o Bloque Nacionalista Galego apoiaremos a iniciativa presentada polo Partido Socialista. Xa nos comentarán despois se aceptan a emenda do Partido Popular ou optan polo 3 % que propoñen vostedes na súa propia emenda.

O que si nos parece é que esta iniciativa trae ou pon enriba da mesa un debate importante, directamente vencellado á calidade dos servizos públicos, que está en grande medida relacionado con esas taxas de reposición, que foron usadas, como temos denunciado xa en máis dunha ocasión neste Parlamento, como un recurso para destruír postos de traballo pola vía da amortización de prazas vacantes, o que provocou unha forte redución dos cadros de persoal públicos.

O señor Moreira eu non sei de onde saca vostede os datos, porque o Instituto Nacional de Estatística, a partir precisamente dos datos e da información que declara o propio Ministerio

español de Educación, o que recolle é unha perda de mil cincocentos docentes aquí na Galiza nos últimos anos. Non sei se nos pode vostede aportar unhas cifras diferentes ás que recollen as propias informacións oficiais.

Caso da educación, pero caso tamén dos propios cadros de persoal na sanidade pública. De feito, onte mesmo o señor Rueda presentaba diante da Valedora do Pobo un informe, a partir dese goberno aberto —non sei como lle chaman—, do Portal de Transparencia da Xunta de Galiza, onde a maior parte das queixas presentadas polas persoas usuarias da Administración estaban vencelladas directamente á falta de persoal na administración pública, e de novo son datos propios recollidos pola propia Administración da Xunta de Galiza, e curiosamente de novo a área que recollía maiores queixas, segundo o propio informe, era a Consellería de Educación, Cultura e Ordenación Universitaria.

Vemos que non lles acaban de casar ben as súas propias cifras co relato de que se manteñen os cadros de persoal e que non houbo ningún caso nos últimos anos de recorte pola vía da amortización de prazas, que, como dicimos, está directamente vencellada a esas taxas de reposición.

Nós entendemos —e como se formula tamén na propia proposición non de lei— que, se lles mercamos o discurso da recuperación económica, que nos repiten aquí en innumerables ocasións, esas taxas de reposición deberían desaparecer, como se solicita na iniciativa, sobre todo para ir permitindo a recuperación desas prazas destruídas nos últimos anos e restituír a atención de calidade nos propios servizos públicos, sobre todo perdendo ou facendo dalgunha maneira que se reduza esa carga de traballo que actualmente recae en cadros de persoal —xa digo— cada vez máis minguados.

Nós estamos completamente de acordo —xa o comentaba o voceiro do Partido Socialista, o señor Villoslada— en que precisamente esa taxa de reposición do 100 % é un engano, e eu non sei se facemos trampas a nós mesmas no solitario, porque simplemente se cobren as vacantes pois por exemplo por xubilación, pero non permite a ampliación dos cadros de persoal recortados por exemplo a partir do ano 2012 coa fixación nalgunhas áreas do 10 % da taxa de reposición.

As propias centrais sindicais, nas mesas de negociación que se teñen aberto por exemplo en materia de sanidade, tamén nas conversas que houbo a respecto da oferta pública de emprego en materia de ensino, unha das cuestións que poñen enriba da mesa é a necesidade de recuperar os cadros de persoal que se foron reducindo nos últimos anos. Nós cremos que o que se recolle nesta proposición non de lei é precisamente esa vontade tamén expresada —xa digo— polas organizacións sindicais que representan os propios cadros de persoal.

Como anécdota, nestes dezasete segundos que me quedan, a min paréceme ben curioso que cando formulan as súas propias emendas non perden o seu espírito de recalcar que o 14 % da taxa de interinidade que reina en Galicia é menor ao 20 % da media estatal; simplemente como anécdota, porque non deixan de ser vostedes si mesmos, nin sequera cando formulan as súas propias emendas.

Máis nada, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Grazas, presidente.

Bueno, cen palabras da intervención do representante do Partido Popular e por suposto do señor Feijóo, que, como sempre, nos amosa que é o número un en retorcer datos. O problema é que os datos temos todos acceso a eles, e todas, e, entón, polo tanto, pois o Grupo de En Marea, evidentemente, vai apoiar esta iniciativa do Grupo Socialista.

Primeiro, porque pensamos que a administración pública —non soamente o Grupo de En Marea, senón que cremos que é algo extensible a toda a sociedade— foi un dos sectores máis afectados polos recortes e que, ademais, é precisamente dos que máis inflúe na vida e no benestar da xente, e que estes recortes afectan non soamente a unha diminución dos servizos públicos senón tamén a calidade dos ditos servizos e neste caso na Administración galega.

É moi curioso os datos da temporalidade que amosou o señor Feijóo, que volveu replicar aquí o deputado do Grupo Popular e por suposto xa tamén en comisión, como dicía o señor Villoslada, porque claro, é que se se empeza a falar de datos e se exclúen... (*Interrupcións.*) (*Murmurios.*) —¿Pasou algo?—...

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Non, non, non percibín un gran ruído. Saben que iso —perdoe un momento—... Señor Romero, non entre nisto, por favor. Estou eu aquí para dicir o que teño que dicir. Eu sei controlar moi ben o tempo. A atención concítase; ese non é un tema no que teña que entrar eu. No que si teño que entrar é en se hai murmurio na sala. Eu non o percibín. En todo caso, si que se debe gardar un respecto a quen está no uso da palabra. Niso si que estou de acordo con todo.

Polo tanto, prosiga, señora Santos, cando queira.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Si, imos falar desa suposta taxa de temporalidade que din que temos das máis baixas de España. A verdade é que, tendo en conta que a temporalidade do cuarto trimestre de 2016 en Galicia é dun 24,5 %, cando en 2013 era un 18,5 %, e se incrementa a temporalidade nun 33 % en tres anos, e a media do Estado é un 22,8 %, claro, se non sabemos distinguir —nin o propio presidente da Xunta— entre persoal laboral, temporal, eventual ou como queira chamarse, ou como queiran vostedes denominalo, e persoal funcionario interino, pois claro, os superxestores jé que teñen unha calculadora...! Debe ser que Bárcenas, Sanchís e todos os tesoureiros do PP deben afectar ao final incluso a institución, cando despois resulta que xa se terxiversan tanto os datos que xa non se sabe nin do que falamos e se intentan colar así desta maneira, que é un insulto á nosa intelixencia.

De feito, segundo datos do Ministerio de Facenda, porque tamén falan das restricións que veñen dadas nos municipios pola lei Montoro, que é un ministro do Partido Popular —non é ministro da oposición, é ministro do Partido Popular—, desde xullo de 2009 ata xullo de 2016, a Administración pública galega perde 2.188 empregados públicos. Temos a sorte de que temos uns empregados públicos tan responsables que a Administración seguiu funcionando e deu un servizo de primeira calidade a todos os cidadáns, que é o que valora nesas enquisas a xente e o que lles está salvando a cara.

Do ano 2009 a 2016 o número de profesores reduciuse nun 69,01 %, un 69,01 % en sete anos —datos do Instituto Galego de Estatística—. Nos próximos cinco anos vanse xubilar en Galicia 3.000 docentes, porque o 40 % dos profesores xa teñen máis de 50 anos e é algo que non se pode invertir. Polo tanto, se non se aproba unha boa taxa de reposición e non se fan unha boas ofertas de emprego, imos chegar a estas datas cun grave problema no ensino público. Claro, a vostedes non lles importa porque non é o seu sistema; pero o noso si, polo tanto, a nós preocúpanos moito.

A caída do persoal docente non universitario para os anos 2009–2016 foi de máis de 1.500 profesores, tamén un 70 % da destrución total deste emprego. Ademais vemos o dato de que, sen embargo, sobre todo pola crise —por esa crise que o señor Feijóo dixo que fora tan positiva—, resulta que tiveron que volver ás aulas para procurar formarse e acadar un futuro mellor miles e miles de persoas. Tamén segundo o Instituto Galego de Estatística, aumentaron o número de matriculacións un 198 % entre os anos 2010 e 2016, pasando de 4.802 alumnos a 14.330 alumnos nos últimos seis anos.

Veñen coas excusas de que non se poden aprobar as ofertas de emprego pola conxuntura estatal e polo presuposto estatal. E como xa se dixo —pero o repetimos para que quede claro—, viuse que mentiron, que están facendo unha chantaxe para aprobar os orzamentos e facer presión política cunha cuestión como son estes servizos públicos, que son de primeira necesidade para todos e para todas.

Non escoitan porque é obvio que lles dá igual porque vostedes xa van á privada, ¿entón que problema teñen? O problema é que dende En Marea non queremos uns servizos públicos para cidadáns de primeira e para cidadáns de segunda. Nós non temos ningún problema nin coa educación concertada nin coa privada, porque iso está dentro da liberdade de cada cidadán ou cidadá, que vaian onde queiran, pero os...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora SANTOS QUEIRUGA: É que se me cortou, pero aínda me queda un anaco, que estaba calculando, ¡así que...!

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdoe...

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...estaba pendente do cronómetro, señor Santalices, así que sexa ecuánime.

O señor PRESIDENTE: Non, non, perdoe. Se alguén está pendente do reloxo son eu, e está vostede... Ese reloxo vai subindo, ¿eh?, non vai baixando.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Pois eu tamén estaba pendente...

O señor PRESIDENTE: Son 59 segundos por enriba do tempo.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...tamén estaba pendente.

O señor PRESIDENTE: Bueno, remate, remate, señora deputada.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Tranquilidade.

O señor PRESIDENTE: Non, eu estou tranquilo.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Polo tanto, o que quero dicir é que para nós non é que haxa que fortalecer o sistema público, para nós é o sistema. Un Goberno responsable que quere igualdade de oportunidades e que non existan desigualdades nin cidadáns de segunda, é o que debería impulsar. Pero como o Partido Popular ten un modelo elitista, propio da súa ideoloxía, por iso non quere apoiar esta iniciativa. Nós, por suposto que si a imos apoiar. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Santos.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Díaz Villoslada. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)*

Non, non, eu non escoitei ningún insulto. Non, perdoe, primeiro teño que lle dar a palabra, é o Regulamento. Ten que pedir a palabra e eu teño que lla dar. Non, non, perdoe, por enriba de todo está o Regulamento. Vostede fala cando eu lle dea a palabra, e para iso hai que pedila. Eu non escoitei aquí ningún insulto. Non, non, non vaimos a isto de sempre. Se hai un insulto, díganome nese momento, e eu comprobarei se iso é certo falando co deputado que vostede me sinala. Isto xa pasou outra vez nese grupo. Entón, como non quero que pase, se alguén se sente insultado, que mo diga nese momento e que sinala o deputado que o insulta, e eu formularei esa pregunta. Pero non me vale iso de «me han insultado». Sinala a quen a insulta, e imos deixar isto claro.

Non, non, dígame o nome. *(A señora Santos Queiruga pronuncia palabras que non se perciben.)* Pois a Paula Prado preguntareille se a insultou.

¿Insultou vostede? *(Negación.)* Non hai insulto, non hai insulto, non. Non, non hai insulto, porque se ela dixera algo tería oportunidade de rectificar. *(Murmurios.)* Non vaimos ao que non é.

Señor Díaz Villoslada, perdoe esta interrupción e vaia coa súa proposición non de lei.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas, señor presidente.

Antes de nada, agradecer o apoio dos grupos do BNG e de En Marea a esta proposición non de lei, porque creo que, se todos xuntos somos capaces de apostar polo emprego público, todos xuntos seremos capaces de recuperar a calidade dos servizos públicos.

Señor Moreira, quen se está emendando todos os días nesta materia, e noutras tamén, pero nesta especificamente, é precisamente o Partido Popular. Dende primeiros deste ano o presidente da Xunta, o ministro de Facenda, o ministro de Educación, o conselleiro de Facenda, o conselleiro de Educación, intervención tras intervención, son emenda tras emenda en materia de se convocamos ou non convocamos a oferta de emprego, se só vai ser para educación, se vai ser con taxa sen taxa, o 100 % ou non 100 % etc.

Neste sentido, eu creo que teñen que ter un pouco máis de rigor, e sobre todo deixar de utilizar —insistimos— este xogo político ou esta chantaxe política cando están en xogo os servizos públicos, e en Galicia, seguramente, máis de quince mil persoas preparando as oposicións. Por iso, nese sentido, creo que debemos ser todos máis serios á hora de falar do emprego da xente.

Congratulámonos de que incorporen na súa emenda a posibilidade de eliminar as taxas de reposición. Nese sentido, nós estaríamos encantados de transaccionar se, á parte da supresión da taxa de reposición, somos todos capaces de asumir ese compromiso —que nós formulamos a tres anos— de reducir as taxas de temporalidade. E como ben dicía tamén a señora Santos, e creo que a señora Rodil, non utilizemos determinados indicadores como os que reflicten o conxunto da situación, e cando falamos da taxa de interinidade, á que vostedes se suxeitan, estamos utilizando unha taxa moito máis interesada ou positiva para o Goberno que o que é realmente a taxa de precariedade no emprego público, que é a taxa de temporalidade. Por certo, é unha taxa que publica a EPA, é dicir, non é unha taxa oficial, son os datos do cuarto trimestre do 2016 aínda, que son os que nos están dando a taxa de temporalidade no emprego público.

Os datos aos que me refería sobre a perda de empregos estables, é dicir, cadro de persoal, son datos publicados pola propia Consellería de Facenda, non son datos que saquemos da manga os grupos parlamentarios, senón que son os datos oficiais que publica a Consellería de Facenda. Por certo, esta é unha cuestión que eu creo que temos que mellorar entre todos, a información que se publica de emprego público por sectores en Galicia, para poder ter ben esa radiografía en cada momento. Por iso insistimos nestas cuestións.

Preocúpame un tema que dicían anteriormente, e non observei ningunha contestación ao respecto. Se o decreto lei anunciado para o día 30 é soamente para desbloquear Educación, ¿que pasa co resto do sector público? ¿Que pasa, sobre todo —e polo que agora nos atinxe tamén e logo se tratará —, co sistema de saúde e os postos do ámbito da Administración de xustiza, porque esa é unha cuestión que me parece que vai quedar sometida a novos xogos políticos.

Nada máis pola miña parte. A transacción á emenda presentada polo Partido Popular tería o contido que acabo de formular.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Prezas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa memoria histórica

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, señor presidente. Bo día.

Dicía unha muller de Carril, Carmen Meaños, «A Carrilla», unha frase que a min sempre me conmoveu: «As que pasaron, as que quedaron, iso ninguén o sabe.»

A Carmen Meaños, «A Carrilla», matáranlle o pai os falanxistas, os fascistas de Vilagarcía, o 15 de agosto de 1936, e a súa nai, traumatizada por ese feito, acabou encerrada e morreu no manicomio de Conxo. Foi tamén unha vítima, como o foi tamén Carmen, os seus irmáns e os seus tíos e tías.

Polo tanto, o que quere dicir esta frase de Carmen Meaños, «A Carrilla», é que o sufrimento, a dor das vítimas, no rematou no 1936, non rematou no 1939, durou durante todo o franquismo e aínda permanece hoxe. Por iso vivimos unha anomalía, estar nun réxime que se di democrático, nunha monarquía constitucional, cun pasado aínda non resolto, nin na transición, na que houbo ese pacto da amnistía e da amnesia, nin despois.

Un pasado incómodo, polo menos un pasado incómodo para algúns e para algunhas que aínda seguen tendo e exercendo os seus vencellos co franquismo. Pero, sobre todo, é un pasado doloroso; un pasado doloroso para as vítimas e para as súas familias. Un pasado que pesa coma unha lousa sobre a conciencia e a ética das persoas que teñen sentimentos democráticos e sobre a calidade da propia democracia, porque non nos cansaremos de dicir que non se pode construír unha democracia digna de tal nome sobre o esquecemento e sobre o silencio das persoas que loitaron por que hoxe teñamos un réxime que, aínda que imperfecto, é un réxime de liberdades e democrático.

Pois houbo moitas persoas que foron asasinadas por iso, que foron perseguidas por iso, que foron humilladas, aldraxadas, violadas, por loitar por isto. Polo tanto, é de xustiza ter esa homenaxe, ese recoñecemento e esa reparación a todas esas vítimas. O que temos é unha ausencia absoluta de políticas públicas da memoria, tanto en Galiza como no Estado en gobernos do Partido Popular, polo tanto, responsabilidade do Partido Popular.

Isto non o di o BNG —que tamén o dicimos—, dio o informe independente do relator da ONU para os dereitos humanos Pablo de Greiff, que no ano 2014, despois dunha visita no ano 2013 ao Estado español e de entrevistarse con todas as instancias relacionadas con esta materia, fixo un informe demoledor, poñendo en evidencia a ausencia desas políticas públicas da memoria que el considera que se deben centrar, basicamente, na defensa do dereito

á verdade, á reparación, á xustiza e á garantía de non repetición. Eses son os principios que inspiran ou que deben inspirar as políticas públicas da memoria segundo o relator da ONU para os dereitos humanos.

Estamos falando, polo tanto, de políticas que teñen que ver con dereitos fundamentais das persoas, non son políticas culturais, non son políticas de actividades, de divulgación, ten que ser unha política central do Goberno.

Aquí en Galiza houbo unha vez unha política da memoria, concretamente no período 2005-2009, non sei se lles soa. Houbo un goberno comprometido coa memoria histórica e con políticas que foron arrasadas, que foron desmanteladas despois, polo Goberno do Partido Popular do señor Feijóo, e póñolle só dous exemplos.

O proxecto Nomes e voces, que o propio relator da ONU pon coma unha magnífica experiencia que se debería estender a todo o Estado, de investigación sobre as vítimas do 1936 e do tempo que veu despois. Ou o proxecto arredor da illa de San Simón como «Illa da memoria», por non falar de moitas outras cuestións.

E houbo tamén avances dunha lei, a Lei da memoria histórica do Estado, que a nós nos parece que foi unha lei pouco valente e pouco ambiciosa pero que tivo algúns pequenos avances, que tamén está sendo sistematicamente incumplida e sometida ao máximo abandono por parte do Goberno do Estado do Partido Popular, que tamén desmantelou eses avances.

Polo tanto, nós, independentemente de que haxa outras cuestións, como por exemplo a celebración do Día de Galicia mártir, que será obxecto dunha iniciativa específica, ou a cuestión do pazo de Meirás, que tamén está sendo obxecto de debate, e pensamos que merece un debate específico tamén neste Parlamento, o que propoñemos aquí é unha política pública integral de memoria histórica que ten que ter carácter transversal, que ten que ter o máximo rango institucional, que entendemos que debe depender da Presidencia ou da Vicepresidencia do Goberno, que se debe tamén concretar na aprobación dunha lei galega de memoria histórica e que debe permitir esta política exercer o dereito á verdade, por exemplo, creando unha comisión da verdade, que ten que ser independente e plural, de carácter oficial, e que ten que estudar as vítimas en sentido amplo. Tamén esas vítimas como Carmen Meañes, «A Carrilla», e toda a súa familia, que sufriu durante décadas esa dor, ese silencio, ese esquecemento. Eu creo que non hai unha dor máis grande dunha persoa que non tivo nin sequer oportunidade de levarlle flores a un familiar a unha tumba porque está sepultado nunha fosa común ou porque está sepultado nas augas da ría de Vigo. Non hai unha dor máis grande ca esa.

Polo tanto, tamén a creación dunha oficina de atención ás vítimas do franquismo, a reactivación do proxecto Nomes e voces e a creación dun arquivo público da memoria, aproveitando todo ese caudal de estudos e de datos que recompilou ao longo de catro anos o Proxecto nomes e voces, que despois vostedes asfixiaron e afogaron ata que o fixeron desaparecer.

Tamén pensamos que hai que ter unha política específica a respecto das persoas desaparecidas, que se contan por centos. E non só galegas, senón que aquí están tamén desaparecidas

moitas persoas de orixe asturiana e doutros territorios do Estado das que as súas familias nin sequera tiveron a oportunidade de recuperar os seus corpos. Hai que recuperar ese convenio co Instituto de Medicina Legal de Galiza para facer tamén realidade ese dereito.

Outra cuestión é todo o que ten que ver co dereito á xustiza, e neste sentido nós pedimos a derogación da Lei de amnistía do ano 1977. Esa lei da amnesia, esa lei do esquecemento, porque supón deixar fóra da lei e da persecución legal violacións graves dos dereitos humanos, crimes de guerra e de lesa humanidade que van en contra, ademais, dos acordos internacionais asinados polo Estado español como, por exemplo, o Pacto internacional de dereitos civís e políticos do ano 1977, que é anterior á propia Lei de amnistía e, polo tanto, que está por riba desta lei.

E tamén acabar —isto parécenos tamén especialmente relevante— coa permisividade e impunidad da apoloxía e da exaltación ou propaganda do golpe militar e da ditadura que se está dando todos os días neste país, (*Aplausos.*) e que é algo absolutamente intolerable que non se pode permitir. Polo tanto, pensamos que hai que prohibir as actividades. Aínda vimos onte unha manifestación falanxista increpando o ex-presidente da Generalitat de Cataluña. Iso parécenos absolutamente que... ou a Fundación Franco, porque non imos falar xa de todas estas cuestións.

Outra cuestión é o dereito á reparación de todas as vítimas non incluídas na lexislación vixente e instar á anulación de sentenzas ditadas por tribunais franquistas por motivos ideolóxicos, políticos ou de crenzas. Parécenos que son sentenzas absolutamente ilegais, ilexítimas e que non poden seguir permanecendo así como están na historia e na documentación oficial, para infamia das vítimas, ou, mellor dito, para infamia do propio réxime e dos que o defenden hoxe.

E, por último, o que ten que ver coas garantías de non repetición, pensando tamén no futuro. Porque hai que aprender da historia, hai que coñecer a verdade, hai que saber o que pasou, para transmitir eses valores —estamos falando non dunha mirada nostálgica cara ao pasado, senón de reivindicar ideais e valores de persoas que loitaron pola xustiza social, pola liberdade, pola democracia e pola solidariedade, por Galiza—, porque son importantes para construír hoxe unha sociedade máis xusta e máis democrática.

Polo tanto, cremos que hai que traballar desde a Xunta de Galiza pola eliminación de todos os símbolos, monumentos conmemorativos e de exaltación do golpe de Estado. Temos que promover a anulación de honores, distincións e recoñecementos. Aínda hai catro días acaban de suprimirse e eliminar recoñecementos ao ditador, que seguía sendo alcalde perpetuo e presidente de honra de institucións galegas. Desde a Xunta de Galiza hai que velar por que iso desapareza, igual que outros xerarcas do réxime. E, en fin, hai que facer o Mapa da memoria que manda a propia lei estatal; hai que escavar as fosas; hai que facer programacións escolares para divulgar eses valores que teñen que ver cos dereitos humanos e de estudo da represión, a resistencia e a solidariedade. E nós cremos tamén que, polo seu simbolismo, hai que recuperar esa idea de San Simón como espazo central da memoria democrática, da resistencia, da solidariedade e da loita pola liberdade en Galiza. O que vostedes fixeron despois do período do Bipartito foi borrar de toda a programación —da pouca que hai de San

Simón— todo o relacionado coa memoria histórica —si, señor Pazos—, e mesmo nas visitas turísticas que organiza o Concello de Redondela se exclúe calquera mención ao que alí pasou. Ocúltase sistematicamente. Fíxose desaparecer a exposición que estaba alí: «San Sillón, a illa da memoria», e moitas outras cuestións, para convertela non na illa da memoria, senón na illa do esquecemento, que é no que converteron vostedes a illa de San Simón.

Polo tanto, estamos falando de memoria histórica, estamos falando dunha obriga ética e política prioritaria que non se pode adiar, que non se pode postergar por outras causas que nos poidan parecer máis urxentes ou máis rendíbeis, porque ten que ver —como dixen— con cuestións do presente e do futuro...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Estamos falando do recoñecemento e da homenaxe, da reparación a persoas que loitaron pola democracia. Estamos falando do exercicio da xustiza coas vítimas e coas súas familias. E o que lle pedimos ao Partido Popular —e diríxome especificamente aos representantes do Partido Popular— é valentía; pedímoslle coraxe; pedímoslle que rompan definitivamente co pasado, con ese pasado incómodo; que rompan amarras; que saian do armario da historia; que saian do armario do franquismo, porque iso sería, realmente, unha mostra de normalidade...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...de fortaleza democrática e tamén de lexitimidade...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...para a democracia.

Temos que acabar co esquecemento. Dixo Sara Gallardo, unha historiadora andaluza: “O fascismo tivo moitas formas de matar, unha delas foi o silencio”. Efectivamente...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...o silencio e o esquecemento tamén son unha forma de matar. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Burgo.

A señora BURGO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi bos días, señorías.

A defensa da memoria das vítimas do golpe de Estado, da Guerra Civil e da ditadura franquista, o seu recoñecemento, a súa dignificación, a súa reparación, é para os socialistas

dende sempre un compromiso ético e ideolóxico, (*Aplausos.*) porque nós consideramos... (*Aplausos.*) Si, éo porque consideramos que a nosa democracia non pode de ningunha maneira construírse dende o esquecemento dos máis débiles, dos vencidos, dos represaliados, dos asasinados. De todos aqueles homes e mulleres que deron a súa vida para defender as ideas da liberdade, da democracia, da igualdade. De todos os que loitaron contra Franco e de todos aqueles que sobreviviron, que puideron gardar a súa vida, pero que foron durante decenas de anos mortos en vida. Porque é destas persoas, señorías, das que estamos falando; porque son estas persoas, señorías, as que temos que lembrar e recordar. (*Aplausos.*)

E neste senso creo que non hai ningún socialista, de partido nin de corazón, que non estea orgulloso de que fora un goberno presidido por un socialista —Rodríguez Zapatero— o que impulsara a Lei 52/2007, coñecida como a Lei da memoria histórica. Antes desa lei fixéronse cousas, pero foi esta a primeira lei que —en contra da vontade, por certo, do Partido Popular e da dereita— buscou honrar, perpetuar e recuperar a memoria dos que padeceron persecución.

Por iso non podo estar de acordo, señor Bará —dígollo con todo respecto—, co que di vostede na exposición de motivos, de que segue pendente o desenvolvemento dunha política pública da memoria porque comezou esa política. E non podo estar de acordo co que acaba de dicir, de que esta lei simplemente significara uns poucos avances. Non foron poucos avances, foron avances importantes. Eu, por suposto que estou convencida de que puido ser máis, e agora, nestes momentos en que imos falar de como terminaron co Partido Popular as políticas da memoria, do que tiñamos que estar debatendo é de como mellorar esa lei, que falta desa lei, como esa lei ten que ir a máis. Iso é do que tiñamos que estar debatendo, do que imos debater, e por que dende que chegou o Partido Popular tanto a Galicia como a España as políticas públicas da memoria desapareceron. E desapareceron non soamente do orzamento, senón que desapareceron de toda inqueda da política.

Na Lei da memoria histórica, señor Bará —como sabe vostede perfectamente—, apareceron e comezaron moitas das resolucións que están no Informe do relator da ONU. Non podo dicilas todas —coñecémolas todos—: melloráronse as prestacións que viñan percibindo as vítimas da guerra, aumentáronse os novos colectivos, creouse a Oficina de Vítimas da Guerra Civil, elaborouse un mapa de fosas, articuláronse protocolos para localización e exhumación... Moitos elementos foron absolutamente cortados, freados e rematados coa chegada do Partido Popular. En Galicia, nun primeiro momento, co presidente Feijóo desarticulouse todo o que fixeran os gobernos do PSOE e BNG e deixouse de cumprir a memoria histórica. Aquí os socialistas presentamos unha lei para elaborar uns procedementos para a exhumación e localización das fosas e díxosenos que non, non votaron a favor, de maneira que moitos centos de homes e mulleres galegas seguen nas cunetas. Iso é o que conseguiu frear ou facer a política do Partido Popular. E isto, señores, é unha vergoña para esta sociedade. Non soamente para o PP —que o é—, senón para toda unha sociedade que está a permitir que moitos dos nosos concidadáns sigan nas cunetas, que é onde están. (*Aplausos.*)

E, por outra parte, a verdade é que nós estamos de acordo. Vostede, señor Bará, fai unha recapitulación de moitas das medidas do relator da ONU, e estamos de acordo coa maior parte delas. Pero queríamos solicitarlle —se non lle importa— unha votación por puntos, porque

seguramente entende perfectamente que poidamos ter unhas matizacións. Unha das matizacións —teño pouco tempo, permítame, señor presidente, porque é importante— é coa Lei de amnistía, a Lei 46/1977, de amnistía.

Señor Bará, eu non podo estar de acordo co que dixo vostede de que é unha lei da amnesia. Mesmo o relator da ONU —sábeo vostede, que está no seu informe— di que el non considera que esta sexa unha lei de punto final. Outra cousa é que nós esteamos de acordo co relator do ONU —que si o estamos— en que hai que analizar a modificación dalgúns dos seus puntos. Pero non podemos estar de acordo coa derogación sen máis da lei por unha razón, señor Bará, porque esta Lei de amnistía foi a que permitiu que centos e centos de socialistas, de comunistas, de membros de partidos de esquerdas, de sindicalistas, de opositores ao réxime de Franco saíran do cárcere, (*Aplausos.*) porque eramos nós os que estabamos neses cárceres, (*Aplausos.*) e foi esa lei a que o permitiu... Ademais, por outra razón, señor Bará... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora BURGO LÓPEZ: Remato, un momentíño, por favor. Por outra razón, señor Bará, a Lei de amnistía —que, insisto, cremos que ten que ser analizada a súa revisión nalgúns puntos—, que era algo moi solicitado por toda a oposición franquista, declarou que o réxime de Franco era ilexítimo, que era un réxime ilegal. É a primeira vez que isto se declara. E isto así, sen máis, na súa totalidade, non pode ser derogado, señor Bará, dende o noso punto de vista.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Burgo.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Cuña.

A señora CUÑA BÓVEDA: Bo día a todas e a todos.

A peor doenza da humanidade é non ter conciencia, Manuel. Eu son filla, neta ou bisneta. Non quero vivir na illa do esquecemento e do medo, na memoria imposta polo remorso, na amnesia moral, no relato oficial, a memoria coutada, a desmemoria. A memoria tolleita sen liberdade, Chus, a memoria inoculada que expulsa as vítimas e represaliadas.

Son aquela que leva o pasado cosido ao presente. Hoxe chove en Santiago e nos campos de refuxiados, meu doce ben, Federico. Son a muller da cabeza rapada, a muller asasinada por acoller a un fuxidío; a muller digna, a muller protectora. Non podo borrar a memoria do trauma. Quero lembrar porque aquelas que ameí viven comigo. Si, coa masa do terror foi fabricada a nosa historia, Pepe.

Quero lembrar tamén a morte oficial daquela muller descoñecida fusilada en Ourense o 28 de setembro de 1936, e de 85 mulleres máis asasinadas. Eu tamén fun buscar o barqueiro que cruza o mar. Hai en San Simón un preso, un avó. Camisas azuis visten os lobos, Susana. Dixeches: ámovos vermellas, Claudio, a esas mulleres das que tan só se sabe que existiron

porque se lles arrebatou a existencia. E Xeliña toleou, Xerardo. Efectos perversos, alén das consecuencias físicas. A dor é fría como un disparo na tempa, Carlos.

Necesitamos lembrar a historia dos perseguidos, das perseguidas, por motivos políticos. ¡Canto sufrimento! ¡Cantas emocións arreboladas e estarecidas! ¡Canto medo!

Reparar, si. Reparar a memoria das vítimas. É de xustiza, Enrique. Lei galega da memoria histórica democrática. Na guerra do 36 os militares subleváronse sementando o terror. Non foi unha guerra civil. Non houbo galos, Salvador. Non houbo dúas partes, falsamente civís, enfrontadas, e as dúas coas mesmas responsabilidades. Sangue nas botas dos xenerais xenocidas. Erguéronse esnaquizando a legalidade democrática e constitucional da República. Non temos a verdade, buscámola. Si, verdade, xustiza, reparación, non repetición (ONU). Xunto a todos e todas os memorialistas, non só afíns, todos e todas. Exhumación. Por amor e con amor, Amalia.

Si ás políticas de memoria democrática asumidas polo Goberno galego da Xunta de Galiza. Si á creación dunha oficina de atención ás vítimas e ás familias, é importante. Hai présa para localizar os enterramentos clandestinos, noticias certas sobre as desaparicións forzadas tanto en Galicia como fóra. Derrogación, si, da Lei 46/1977 por considerar que tamén encobre crimes de lesa humanidade. Compromiso contundente: desaparición das rúas dos nomes de alcaldes e cargos franquistas, dos que deron o visto bo a penas de morte ditadas por consellos de guerra sumarísimos. Desaparición dos xugos e as frechas falanxistas. Sen gravados, dar exemplo.

¡Oxalá sexan pombas as que arrolen a noite que elevará as súas alas no amencer! 14.978 vítimas da represión. As pombas ficaron voando libres para sempre. ¡Pombas, pombas, pombas...!

4.699 persoas paseadas, asasinadas. Eu non lles pido que me baixen a estrela do ben no bico, senón que ascendamos xuntas, coa marea irredutible que levará o mar ao monte.

Procesadas máis de 10.000. ¡Que o libre voo das pombas da paz erga para sempre e memoria solidaria das xentes xustas que o deron todo pola liberdade e a xustiza! Severas penas de prisión, incluíndo cadea perpetua, campos de concentración, experiencias das que non todas puideron sobrevivir. ¡Pombas, pombas, pombas...!

Desenvolver política pública sobre a memoria histórica democrática debe ser misión principal do Goberno, deste Goberno.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

«Un estado de espírito favorable a la reconciliación nacional de los españoles va ganando a las fuerzas político-sociales que lucharon en campos adversos durante la Guerra Civil. El Partido Comunista de España declara solemnemente estar dispuesto a contribuir sin reservas a la reconciliación nacional de los españoles, a terminar con la división abierta por la Guerra Civil y mantenida por el general Franco. Fuera de la reconciliación nacional no hay más camino que la violencia. Crece en España una nueva generación que no vivió la Guerra Civil, que no comparte los odios y las pasiones de quienes en ella participamos. Y no podemos, sin incurrir en tremenda responsabilidad ante España y ante el futuro, hacer pesar sobre esta generación las consecuencias de hechos en los que no tomé parte.»

Señorías, estoulles a reproducir parágrafos da declaración do Partido Comunista de España «Por la reconciliación nacional. Por una solución democrática y pacífica del problema español», de xuño do ano 1956, asinada polo Comité Central e transmitida por Radio España Independente dende a clandestinidade.

Deste xeito opinaban os dirixentes dese partido vinte anos despois do inicio da guerra e en plena ditadura. A estas verbas facía referencia Marcelino Camacho, dirixente político e sindicalista preso por esta actividade durante vinte anos, durante o réxime franquista, na súa defensa da Lei de amnistía, no debate das Cortes Xerais, para dicir tamén: «¿Como podríamos reconciliarnos los que nos estábamos matando los unos a los otros si no borráramos ese pasado de una vez para siempre? Queremos abrir la vía a la paz y a la libertad. Queremos cerrar una etapa, queremos abrir otra. Nosotros, precisamente los comunistas, que tantas heridas tenemos, que tanto hemos sufrido, hemos enterrado nuestros muertos y nuestros rencores. Nosostros estamos resueltos a marchar hacia adelante en la vía de la libertad, en esa vía de la paz y del progreso que hoy se abre.

Para nosotros, tanto como reparación de injusticias cometidas a lo largo de estos cuarenta años de dictadura, la amnistía es una política nacional y democrática, la única consecuente que puede cerrar ese pasado de guerras civiles y de cruzadas. Queremos abrir la vía a la paz y a la libertad. Queremos cerrar una etapa, queremos abrir otra.»

Esa era, señorías, a opinión dos que viviron o golpe de Estado, a guerra, a ditadura, as prisións e a represión. Dese mesmo xeito se manifestaron voceiros do Partido Socialista, da extinta UCD, da minoría vasco-catalana representada naquel debate polo señor Arzallus. Non podo reproducir as súas verbas, pero gustárame que as repasaran.

Esa xente e a súa loita real contra o franquismo, momentos duros e difíciles, vén de ser corrixida por una nova xeración que non viviu as penurias deses anos e que naceu xa na democracia. Revisando documentación para esta iniciativa, teño lido cualificativos de desprezo para os políticos de todas as cores, e significativamente os da esquerda, que nos representaron nesas cortes do ano 1977, que foron quen de aprobar esta magnífica lei que tanto ben fixo a este país e que axudou de xeito innegable á recuperación das liberdades democráticas e da convivencia pacífica entre todos os españois.

Estamos a falar, señorías, de democracia e de paz. Esta convivencia empezou a quebrar cando algúns tentaron utilizar este período negro da nosa historia con fins partidistas e electorais, cando algúns quixeron relacionar o Partido Popular coa ditadura e co franquismo para obter rédito político. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

O señor NÚÑEZ CENTENO: No ano 2007 aprobouse unha Lei de memoria histórica que non foi votada polos deputados e deputadas do Partido Popular por tres razóns fundamentais: ruptura do consenso por considerala innecesaria, xa que se aprobaran polos distintos gobernos máis de vinte leis e disposicións a favor das vítimas, e porque se buscaba a quebra dun proceso político no que a inmensa maioría dos españois nos recoñecemos, o xurdido na transición. O propio señor Zapatero, no ano 1999, durante o debate dunha iniciativa a favor dos militares da República, cualificou esa medida de: último paso, último fleco, último resquicio y hasta de punto final en el proceso de restitución moral de las víctimas de un bando de la Guerra Civil.

Pero aínda que o Partido Popular non votou aquela lei, tampouco a derogou unha vez que chegou ao Goberno, e vostedes, señorías do BNG, que si votaron a favor desa lei que cualifican de pouco valente —e así o fixeron os seus deputados, a señora Fernández Davila e o señor Rodríguez Sánchez—, queren agora emendarlles a plana e propoñen unha Lei de memoria histórica galega.

Quero recordar neste punto que a primeira condena expresa do franquismo no Congreso se fixo no ano 2002 cun goberno do Partido Popular. Ata entón, cos gobernos socialistas nunca houbera condena do franquismo. Dende esa data, no Parlamento de Galicia téñense aprobado distintas propostas de resolución, iniciativas e ata unha declaración institucional o pasado ano, co gallo dos oitenta anos do golpe de Estado, de condena expresa e manifesta do mesmo e da ditadura posterior, e para recuperar e dignificar a memoria das vítimas.

No ano 2011 presentaron vostedes —señores do BNG— no Congreso unha proposición de lei para modificar a Lei de amnistía que soamente foi apoiada —foi rexeitada, por suposto— polo Grupo de Esquerza Republicana de Cataluña.

Eu non sei cantas persoas quedarán en Galicia que viviran a guerra e a ditadura. Non sei cantas desas persoas estarán de acordo co que vostedes piden na súa proposición non de lei. O que si lles podería dicir é o que opinaría o meu avó, exiliado largos anos en Sudamérica por ser membro de Izquierda Republicana e fillo dun militar condenado a morte por ser fiel ao Goberno legalmente constituído: estaría en contra.

Meu avó, que sobreviviu uns anos ao ditador, defendeu como a inmensa maioría dos españois a Lei de amnistía, que considerou un avance incontestable na normalización da vida política e social da España dos anos setenta do pasado século e un camiño sen retorno á democracia e á paz social de España, da que nunca estivemos sobrados no noso país ata estes últimos corenta anos.

Dende o orgullo de vir dunha familia de demócratas represaliados, do mesmo xeito que outros deputados e deputadas do meu grupo, anúnciolles o voto negativo do noso grupo á súa iniciativa.

Señorías, os deputados e deputadas do Grupo Popular non somos fascistas, non somos franquistas, do mesmo xeito que non somos corruptos, incendiarios de montes, nin asasinados de mulleres, por moito que algúns se empeñen en acusarnos disto.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grupo autor da proposición non de lei, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Vexo que o señor Núñez Centeno recorreu ao argumentario comunista para defender a súa tese. A min gustaríame máis que apelase a valores cristiáns, que parece que están no ideario da dereita, do Partido Popular: valores de paixón, valores de humanidade, por exemplo, para as vítimas, que aínda quedan moitas, porque a dor, as feridas e as cicatrices están aí e permanecen no tempo, tamén para as familias.

Aquí ninguén falou de revancha nin de vinganza, nin de odio, nin de rancor. Falamos de xustiza, falamos de verdade e falamos de reparación. Falamos desas cuestións, de dereitos humanos fundamentais que están no informe do relator da ONU para os dereitos humanos, que é o que traemos aquí. Non traemos unha proposta do BNG. Se fixeramos a nosa proposta, posiblemente fose distinta, pero traemos xustamente o que propón o relator da ONU no seu informe, dun organismo como a ONU, do Consello de Dereitos Humanos da ONU.

Con respecto á transición, direille que moitos militantes comunistas e socialistas a cualifican de traizón. A transición foi feita baixo a imposición —iso recoñéceno moitos historiadores— dos tanques e das baionetas, baixo esa ameaza, baixo ese medo, como se viu despois o 23 de febreiro de 1981, baixo un estado de medo.

Con respecto á intervención do Grupo Socialista, nós dixemos que a Lei de memoria histórica supuxera algúns avances pero que era insuficiente e que non resolveu cuestións como, por exemplo, a da reparación, a de anulación das sentenzas ou a da Lei de amnistía. O relatorio da ONU di claramente que hai lexislación á que se sumou o Estado español que prevalece sobre a Lei de amnistía. Que se poderían investigar os crimes mesmo con eses acordos internacionais.

Polo tanto, o que temos que dicir, despois de escoitar a intervención do Partido Popular, é que nos parece unha infamia, que nos parece unha ofensa á memoria das vítimas e das súas familias, que nos parece inhumano, que nos parece un desprezo cara a ese sufrimento e cara á dor das familias, e que nos parece ademais unha vergoña para a democracia, o desprezo á memoria e ao exemplo de miles de persoas que loitaron, que foron perseguidas, que foron asasinadas, por defender valores democráticos e por defender a Galiza. Ademais, a súa posición parécenos que é unha posición de desobediencia a organismos internacionais, ao informe do relator especial da ONU para os dereitos humanos e tamén un menosprezo ás demandas que levan feito nalgún momento destes anos as asociacións da memoria histórica de Galiza, que levan reivindicando que se fagan estas políticas.

Polo tanto, nós non queremos pisar unha terra chea de cadáveres, non queremos pisar unha terra chea de persoas desaparecidas, de persoas silenciadas, de homes e mulleres esquecidas, enterradas en fosas comúns. Non queremos ser cómplices do xenocidio franquista, do terror fascista e da súa sombra noxenta que aínda permanece aquí hoxe entre nós...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...e que segue presente con actitudes como a do Partido Popular, que se comporta como herdeiro, moitas veces biolóxico e ideolóxico, da ditadura.

E non é un tema do pasado, é un tema do presente, é un tema do futuro, chegar a un acordo político contra o silencio, contra o esquecemento, para mirar con orgullo e con dignidade o futuro apoiándose nos valores de todas esas persoas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...que loitaron por iso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema Nacional de Saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(*O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*)

Emenda de supresión.

No primeiro punto suprimir o seguinte texto:

«cando estas afecten a postos de traballo de carácter estable»

Emenda de substitución.

Substituír o apartado 3 polo seguinte texto:

«Que cambie a súa política de contratación e que negocie de inmediato, tal como reclaman as organizacións sindicais con representación na sanidade pública, unha orde de vínculos polo principio de causalidade, de xeito que se contrate pola mesma causa que xera a contratación e polo tempo completo desta.

Elaborar de xeito urxente un catálogo onde se identifiquen todas as prazas estruturais, actualmente cubertas con nomeamentos temporais, e proceder á súa cobertura mediante nomeamentos por interinidade, seguindo a prelación establecida nas listas de contratación.

Unha vez identificadas as prazas, realizar unha convocatoria de OPE co 100% das prazas vacantes reais e non cubertas e en todas as categorías profesionais.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Moitas grazas, señor presidente. Bo día.

Hoxe, en continuidade coa nosa decisión, a do Grupo Socialista, de trasladar a este Pleno cuestións relativas ao emprego, ao emprego público e á súa situación de precariedade, traemos aquí especialmente unha iniciativa sobre a situación do emprego sanitario, sobre a precariedade no emprego sanitario, e é unha posibilidade cremos que interesante para poder solucionalo. É unha proposta que consideramos ben fundada, que vou tratar de explicar.

O barómetro sanitario publicado afirma que nos últimos cinco anos unicamente 3 de cada 20 persoas afirman que mellorou a atención sanitaria, especialmente naquela especializada. Polo tanto, 17 de cada 20 non afirman que se mellorou. Aínda que moitas veces se apela á importancia que lle dan os cidadáns á sanidade, iso non quere dicir que lle dean unha boa valoración á xestión da sanidade, senón que consideran que é un servizo importante. E 3 de cada 20 din que mellorou, o resto non o din.

Galicia é, segundo ese mesmo barómetro, a terceira comunidade de España pola cola na avaliación do seu servizo sanitario, fundamentalmente, como din os cidadáns, polas listas de espera. Si que é certo que Galicia está moito mellor na avaliación do trato do persoal sanitario. É dicir, que a nosa cidadanía está contenta con como a trata o persoal que aínda queda nos centros hospitalarios.

Sobre as listas de espera xa se falou aquí, pero seguimos con peche de axendas que tapan a realidade dos datos. Aínda non se explica por que as axendas se pechan e non se dan citas, aínda que todos sabemos que é para non contabilizalas e con iso limitar o efecto nos datos, a pesar de que os datos xa recoñecidos afirman que hai esperas de máis dun ano nalgúns servizos, incluso en moitos deles aínda contabilizando só unha consulta.

Polo tanto, temos unha situación asistencial —especialmente na parte especializada— ineficiente; ben valorada, razoablemente ben valorada, na atención primaria, pero deficientemente valorada na atención especializada. Isto —segundo a nosa maneira de velo— dáse fundamentalmente por un déficit de persoal. Existe un déficit claro de persoal. Hai menos contratos estables a pesar do que se dixo aquí hoxe. Hai menos contratos estables na sani-

dade e hai unha altísima precariedade. A sentenza da Unión Europea recente, que todos coñecen, xa o afirma con claridade, e hai casos galegos que se apoian ademais neses fundamentos para demostrar que existe unha altísima precariedade na situación laboral galega na sanidade.

Vaia un dato: nos gobernos de Núñez Feijóo, nos últimos anos, tituláronse en Galicia máis de 2.500 titulados MIR —co custo que pode ter un titulado MIR, que podemos cifrar en 100.000, 120.000 ou 150.000 euros por titulado—. Deses máis de 2.500 apenas foron contratados de maneira estable na sanidade pública 322, sumando tanto a atención especializada como a atención primaria —322 de máis de 2.500—. É ineficiente para o sistema porque temos pouco persoal e é ineficiente desde o punto de vista económico porque estamos formando persoas que logo derivamos a outros sistemas sanitarios. Aínda que si é certo que algúns deles tamén acaban dentro do sistema sanitario galego, pero pola vía da precariedade e da temporalidade.

Os sindicatos rexeitaron na última mesa de negociación asinar ou concordar ningún acordo coa Consellería ata que se lles facilitara —e nós compartimos esa proposta— cal é o número real de contratados na sanidade pública galega, cantos deles son interinos, cantos deles son estatutarios, cantos son inestables e cantos conxunturais. Eses datos son fundamentais para, por exemplo, cando se fala de taxas de reposición, cando se fala de cubrir persoal sanitario, que se poida facer por categorías e que se poida saber realmente cal é a nosa situación. Sen embargo, atopamos unha grave e alta opacidade nos datos da Consellería de Sanidade.

A pesar do que se dixo aquí, existen menos contratos estables. A pesar dos datos non certos que dixo hoxe o presidente de que existía igual número de contratacións, o que non di é que esas contratacións agora son absolutamente inestables. E a pesar do dato que se deu aquí de que existen máis persoas contratadas, o que existen son máis persoas orzadas, pero non é real que existan hoxe máis persoas traballando na sanidade pública. Porque se contabilizamos unicamente o número de persoas, si poden ser máis; pero o que non podemos é contabilizar catro persoas cando catro persoas comparten un turno de traballo dunha semana, contratadas por horas ou por días. Polo tanto, hai que ser reais cos datos.

Nós o que traemos aquí é unha proposta ambiciosa, pero posible, para resolver este problema, unha proposta de país. O que nós consideramos é que isto é unha proposta sensata que podería resolver non ter este problema coa sanidade como o estamos tendo coa educación, onde estes vaivéns constantes do Partido Popular entre Galicia e Madrid, pasando a pelota, intentando pasala enfronte, para ver quen fai a chantaxe máis grande, están tendo en vilo a moitísimos opositores da ensinanza. E non queremos que ocorra o mesmo en sanidade.

Nós propoñemos, en primeiro lugar, suprimir a taxa de reposición. É absolutamente necesario. Isto resolvería varios dos problemas. E ademais nós plantexamos que, se as comunidades teñen un teito de gasto, ese é o límite claro que pode ser marcado para definir a política de contratación para o sistema de sanidade das comunidades autónomas. Porque ese é o límite que o marca, porque unha taxa de reposición pode ser útil nun momento determinado, pode ser útil nuns orzamentos determinados, pero non pode ou non debe ser unha ferra-

menta habitual, como está sendo nos últimos anos. Polo tanto, primeiro propoñemos suprimir a taxa de reposición.

En segundo lugar, nós queremos que se convoque xa a OPE en sanidade, que se anunciou para 1.600 persoas. Primeiro, 800; logo, 1.600; logo que non, logo que pode ser, logo que depende..., e non sabemos cal será o seguinte paso. Nós queremos que se convoquen.

O anuncio que se recuncou, que se confiou a «a ver si...», que logo se transformou nunha chantaxe inaceptable en función dos orzamentos estatais, nós queremos que se convoque. É posible convocala. A chantaxe é a ferramenta dos malos negociadores; polo tanto, o necesario é convocala.

Se hai algún problema con isto que vostedes argumentan da inseguridade xurídica, é fácil: convezan a Montoro de que suprima a taxa de reposición, se é que tanta influencia teñen en Madrid, e non hai problema. Nós imos estar niso. Se convencen a Montoro de que se suprima a taxa de reposición, non vai haber problema ningún.

Por certo, vostedes cando citan comunidades autónomas olvídanse de citar unha que lles gusta moito, que é Andalucía, que xa anunciou que se van convocar as prazas de educación; ou o País Vasco, que xa convocou as súas. Polo tanto, é posible facelo. Non é, ademais, a primeira nin a segunda vez que se fai nunha situación parecida, como xa ocorreu no ano 1996, como xa ocorreu no ano 2012. Polo tanto, é posible. Quen decide é o Goberno, o Goberno galego. O que non poden é estar pasándolles a responsabilidade a outros partidos de decidir cousas que lle corresponden ao Goberno. Porque o van facer, e ese mecanismo que van utilizar o que vai demostrar son dúas cousas: primeiro, que se podía facer, e, segundo, que estiveron mareando a perdiz e intentando facer unha chantaxe política inaceptable. *(Aplausos.)*

Polo tanto, cando o fagan, non lles pedimos que fagan unha penitencia e admitan que estaban equivocados. O que nós pedimos é que o fagan ben e canto antes, porque é posible.

E ademais propoñemos unha terceira cuestión. Nós consideramos que esa OPE de 1.600 prazas non cobre as necesidades reais. Polo tanto, nós propoñemos que se comprometa unha OPE 2018-2019-2020, de 1.750 prazas ao ano. E xa sei que o primeiro que lle ocorre ao Partido Popular cando se fala de convocar OPE é que iso é un gasto enorme. Nós non consideramos que o gasto sexa tal, nós consideramos que é un investimento. Pero, ademais, é que se fundamenta e se financia por si mesmo. Aproximadamente, 900 persoas xubiláanse ao ano na sanidade pública en Galicia, aproximadamente. É un dato máis ben aproximado, pero bastante axustado. Deses 900 xubilados, contabilizando o volume de financiamento que se necesita para os seus salarios, podemos cubrir aproximadamente 1.000 prazas —estou tirando polo baixo—, 1.000 prazas novas convocadas. Polo tanto, teríamos 1.000 anualmente que xa se poderían amortizar economicamente con esas 900. Quedarían outras 750. Pero é que, se nós contratamos de maneira estable, estaremos reducindo con claridade o número de empregos inestables e o financiamento que temos que dar a eses empregos inestables que temos en precario na sanidade pública. Polo tanto, eliminaríamos moitísimos empregos inestables, e o que conseguiríamos sería reducir a temporalidade e

a precariedade aos límites que nós vimos apuntando xa hai tempo, e conseguiríamos facelo, ademais, estabilizando. Polo tanto, esa OPE finánciase por si soa. O seu fundamento económico está aí. É posible.

E agora chegamos ao final da cuestión. O presidente hoxe dixo que isto eran cuestións de xestión e que había que desideoloxizar as oposicións, ou algunha cousa parecida. Vostedes veñen defendendo aquí que estes son modelos de xestión. Isto é claramente un modelo ideolóxico: estabilidade ou precariedade. E isto é o que estamos decidindo.

Financeiramente sostense por si só. Legalmente é posible. O único que temos que decidir é se apostamos pola precariedade ou pola estabilidade, e ese é un modelo de funcionamento. Na sanidade pública —no emprego público en xeral, pero especialmente na sanidade pública— nós defendemos a estabilidade. Porque a inestabilidade no persoal o que lles provoca é problemas de funcionamento, incapacidade maior para facer as cousas, dificultades á hora de adaptarse aos postos de traballo, risco laboral, problemas de queime laboral; en definitiva, menor calidade asistencial...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TORRADO QUINTELA: ...—vou acabando— que é, como dicía ao inicio, o que está provocando que a valoración da sanidade galega estea baixando por parte dos usuarios, porque temos unha situación duns empregados públicos nunha precariedade inaceptable.

Polo tanto, nós propoñemos unha maneira de solucionalo. Agardamos que poidamos facer un debate serio e construtivo sobre o tema, e agardamos que poida ser apoiada.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día de novo.

Infelizmente temos que seguir a falar da situación de precariedade do persoal do Sergas. O BNG ten denunciado en múltiples ocasións que a Consellería de Sanidade leva a cabo unha política de persoal que precariza o emprego público. É evidente que esta actuación vai pararella á posta en práctica do modelo ideolóxico de deterioración da sanidade pública de Galicia. E temos denunciado tamén en numerosas ocasións que o Partido Popular no Goberno da Xunta practica sistematicamente a eliminación de postos de traballo na sanidade pública a través dunha aplicación dunha taxa de reposición que ano tras ano leva eliminado varios miles de profesionais da sanidade pública. Temos denunciado unha escasa convocatoria de prazas a través das ofertas públicas de emprego, ao que hai que engadir que tampouco autoriza contratos estábeis de interinidade. E isto conleva que o persoal para cubrir o mesmo posto asine múltiples contratos.

Cada vez que temos denunciado esta situación, o Partido Popular sempre nos ten acusado de alarmistas, de dar aquí uns datos e mostrar unha situación que non se corresponde coa realidade. Pois a finais do mes de setembro, efectivamente, o Tribunal de Xustiza da Unión Europea fixo pública unha sentenza sobre a sucesión de contratos temporais para cubrir prazas estruturais que determina que esta práctica vulnera a normativa europea. Afirmar que a renovación de contratos ou relacións laborais de duración determinada para cubrir necesidades que, de feito, non teñen carácter provisional, senón que son permanentes e estables, pois non ten xustificación, na medida en que tal utilización de contratos ou relacións laborais de duración determinada se opón directamente á premisa de que os contratos de traballo de duración indefinida constitúen a forma máis común de relación laboral. É dicir, non é xa soamente que o digamos os grupos políticos da oposición, senón que xa hai un tribunal que determina que esta situación non é de recibo, que di que non se axusta a dereito e que hai que solventala.

Tratado este tema, o Partido Popular pretende escudarse en que esta sentenza non lle é de aplicación. Escusas de mal pagador. Concordamos co que demanda aquí a iniciativa do Partido Socialista. En canto á eliminación da taxa de reposición, temos demandado tamén en múltiples ocasións que exerzan de Goberno galego, que se planten diante desta situación, que se planten diante da inxerencia permanente do Goberno de Madrid a respecto da planificación sanitaria que pode facer Galiza. É dicir, que exerzan de Goberno galego. E, evidentemente, concordamos coa necesidade de facer convocatorias de ofertas públicas de emprego en cantidade suficiente.

Fixemos unha emenda a esta iniciativa no sentido de ampliar algunhas das cuestións que plantexa. E así o que demandamos é que se cambie a política de contratación e que se negocie de inmediato, tal como reclaman as organizacións sindicais de xeito persistente, unha orde de vínculos polo principio de causalidade; é dicir, que se contrate as persoas por aquela razón pola que se produce a baixa. Se é unha baixa por maternidade, que se contrate a persoa por esa baixa de maternidade de xeito continuado; se é unha ILT, que se faga por esa mesma cuestión, e que se remate co que leva facendo o Partido Popular de facer contratos por días e que, para unha baixa de meses, contrate días alternos, contrate por días, non contrate a fin de semana. É dicir, que remate esa práctica infame da contratación en precario.

Demandamos tamén elaborar de xeito urxente un catálogo onde se identifiquen todas as prazas estruturais. Neste momento hai o escurantismo, xa denunciado aquí, do Partido Popular de non saber exactamente cal é a situación das prazas estruturais neste momento no Sergas, cales son esas prazas estruturais cubertas por contratos en precario, por contratos por días e incluso por situacións de interinidade. Co cal demandamos que se faga ese catálogo e se identifiquen todas as prazas estruturais que neste momento están cubertas por nomeamentos temporais e se proceda á cobertura mediante nomeamentos de interinidade, seguindo a prelación establecida nas listas, é dicir...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...—remato, señor presidente— que se convertan esas prazas en estruturais e que sexan cubertas pola orde de prelación en que están as persoas nas listas de

contratación. É de xustiza que así sexa. E tamén demandamos que, unha vez identificadas esas prazas, se realice unha OPE pola totalidade das prazas estruturais, por esas máis de 2.000 prazas que se eliminaron nos últimos anos por parte do Partido Popular, que dun xeito inmediato se proceda á súa cobertura.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla Fernández.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Velaquí unha nova ocasión na que toca debater sobre a precariedade no Servizo Galego de Saúde, unha precariedade que durante todos estes anos foi visible para todo o mundo agás, precisamente, para o Goberno. Foi visible para as persoas usuarias, porque, obviamente, o persoal vai cambiando de servizo, hai ausencia de persoal suficiente e padecen, polo tanto, as listas de espera. Foi visible para as centrais sindicais, que, independentemente do seu posicionamento nun punto ou noutro, todas levan denunciando esta situación durante todos os últimos anos. Pero foi visible tamén, e sobre todo, para as traballadoras e traballadores eventuais, que son os que sofren nas súas carnes precisamente esta precariedade, o desprezo, a incerteza e a imposibilidade de facer unha vida con normalidade.

Pode parecer exaxerado, pero non o é. Hai incerteza cando non se sabe cando nin como se vai traballar e cando non dura esa situación un ano, dous anos, cinco anos, senón que se permanece nunha situación continúa de precariedade dez anos, quince anos; nunha situación que é, eu creo, de desprezo real aos profesionais sanitarios que están nesas listas de contratación. Son contratacións que se fan sen previsión de xeito máis que habitual e con persoas que non son nin sequera desas listas *pool*, desas listas para casos urxentes. Son habituais os contratos por hora, o emprego lixo, e é probablemente máis habitual do que o foi nunca. É dicir, ao noso entender non houbo máis precariedade antes da que hai agora. Hai persoal que se dá de alta nos días laborables e que se dá de baixa precisamente nos días de descanso, incumprindo cos mínimos dereitos a nivel laboral, coa aplicación das prácticas empresariais máis escravas na Administración pública.

A temporalidade tamén é un factor grave, que afecta non só as persoas traballadoras senón, como xa temos dito, a propia calidade do servizo sanitario. As persoas vanse movendo dun servizo a outro, van mudando de servizo, e, polo tanto, non hai unha estabilidade. Hai prazas que non se ofertan e que, como xa se dixo, estruturalmente se cobren de xeito precario.

A concatenación de contratos, froito da sentenza á que se fixo referencia tamén na iniciativa, sucede tamén no Servizo Galego de Saúde e deixa ao final nunha situación de incerteza o persoal, pisan os dereitos dese persoal que está concatenando contratos, sumándoo ao mesmo tempo á precariedade que xeran en torno ás persoas que deberían acceder a esas prazas nunha oferta pública de emprego. Polo tanto, quen pagan sempre son as traballadoras

e os traballadores, dá igual que sexan as que concatenan os contratos ou as que terían que acceder a esas prazas nunha oferta pública de emprego.

Ao final, a mala xestión en materia de persoal do Goberno da Xunta do Partido Popular págamola todas e todos, págana eses traballadores e traballadoras, págana as persoas que acoden ou que acudimos aos servizos sanitarios —que sufrimos tamén esa precariedade—, e pagámola tamén vía pago desas indemnizacións e dos xuízos, que nos custan aos galegos e galegas moitos milleiros de euros por todas as sentenzas que perde por mala xestión a Consellería de Sanidade. Sófrena tamén, obviamente, as persoas usuarias nunhas listas de espera, que son tamén froito desas taxas de reposición. Porque, evidentemente, como xa temos dito noutras ocasións, con case 1.800 profesionais menos na sanidade pública é imposible ofrecer o mesmo servizo.

Seguimos, por certo, agardando a que o Goberno se digne a contestar as peticións de información ao abeiro do artigo 9 sobre as listas de espera non estruturais. Incúmprese o Regulamento do Parlamento, incúmprese o dereito das deputadas a recibir información, e segue sen acontecer absolutamente nada.

¿Como se vai dar o mesmo servizo con 1.800 profesionais menos? E, mentres tanto, a privada engorda as súas contas. Hai recuperación, pero só para algúns e para algunhas, só para os amigos do partido Popular.

Por certo, esta deputada súmase tamén a esa queixa ou a ese non apoio da Marea de Vigo a que se lle dea precisamente o premio de Vigués Distinguido ao dono de Povisa. Defendemos a sanidade pública.

E lembramos tamén que esas listas de espera, efectivamente, engordan esas contas desas grandes empresas, desas empresas sanitarias. E niso ten que ver tamén a ausencia de persoal público suficiente.

A proposta do Partido Socialista imos apoiala, é unha posible solución. Nós temos traído outras, temos proposto e defendido outras nesta Cámara. Aínda que cremos, evidentemente, que esa eliminación da precariedade hai que facela para todos os postos de traballo en xeral, no global.

E entendemos, ademais, que nesta situación non é admisible, efectivamente, esta chantaxe, á que se fai referencia, relacionada cos orzamentos do Estado. Defendemos dende o inicio a eliminación desa taxa de reposición, igual que defendemos dende o inicio que a austeridade non podía estar por riba do dereito á saúde da cidadanía. Polo tanto, obviamente, a estas alturas sufrimos as consecuencias desa aplicación do artigo 135 da Constitución e, evidentemente, das restricións orzamentarias que viñeron parellas. Polo tanto, con orzamento ou sen orzamento, a Xunta debe facerse cargo de cumprir o dereito das traballadoras e dos traballadores a traballar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ... —si, remato xa— con dereitos no seu traballo e o dereito das galegas e galegos a acceder a unha sanidade cen por cento pública e de calidade.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Solla.

Por parte do Grupo Popular, ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Bos días de novo, señorías.

Señor Torrado, presenta de novo vostede unha proposición non de lei que, nos dous primeiros puntos, parece copia das reiteradas declaracións do presidente e do conselleiro de Sanidade. Son publicamente recoñecidas as reivindicacións do Goberno galego para a eliminación da taxa de reposición. E anunciouse tamén por parte do Goberno unha OPE para o ano 2017 que contempla o cen por cento das prazas que quedaron vacantes no ano 2016; é dicir, un total de 820 prazas nas distintas categorías, que se poderían duplicar ata unhas 1.600 no caso da desaparición da taxa de reposición.

E falan vostedes de chantaxe neste asunto en relación coa aprobación por parte do Goberno, e, por suposto, do Parlamento, dos Presupuestos Generales del Estado. Eu realmente non sei cal é a chantaxe. Se non hai orzamentos, hai que prorrogar os actuais, e parece difícil aboar cantidades económicas correspondentes a novas prazas sen asignación orzamentaria, aínda que vostede fixo aquí unha conta da OPE a prezo cero que me gustaría que ma explicara ben, porque francamente é curiosa. Se non hai orzamentos, a transferencia ás comunidades autónomas sería a mesma do pasado ano.

Por outra banda, a taxa de reposición é lexislación básica e, polo tanto, de obrigado cumprimento. Neste intre eu quería recordar que a taxa de reposición, aínda que aquí non se citou, non é un invento do Partido Popular. Penso que ninguén esquecerá o Real decreto 248/2009, do 27 de febreiro, que situaba a dita taxa nun máximo do 30 %, nin o plan de acción inmediata de 2010, cunha cifra do 10 % para ese ano, que se mantivo no ano 2011 cun goberno que non era do Partido Popular. Por non falar do Real decreto lei 8/2010, de medidas extraordinarias para a redución do déficit público, que supuxo unha perda definitiva, para sempre, de, polo menos, o 5 % das retribucións para todos os empregados públicos das distintas administracións. Vostedes, señor Torrado, foron un partido de goberno moitos anos en España —en Galicia tamén, aínda que menos— e supoño que estará co Partido Popular no cumprimento das leis.

Tamén se fala da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea en relación cunha empregada da sanidade pública de Madrid pola concatenación de contratos temporais. Con respecto a ese tema hai un compromiso firme da Consellería —que este grupo aplaude— de ofertar 438 prazas de interinidade de xeito inmediato a primeiros de abril. E a curto e a medio prazo poderíase ofrecer un número semellante para incrementar esa estabilización.

Estas medidas foron anunciadas pola Consellería nunha reunión mantida cos sindicatos representativos, xunto co establecemento dun calendario de negociacións doutros asuntos de

especial interese. Nesa reunión do pasado 17 continuouse a negociar o plan de estabilidade, do que a Administración sanitaria vai enviar un novo borrador ás centrais sindicais. Todas estas medidas conducirán a un incremento do persoal fixo, ao tempo que se reducirá en 3 puntos a porcentaxe de eventualidade, que pasará do 8 % ao 5 %. De calquera xeito, o Sergas é un dos servizos de saúde de todo o Estado cunha cifra máis elevada de vínculos estables, que ronda o 80 %.

Tamén temos que entender todos que un sistema sanitario traballa as 24 horas do día os 365 días do ano, con substitucións por baixas, vacacións e días de libre disposición, o que comporta a necesidade ineludible de contratos temporais para cubrir todas estas eventualidades.

En resumo, señor Torrado, a Consellería está a traballar na mellora das condicións laborais do persoal do Sergas, e o grupo maioritario apoia esta negociación. A negociación ten que axustarse á realidade económica do momento, que, sendo mellor que a de pasados anos, dista aínda das cifras que se manexaban en anos previos á crise.

Neste momento tense anunciada unha oferta pública de emprego de 820 prazas, ampliables ao dobre se fose modificada a taxa de reposición e, aínda que non lle guste, se o Congreso é quen de aprobar os presupostos xerais do Estado. Hai negociacións avanzadas cos sindicatos para levar a cabo un plan de estabilidade, cunha previsión inmediata de converter 438 prazas temporais en contratos estables. E por todo iso, se vostede o acepta, pediremos unha votación por puntos.

Nós non temos ningunha dúbida en votar afirmativamente os puntos primeiro e segundo da súa iniciativa —aínda que acepte a emenda do BNG, que eu creo que a señora Prado non falou dela e que lle recorta unha parte do parágrafo—, basicamente porque iso xa se está a facer e xa se reclamou ao Goberno de España: a eliminación da taxa de reposición imposta desde o ano 2009 e que actualmente é do cen por cento para o presente ano. E, por suposto, como di vostede no segundo punto, cando se elimine esa taxa, e co presuposto do Estado aprobado, hai compromiso do Goberno da Xunta de convocatoria dunha OPE coa cifra de 1.600 prazas, xa anunciada polo presidente e o conselleiro.

Pero non podemos aceptar o terceiro punto. Falar a día de hoxe do que vai pasar nos anos 2018, 2019 e 2020 e dar cifras de convocatorias futuras de OPE sen respaldo orzamentario parécenos irresponsable nas circunstancias políticas actuais, aínda que, de verdade, se vostede é quen de explicarme esa teoría do custo cero das OPE de 1.750 persoas, eu agradeceríalle que ma explicara.

O Grupo Parlamentario Popular apoia un goberno responsable que non pode vender fume, e esperamos, entón, que acepten a votación por puntos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Por parte do grupo parlamentario autor da iniciativa, ten a palabra o señor Torrado Quintela.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, señor presidente.

Ben, quero agradecer o apoio dalgúns grupos, aínda que algúns sexa a algunha das partes.

Se me permite explicar o punto 3, igual ata o convenio e vota a favor, ¿non? Vale, polo tanto, xa que apoian... Eu doulles a benvida novamente. Xa o fixen onte co de Pontevedra. Doulles a benvida novamente a que acepten a nosa proposta. Xa é curioso; se están tan convencidos de facelo, xa podían ter traído aquí unha proposta para eliminar as taxas de reposición e para convocar a OPE, xa a podían ter traído aquí. ¿Temos que traela nós para que a aproben? Non se preocupen, nós estamos aquí para colaborar co país; polo tanto, traémola e dámoslles a benvida por fin a que deixen de marear co tema. Defenden tanto a temporalidade e inestabilidade que ata os seus argumentos son bastante inestables, bastante temporais e bastante precarios. Polo tanto, agradézolles moito que aposten por fin por unha OPE sensata.

En todo caso, a cuestión do terceiro punto é fácil. Xubiláanse 900 persoas no eido sanitario en Galicia. Iso cobre máis ou menos 1.000 dos novos incorporados. E nós consideramos que hai moitísimas máis de 750 persoas inestables, en precario, en Galicia, pero que, se nós incorporamos unha OPE de estabilidade, para ter prazas estables imos suprimir prazas de xente que está facendo de maneira temporal ese mesmo labor, que en realidade non é un labor estrutural, como di a Unión Europea. Polo tanto, o único que facemos é que o mesmo que gastamos en temporalidade, gastémolo en estabilidade. Se é unha cuestión de modelo: estabilidade ou precariedade. Nós apostamos por: o mesmo gastalo en estabilidade. Por iso esa é a cuestión da terceira, que non é tan complexo.

En todo caso, vostede non me citou agora o País Vasco, que amosa que é posible convocar. Non me cita Andalucía, que vai convocar. Feijóo dixo hai un par de meses neste Parlamento: «No Parlamento de Galicia fálase de Galicia». Está ben, pero vostedes falan soamente dalgunhas comunidades. Eu falo de Galicia, e entón en Galicia nós cremos que é posible, é claramente posible. De feito, —como dicía antes— hai antecedentes.

Sobre a inseguridade xurídica, se estamos de acordo entón díganlle a Montoro que suprima a taxa de reposición, que non manteña esta incerteza; non só fagamos aquí ou aprobemos unha resolución, senón que llo pida de verdade —gustaríame ver claras as declaracións nese sentido—, e defendan vostedes, por tanto, a situación de emprego en estabilidade.

Sobre as emendas, eu creo que a primeira do BNG non hai ningún problema en aceptala, cremos que vai basicamente implícito, pero sen ningún problema. A segunda sería bastante interesante, pero ao ser de supresión suprime o noso punto terceiro, que nós temos intención de manter, por iso non a podemos aceptar.

En todo caso, si, si, foi unha chantaxe. Agradézolles que retiren as chantaxes, porque —como digo— son ferramentas de mal negociador, porque con base nunha suposta fidelidade co país vostedes pedían aquí, o señor Feijóo pedía aquí fidelidade co país para aprobar os orzamentos. E nós, a fidelidade é dos cans, nós somos leais ao país. Por iso traemos esta proposta, ¡que mala non debe ser cando vostedes están desesperados por aprobala con nós!

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

E por suposto que aceptamos a votación por puntos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Torrado.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e trece deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación coa Federación Galega de Municipios e Provincias duns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas, así como o establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia para a xestión da auga

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte iniciativa, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de don Gonzalo Trenor López.

A esta iniciativa presentáronse emendas do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Antón Sánchez, e do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona Patricia Vilán Lorenzo.

(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado e portavoz suplente Antón Sánchez García, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:

1.- En colaboración coa Fegamp, implementar as reformas e medidas necesarias para potenciar o papel de Augas de Galicia de apoio técnico aos concellos galegos nos campos de abastecemento e saneamento da auga, co obxectivo de desenvolver un modelo racional e sostible do ciclo da auga, cuns criterios comúns de deseño e xestión das infraestruturas.

2.- Reclamar ao Goberno do Estado español a derogación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración local, co fin de facilitar a xestión directa por parte dos concellos dos servizos de abastecemento e saneamento da auga.»)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a dar prioridade á negociación coa Federación Galega de Municipios e Provincias co obxecto de acordar, no próximo ano, e en desenvolvemento dos obxectivos do Protocolo de Colaboración e Desenvolvemento do Pacto Local para a Xestión do Ciclo Urbano da Auga, os seguintes obxectivos:

1. A determinación, mediante consenso coa Fegamp, de criterios obxectivos de prioridade na actuación nos investimentos en materia de obras hidráulicas por parte de Augas de Galicia e de criterios obxectivos de cofinanciamento destes investimentos.
2. O establecemento dun estándar de calidade das augas.
3. O establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia.»)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a iniciativa ten a palabra o señor Trenor López.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señorías, hoxe non é o Día da Poesía, que foi onte, pero tamén hai poesía na auga, hai poesía pero tamén hai outras cousas como saúde, como economía, como desenvolvemento, ocio e moitas outras cousas máis.

En 1993, a Asemblea Xeral das Nacións Unidas designou o 22 de marzo como o primeiro Día da Auga, e a partir dese ano cada 22 de marzo celébrase o Día Mundial da Auga. É un día para destacar a función esencial da auga e propiciar melloras para a poboación mundial que sofre de problemas relacionados coa auga, é un día para debater como debemos xestionar os recursos hídricos no futuro e é un día para fomentar a conciencia pública sobre a conservación e o desenvolvemento dos recursos hídricos. Cada ano o Día Mundial da Auga céntrase nun aspecto. O ano pasado foi o emprego, anteriormente o desenvolvemento sostible, a enerxía, a cooperación. E este ano fíxase no problema das augas residuais, cuxa ausencia de tratamento causa que un millón de persoas morran cada ano.

Obviamente, a realidade no noso país é outra, pero non está mal ollar o que temos ao redor para defender o que fomos capaces de conseguir como sociedade.

Penso que todos os grupos que estamos nesta Cámara, ou polo menos a maioría, a inmensa maioría dos deputados desta Cámara, desexamos a sustentabilidade económica, técnica e institucional do ciclo da auga na nosa comunidade. Pero para lograla é imprescindible conseguir a colaboración e o traballo conxunto entre as distintas administracións que teñen competencias. Este desexo está na base de que co comezo desta nova legislatura a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias amosasen a súa vontade de avanzar no desenvolvemento da colaboración e o traballo conxunto entre as distintas administracións locais e autonómica.

O noso grupo pensa que é fundamental que a este compromiso entre as administracións poidamos incorporar un acordo político que reforce e dea soporte e impulso á negociación entre estas dúas administracións, para dar prioridade e atención á política de xestión da auga. Por iso, esta proposición non de lei busca dar prioridade á negociación da Xunta de

Galicia coa Federación Galega de Municipios e Provincias, co obxecto de acordar o antes posible uns criterios claros, obxectivos, de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas e o establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia.

Desde as institucións galegas lévase traballando nestes últimos anos para acadar este obxectivo en dúas liñas fundamentais de actuacións; dúas liñas diferenciadas pero estritamente vinculadas e interrelacionadas e que precisan unha da outra para poder acadar a máxima eficacia na obtención dos obxectivos que antes lles estaba a comentar. Por unha banda, na formulación dunha norma normativa de xestión integral da auga. E no que se refire ás competencias autonómicas durante estes anos levouse a cabo unha tarefa importante de regulación en materia de augas, para adaptala de forma que responda á problemática e aos intereses da nosa comunidade. E, por outra, coa promoción e o impulso dun paco local da auga, para avanzar naqueles aspectos que máis poidan afectar a autonomía local, xa que non podemos esquecer que son os municipios os que teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento dos seus sistemas municipais.

Falei de dous eixes: normativa e cooperación, pero tamén é importante que destaquemos o esforzo investidor, xa que este grupo do que eu formo parte sustenta o Goberno que fixo o maior investimento medioambiental da historia da nosa autonomía en saneamento, en depuración e tamén en abastecemento de augas. Desde o 2009 van 1.100 millóns en investimento, máis de trescentas cincuenta actuacións de saneamento en cento sesenta concellos e trinta e nove depuradoras feitas por este Goberno, o que nos permite que esteamos cerca do 80 % de augas en bo estado da nosa comunidade. E, por suposto, isto non é suficiente, o noso obxectivo é seguir traballando para acadar o cen por cento, pero temos a confianza de que estamos no bo camiño.

En relación coa nova normativa, hai que destacar que no ano 2010 o Parlamento de Galicia aprobou a Lei de augas de Galicia. Esta lei tiña uns obxectivos fundamentais moi concretos, como era a ordenación de competencias da nosa comunidade e dos axentes locais galegos en materia de auga e obras hidráulicas, a ordenación do ciclo integral da auga de uso urbano e o establecemento das bases para unha xestión eficiente dos servizos de abastecemento, de saneamento e depuración, así tamén como o establecemento dun réxime económico de auga en Galicia. Tamén regulaba outros aspectos, como a organización e o funcionamento da Administración hidráulica de Galicia, as bases de exercicio da planificación hidrolóxica e o réxime de infraccións e sancións.

Como dicía, esta lei ordena a determinación da repartición competencial entre a Administración autonómica e local, establecendo un marco normativo, respectando a lexislación básica en materia de réxime local e o principio de autonomía local, que regula o importante papel que a Administración autonómica desenvolve nesta materia desde hai décadas.

Posteriormente á lei aprobáronse diferentes regulamentos, como o de prestacións de servizo e saneamento e depuración de augas residuais, o de réxime económico e financeiro do canon de auga e do coeficiente de vertedura, o de colaboración da Administración hidráulica de Galicia na execución e explotación das infraestruturas hidráulicas no ámbito das entidades locais, o Regulamento da planificación hidrolóxica e tamén o Estatuto do ente de Augas de Galicia.

Pero se ben os distintos regulamentos que lles mencionei fan fincapé ou fixeron fincapé na colaboración e coordinación entre a Xunta e os concellos, foron especialmente o Decreto do Regulamento marco do Servizo Público de Saneamento e Depuración de Augas Residuais e mais o de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas os que reflectiron con maior intensidade a colaboración e coordinación entre as administracións.

Pero para avanzar cara ao obxectivo de facer posible unha maior homoxeneidade no tratamento e na ordenación deste servizo e garantir unha maior calidade e o pleno cumprimento de determinación da Directiva marco europea de auga non chega só o desenvolvemento normativo, é necesario pero non suficiente, polo que para acadar estes obxectivos a Xunta de Galicia realizou unha proposta de formulación dun pacto local da auga. Proposta que foi trasladada á Federación Galega de Municipios e Provincias, e aceptada, dando inicio a unha importante colaboración institucional entre as administracións autonómica e local, que consideramos ademais que vai permitir lograr importantes avances.

O 4 de novembro do 2013 asinouose o Protocolo para o desenvolvemento do marco local para a xestión do ciclo urbano de Galicia entre a Xunta de Galicia e a Fegamp. É un acordo político mediante o que se pretende sentar unhas bases de aplicación común que fagan posible unha maior homoxeneidade no tratamento e na ordenación dos servizos do ciclo integral da auga en Galicia. Un pacto que permite impulsar a colaboración entre administracións e acadar un marco común na xestión. Este protocolo busca a través do traballo conxunto avanzar cara á mellora e transparencia da información, conseguir que as administracións e a poboación estean informadas da normativa de aplicación, das obrigas existentes e do seu necesario cumprimento, así como do traballo que se está a efectuar. Tamén pretende avanzar cara ao consenso; acadar acordos compartidos, acordos co máximo consenso por todas as administracións e por parte tamén dos interesados, e de aplicalos e de implantalos por todas as administracións. Fixar criterios e obxectivos predeterminados, de ordenación sostible, para a prestación dos servizos e, en definitiva, para poder conseguir un camiño común a todos. Avanzar tamén cara ao compromiso e a aplicación, requirir o compromiso de aplicación de todos os acordos que se adopten e da normativa de planificación. Os documentos que conforman o pacto deben concibirse como unha ferramenta que permite aos concellos contar cun instrumento de ordenación sustentable, económica e ambiental do ciclo da auga. Tamén se pretende avanzar cara á homoxeneidade, acabar coas disparidades entre os modelos de xestión que provocan que haxa grandes diferenzas para a cidadanía, grandes diferenzas no que se refire á prestación deste servizo cara á cidadanía. Tamén pretendemos que se avance na axilidade e na eficacia, simplificando a administración, facendo máis clara toda a documentación que se teña que realizar. Avanzar tamén cara á sustentabilidade.

Os ingresos pola prestación dos servizos da auga por parte dos diferentes axentes, as diferentes taxas, tarifas, canons ou coeficientes que se establezan teñen que servir para recuperar custos, afrontar tamén o mantemento e a conservación das infraestruturas e asegurar o equilibrio financeiro da prestación. Os prezos teñen que ser un instrumento para protexer a calidade da auga e un incentivo para mellorar tamén a eficiencia do seu uso.

Tamén queremos avanzar cara á corresponsabilidade e seguridade xurídica. O pacto busca tamén unha maior claridade nas competencias e atribucións das distintas administracións

implicadas na xestión, de cara a asumir cada unha as súas responsabilidades e fomentar unha prestación de servizos máis responsable, apostar polo respecto do exercicio das distintas competencias e tamén apostar pola colaboración e a asistencia activa entre elas.

Señorías, xa para rematar, lembrar que hai que garantir ao cidadán as prestacións duns servizos de calidade, procurando que sexa consciente de que o servizo que se está a prestar está correlacionado co esforzo que se lle pide na recuperación de custos, e que tamén pode, por suposto, despois exixir responsabilidades a quen as ten.

É preciso impulsar o traballo conxunto e a colaboración entre administracións.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TRENOR LÓPEZ: E iso é o que nós queremos respaldar e impulsar con esta iniciativa.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Trenor.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Vilán Lorenzo.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

Bueno, o primeiro que temos que dicir é que nos sorprende moito a xustificación da urxencia desta proposición non de lei, non só porque vostedes levan oito anos gobernando máis esta lexislatura que vén, pero é que piden vostedes que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes sobre esta cuestión. Pero é que se vostedes son os que decidiron, e así nolo dixeron na Comisión 1ª hai uns días, que teñen decidido non cumprir a Lei de transparencia con relación ao ano 2016 e non dar información ao Parlamento sobre o grao de cumprimento dos acordos parlamentarios, pouco lle vai importar ao Goberno que nos posicionemos neste Parlamento sobre un acordo parlamentario ou unha decisión.

¿Non será que esta iniciativa ten algo que ver con que se vai reunir a Comisión sobre a auga e que vai ir o presidente Feijóo presidila nuns días, dentro de nada? Ao mellor, esa é a urxencia. Pero, claro, esa xustificación da urxencia non sería admitida polos letrados da Cámara, e precisamente por iso vostedes tiveron que inventar unha urxencia diferente para esta proposición non de lei hoxe.

Por outro lado, a vixente Lei de augas é do ano 2010, e o decreto de desenvolvemento do 2012, como ben dicía o voceiro do Partido Popular. Incrementaron sensiblemente o prezo da auga en Galicia, nos fogares galegos, nun momento de crise e de recesión económica. Iso está ben non dicilo, pero iso foi o que ocorreu. E lembremos que xa o ex-conselleiro de Medio Ambiente dicía nesta Cámara que estaban a elaborar o decreto de colaboración coas entidades

locais, que permitiría colaborar cos concellos na execución de obras hidráulicas e controlar e establecer requirimentos para explotar axeitadamente as depuradoras.

¡Home!, o protocolo de colaboración e desenvolvemento é do ano 2013, a Comisión institucional de seguimento —que saibamos— non ten feito demasiado traballo, o Pacto local pola auga leva seis meses sen se reunir, porque, polo visto, a escusa é que hai dúas consultoras que hai que pagar a medias entre o Goberno e as deputacións, pero vostedes aínda non falan coas deputacións. Moita présa, moita urxencia non lle vemos.

E dende aquí o Grupo Parlamentario Socialista reivindica o labor dos concellos galegos. Esta iniciativa estaría ben se non fose extemporánea: lei de 2010, regulamento de 2012, protocolo de 2013 —estamos en 2017—. Pero aínda así cremos que paga a pena que o Partido Popular a traia hoxe ao debate, aínda que cremos que a súa redacción debería mellorar e que lle falta ao noso entender unha pata.

En primeiro lugar, na mellora da redacción, e con relación ao punto 1, vostedes piden que se determinen uns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas. Clara a auga, pero co de «criterios claros» non se sabe moi ben a que se refire. E por iso nós propoñémoslles que se substitúa por: «A determinación, por consenso coa Fegamp, de criterios obxectivos de prioridade na actuación dos investimentos en materia de obras hidráulicas por parte de Augas de Galicia» —está ben que nunha iniciativa destas características Augas de Galicia veña mencionada na solicitude que se lle fai ao Goberno, fundamentalmente porque é a que ten competencias— «e de criterios obxectivos de cofinanciamento destes investimentos». É necesario saber cal vai ser o campo de actuación de Augas de Galicia para que non faga as obras nos concellos que lle veña en gana senón pactadas coa Fegamp. E tamén é necesario que haxa criterios de cofinanciamento —por exemplo, de obras de captación— á marxe das emerxencias, que necesariamente se van ter que facer. Polo tanto, primeiro, o campo de actuación de Augas de Galicia e logo os criterios de actuación nos concellos, e sempre de maneira obxectiva, nunca nin discrecional, nin, por suposto, nunca arbitrarias.

En segundo lugar, para nós a pata que lle falta é un terceiro punto que inclúa: «O establecemento dun estándar de calidade das augas», porque así foi falado nas conversas de negociación coa Federación Galega de Municipios e Provincias.

En definitiva, nós propoñemos que se modifique o primeiro punto e que se inclúa un terceiro punto nesta proposición non de lei, que, efectivamente, sería urxente hai case nove anos, hoxe non lle vemos a urxencia e non vemos que vostedes teñan avanzado demasiado nesta materia.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra o señor Sánchez García.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Nós vemos algunha ausencia no discurso e na iniciativa. Falar da xestión da auga, de sustentabilidade, e non falar do modelo da privatización da xestión da auga e do saneamento da auga creo que é escapar á realidade. Falar da xestión da auga e non falar da corrupción na xestión privada da auga neste país da Pokémon é estar fóra da realidade, señor Trenor. (*Aplausos.*) Esa corrupción que tan ben coñecen vostedes, a operación Pokémon; a capacidade que tiña Aquagest tamén, ademais de Vendex, de facer «*regalos de la hostia*», de enchufar fillos de alcaldes que todos coñecemos. Iso é debido a que houbo unha opción política deliberada por axudar a introducir o negocio na xestión da auga. Porque a privatización da xestión da auga non é cuestión de eficiencia, señores do Partido Popular, é de negocio. E, claro, con ese negocio dun ben básico para a xente hai cartos para todo, hai cartos para os regalos, hai cartos para enchufar a xente, hai cartos para enchufar os fillos dalgúns alcaldes, aínda que sexan uns incapaces. E falar desta iniciativa sen falar diso é escapar á realidade.

Ben, vostedes falan na súa iniciativa dunha coordinación entre administracións, si. ¿Por que non falan dos efectos destas políticas durante os trinta anos que vostedes gobernaron neste país?, ¿cal é a situación das rías?, ¿cal é a situación das augas? Fagan un balance de se as súas políticas serviron para colocar Galicia nunha boa posición. En absoluto.

O modelo privatizador polo que vostedes apostan provoca varios efectos: primeiro, a ineficiencia. Non vale para falar de saneamento —como fixo o señor Trenor— falar dos millóns que se investiron, senón de como funcionan as infraestruturas que se construíron con eses millóns. Porque poden ser 1.100 millóns, señor Gonzalo Trenor, pero ¿cal é a situación desas infraestruturas?, ¿quen recupera custos aquí? O señor Florentino Pérez na depuradora de Ferrol, por exemplo. Cuestións como construír con diñeiro público, 38 millóns de euros, unha depuradora para despois ter dezaseis das vinte e catro horas do día como único persoal un garda de seguridade e cobrar taxas por saneamento e abastecemento carísimas, ¿iso non é o efecto das políticas de privatización?

E isto pasa ademais porque ao privatizar con contratos de como mínimo vinte anos a consecuencia é que a maioría dos concellos quedan sen información e sen capacidade de decidir sobre que obras hai que facer e como hai que facer as obras. Quen finalmente acaba facendo a política de infraestruturas de abastecemento e saneamento da auga son as propias empresas, que escollen as opcións que máis negocio lles van dar, tanto na construción como no mantemento; escollen os sistemas máis caros tanto na construción como no mantemento. Iso é o que pasa cando un concello leva vinte anos coa xestión da auga privatizada. E para nós é o quid da cuestión.

Se vostede mira o mapa de en que concellos se privatiza o servizo de saneamento e abastecemento de auga en Galicia verá que están concentrados no eixo atlántico, nas poboacións máis prósperas do país, e a partir de aí esténdense aos concellos adxacentes. ¿Por que? Porque as empresas só van onde hai rendibilidade. E nós queremos unha política da auga para todo o país.

Por iso na nosa emenda propoñemos que Augas de Galicia ten que ser ese instrumento de apoio a todos os concellos, os que teñan externalizado o servizo e os que non, para que os concellos teñan o coñecemento suficiente, polo menos, para controlar que as empresas non

están estafando os cidadáns. Que neste momento a maioría dos concellos nin teñen esa capacidade —xa non teñen técnicos nin sequera, nin coñecemento— para saber se unha obra é necesaria, se unha tecnoloxía é necesaria ou non, ou para saber se se está depurando ou non; é a empresa quen fai a política. E iso non pode acontecer porque, ao final, o que acontece é que se está contaminando e se lle está cobrando á xente do mesmo xeito.

E, por outro lado, nós na nosa emenda, señor Trenor, —unha cuestión non menor— reclamamos do Goberno do Estado a derogación da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, que é precisamente un impedimento para que os concellos retomen a xestión pública dos servizos. ¡Si, señor, á mantenta! Nos anos nos que coñeciamos toda a corrupción que había ao redor destes servizos, cando coñeciamos que era moito máis cara a xestión privada destas empresas que unha xestión directa, vostedes aprobaron esta lei para impedir que os concellos recuperen a xestión pública dos recursos.

Polo tanto, nós cremos que hai que cambiar de modelo...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...deixar o modelo do negocio da auga, deixar o modelo de mercantilizar a auga e facer unha política pública cun ben esencial.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: O Partido Popular tráenos aquí unha proposta de acordo político pola vía da urxencia para instar a Xunta de Galiza a dar prioridade á negociación coa Fegamp, co obxecto de acordar no próximo ano, no ano 2018 —non vemos por que non pode ser neste ano 2017—, a determinación de criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas e o establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia. E xa lle anunciamos que non imos apoiar esta proposta porque o que pretenden vostedes é dalgunha maneira avalar, lexitimar e branquear unha política pouco clara, pouco transparente por parte da Consellería de Medio Ambiente e de Augas de Galicia. Porque falou vostede aquí de investimentos de máis de 1.100 millóns de euros, e tal e como están as rías, tal e como está o país nesta materia, pois a verdade é que revelan bastante ineficacia na súa xestión.

Nós non imos apoiar esta iniciativa porque xa manifestamos no seu momento o desacordo con respecto á Lei de augas do ano 2010, tamén con respecto ao canon da auga e, principalmente —porque é o máis recente que xa denunciámos aquí—, coa política de investimentos da Consellería e de Augas de Galiza con respecto, por exemplo, ao ano 2016 —pero poderíamos facer referencia a outros anos pasados—, que é absolutamente partidista e sectaria. Xa denunciámos aquí que aplicando a Lei de transparencia, curiosamente, vos-

tedes fixeron público que en dous meses e medio no ano 2016 —do 13 de xuño ao 31 de agosto—, curiosamente en véspera dun proceso electoral, aprobaron sesenta e seis convenios desde Augas de Galiza, dos cales cincuenta e sete foron asinados con concellos gobernados polo Partido Popular. O 90 % dos recursos para o Partido Popular; é dicir, escurantismo, arbitrariedade e destino de fondos europeos e tamén de recursos que son produto do cobro do canon da auga, que, por certo, é recadado polos concellos, polas administracións locais. E neste sentido tamén a Fegamp xa lle fixo unha petición para que esa xestión do canon da auga a faga a propia Xunta de Galiza e os investimentos vaian destinados aos concellos.

Efectivamente, vostedes asinaron no ano 2013 un protocolo local da auga para o desenvolvemento do Pacto local da auga. É verdade que neste tempo —xa pasaron máis de tres anos— hai poucos resultados. Hai unha comisión técnica, unha comisión institucional, hai estudos, hai informes, pero non hai ningunha concreción. E non vemos tampouco por que despois de levar máis de oito anos gobernando temos que esperar ao 2018 para que se tomen iniciativas a este respecto.

Desde logo, nós si que defendemos que haxa criterios e prioridades no investimento nas obras de abastecemento de auga, de saneamento e tamén de depuración. Pensamos que hai que priorizar o investimento nas rías, que aínda queda moito por facer, pois hai situacións realmente moi alarmantes no estado das rías, e tamén equilibrar os investimentos a nivel territorial, tendo en conta tamén as necesidades dos pequenos concellos do interior.

E, sobre todo, o máis importante é acabar con esas prácticas partidistas, escurantistas e clientelares, que é a norma no funcionamento de Augas de Galiza e na Consellería de Medio Ambiente. E poderíamos poñer moitos exemplos, pero voulle citar só dous. Xa lle falamos aquí do proxecto que lle presentaron o Concello de San Sadurniño e o Concello de Narón. Vostedes moito falar de cooperación intermunicipal pero despois de pedirles que fixesen un proxecto e outro proxecto despois deixáronos fóra dos investimentos. Ou o caso tamén do Concello de Pontevedra, que tiñan asinado un convenio para o saneamento do río Gafos e tirárono ao lixo e incumprírono de maneira flagrante.

Polo tanto, non imos apoiar esta iniciativa, non imos avalar a política que está a facer Augas de Galiza e a Consellería de Medio Ambiente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Trenor.

O señor TRENOR LÓPEZ: Señora Vilán, imos aceptar o seu primeiro punto, o primeiro punto da emenda do Partido Socialista de Galicia, xa que cambiar de «criterios claros» a «criterios obxectivos de cofinanciamento» vai na esencia da iniciativa que nós presentamos. Iso é o que nós pretendiamos expresar: ter claros non só os nosos criterios, que xa os temos, senón que ter tamén claros os criterios que afectan a todos, os que afectan os concellos e os que afectan as deputacións.

En relación co segundo punto, nós entendemos que os estándares de calidade das augas están perfectamente regulados a través da Directiva marco da auga e do resto de directivas específicas, e ao estar xa establecidos na normativa pois sería redundante.

En canto ao señor Sánchez, señor Sánchez, co fácil que é vir aquí e falar, expresar as ideas e non ofender. Entendemos que cando un o único que pretende é ofender o resto dos deputados desta Cámara, bueno, pois é porque os argumentos que ten son moi febles. É verdade que se cada vez que van vostedes a algún foro ofenden pois logo acaban como acaban os seus foros: dividíndose, pelexándose e buscando máis trifulcas das necesarias. *(Aplausos.)*

Mire, a lei á que vostede fai referencia non impide a xestión directa, non a impide. Ou sexa, se non o fan é porque vostedes son incapaces de xestionar, son incapaces de cumprir os seus programas electorais. E se son incapaces pode ser porque sexan pouco competentes ou porque cando fixeron o seu programa electoral estaban a mentir.

Non son capaces de xestionar; non son capaces de executar o orzamento dos concellos; non son capaces de sacar adiante as licenzas que se lles están a solicitar, nun 46 % reduciuse na miña cidade a concesión de licencias; non xestionan o persoal, son incapaces de xestionar incluso o persoal do concellos; e non son capaces de remunicipalizar, que é o que levaban vostedes no seu programa. Falaron das bibliotecas, seguen sen facelo; falaron dos xardíns, seguen sen facelo; falaron da grúa, seguen sen facelo. E falo da miña cidade, e bótannos a nós a culpa. Bueno, pois eu penso que son vostedes os que mentiron porque sabían que non ían cumprilo e, sen embargo, aínda así preferiron levalo no seu programa.

Fixérono, é verdade, fixérono en Teo. E ¿cal é a experiencia de Teo? Non son capaces de facer ben esa xestión, teñen que contratar esas empresas, que vostede chama corruptas, para que lles axuden, e os veciños teñen que facer dous pagos: por un lado, a xestión, a súa xestión negligente, e, por outro lado, teñen que pagarlles a estas empresas para que fagan o que vostedes non son capaces de facer.

Miren, señorías, sigan vostedes dándose patadas, dándose empuxóns, insultándose; nós seguiremos preocupándonos polo noso país.

A firma do Protocolo para o desenvolvemento do Pacto local para a xestión do ciclo da auga... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. ¡Silencio!

O señor TRENOR LÓPEZ: ...marcou o inicio da colaboración entre as administracións e dun traballo coordinado que se leva a cabo co ambicioso obxectivo de conseguir fixar as bases para unha ordenación sustentable, económica e ambientalmente do ciclo da auga; conseguir tamén establecer uns criterios obxectivos, previamente establecidos, e respecto dos que se consiga un compromiso global de aplicación para poder acadar a calidade na prestación destes servizos básicos e fundamentais para toda a cidadanía.

Queremos con esta iniciativa apoiar o traballo da Xunta de Galicia, continuando co compromiso e co esforzo que está a realizar, impulsando a colaboración e a realización dun labor permanente que permita entre todos, contando tamén co traballo da Fegamp e das deputacións provinciais, sentar esas bases de aplicación común para a xestión eficaz e eficiente do servizo do ciclo urbano da auga.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Trenor.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Finalizado o debate das proposicións non de lei, pasamos ás votacións.

Comezamos votando a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Ana Belén Pontón Mondelo.

O PSOE solicitou a votación por puntos e parece ser que se acepta. Entón, hai dous puntos.

Votamos, en primeiro lugar, o punto primeiro.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento das súas competencias en materia de consumo en relación co control dos produtos financeiros emitidos polas entidades bancarias para os clientes e os seus procesos de comercialización.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 1 desta proposición non de lei.

Votamos agora o punto segundo desta proposición non de lei. Votamos.

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para o desenvolvemento das súas competencias en materia de consumo en relación co control dos produtos financeiros emitidos polas entidades bancarias para os clientes e os seus procesos de comercialización.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 20; votos en contra, 54.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 2 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Consecuentemente, queda rexeitada esta proposición non de lei.

Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Moisés Blanco Paradelo. Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Moisés Blanco Paradelo e trece deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para garantir o cumprimento dos obxectivos europeos de cobertura das redes de telecomunicación de nova xeración e aumentar a eficiencia dos fondos públicos, así como posibilitar o acceso a unha velocidade de 30 megabits por segundo, cando menos, ao 90 % dos habitantes das poboacións de menos de cinco mil habitantes en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votación da proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Luis Villares Naveira.

Acéptanse as emendas, pero como de engádega. Polo tanto, votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e tres deputados/as máis, sobre o establecemento polo Goberno galego do servizo público de dragaxe portuaria e doutros espazos do dominio público marítimo-terrestre na comunidade autónoma de Galicia, así como a adquisición dunha embarcación de draga para esta finalidade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a seguir a do Grupo Parlamentario do En Marea, sobre a execución pola Xunta de Galicia, no ano 2017, das obras do Plan de regadío da comarca da Limia.

Hai unha transacción que me fixeron chegar e que leo co seu permiso: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a iniciar a licitación das obras do plan de modernización de regadío da comarca da Limia antes de xuño de 2018».

Este é o texto que imos votar. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D^a Paula Quinteiro Araújo e D. David Rodríguez Estévez, sobre a execución pola Xunta de Galicia, no ano 2017, das obras do Plan de regadío da comarca da Limia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Juan Manuel Díaz Villoslada.

Hai unha transacción que xa foi explicada polo señor deputado do Grupo Socialista, pero se nola quere ler.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: En principio, había unha solicitude de votación por puntos, e neses termos ofreceríamos esa transacción. Pero parece ser que o Grupo Popular non acepta eses puntos e, polo tanto, non procedería votar por puntos.

O señor PRESIDENTE: Entón, ¿votamos como está?

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Si.

O señor PRESIDENTE: Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e catro deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación coa oferta pública de emprego para o ano 2017.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa memoria histórica.

Foi solicitada a votación por puntos polo Grupo Socialista, que foi aceptada, e, en concreto, piden votar separado o punto 3 bis.a) e o punto 4.c). A PNL ten seis puntos e votamos en concreto estes dous puntos con letras, que son os que pide por separado o Grupo Socialista: o 3 bis.a) e o 4.c). (Murmurios.) Votamos.

Votación dos puntos 3 bis.a) e 4.c) da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa memoria histórica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 41; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes dous puntos desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Agora votamos o resto dos puntos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, agás os puntos xa votados, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa memoria histórica.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 34; votos en contra, 41.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos e a proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votación da Proposición non de lei, do G. P. dos Socialistas, sobre as demandas ao Goberno central en relación coa restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema nacional de saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017.*

Pediuse a votación por puntos, que foi aceptada. En concreto, hai tres puntos.

Imos comezando. Votamos, en primeiro lugar, o punto primeiro. Votamos.

Votación do punto 1 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema nacional de saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 1 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos o punto segundo.

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema nacional de saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 75.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado o punto 2 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos o terceiro punto desta proposición non de lei.*

Votación do punto 3 da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D^a Noela Blanco Rodríguez, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coas restricións impostas ás comunidades autónomas mediante as limitacións ás taxas de reposición de prazas no Sistema nacional de saúde, a convocatoria dunha OPE no ano 2017, así como o establecemento dun plan plurianual de contratación na sanidade pública.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 28; en contra, 41; abstencións, 6.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado o punto 3 desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Por último, votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Gonzalo Trenor López.*

Foi aceptado o primeiro punto do Grupo Parlamentario Socialista en substitución do primeiro do Grupo Parlamentario Popular. Esta é a proposta, é así.

Votamos, polo tanto, esta proposta. Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Gonzalo Trenor López e trece deputados/as máis, sobre a actuación que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa negociación coa Federación Galega de Municipios e Provincias duns criterios claros de prioridade nos investimentos en materia de obras hidráulicas, así como o establecemento dunha estrutura tarifaria de referencia para a xestión da auga

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; votos en contra, 14; abstencións, 6.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Pasamos a debater agora o punto cuarto da orde do día, interpelacións.*

Interpelación de D^a Noela Blanco Rodríguez e D. Julio Torrado Quintela, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa situación económica e social da mocidade

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Blanco Rodríguez.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señores e señoras deputadas. Moi bo día tamén para vostede, señor conselleiro.

Hoxe ímolo interpelar a respecto dun dos colectivos que, baixo o noso punto de vista, máis leva sufrido non soamente os envites desta crise económica, senón que foi empregado, utilizado tamén como escusa para aplicar medidas que acabaron sendo antisociais e mesmo que fixeron dano a este colectivo. Refírome á mocidade, que xunto coas mulleres e xunto cos parados de longa duración son os tres colectivos que máis saíron damnificados de toda esta situación.

Onte tentabamos impulsar a toma de medidas para facer aquilo que non fai o Goberno da Xunta de Galicia, que é intentar acabar coa precariedade no eido laboral para as mulleres. Non o conseguimos nesta Cámara, posto que o Goberno, o grupo maioritario nesta Cámara, o Partido Popular, antepuxo os intereses do seu partido, dalgúns membros do seu partido, aos de milleiros de mulleres que ven como se está a precarizar a súa vida laboral. Esperemos que cando se substancie esta moción resultado da interpelación de hoxe non volvamos ter este problema e poidamos avanzar na calidade de vida dos mozos e mozas.

Unha mocidade que se atopa con tremendas dificultades para ingresar no mercado laboral. Hai, señor conselleiro, segundo datos oficiais, 85.000 mozos e mozas de idades comprendidas entre os 16 e os 29 anos menos ocupados a respecto do ano 2009, cando chegaron ao goberno vostedes. ¿E que ocorre cos que atopan un posto de traballo? Que se teñen que enfrontar a salarios baixos, denigrantes en moitos casos, que son os terceiros máis baixos de toda España; non soamente a respecto das percepcións salariais, senón tamén con base na temporalidade. Dos que teñen un posto de traballo dous terzos teñen contratos temporais, máis do 65 % teñen contratos que non chegan a unha semana de duración. A falta de emprego ou, no seu defecto, o encadeamento de contratos precarios leva a mocidade a ter que renunciar ao seu proxecto de vida, a ter un freo no seu camiño, a levar unha vida de adolescentes cando xa son adultos.

E como adultos deben ser tratados tamén con base na consolidación dos seus dereitos. Un deles, por exemplo, o de saír dos seus fogares, o de independizarse. Temos, señor conselleiro, a taxa de emancipación máis baixa de toda España, soamente por detrás da Comunidade canaria. Entendo, e espero que estea de acordo comigo, que algo terá que ver que un mozo galego deba destinar o 53 % do seu salario ao alugueiro ou a unha hipoteca. Estes son datos do Observatorio de Emancipación do Consejo de la Juventud de España do primeiro semestre do ano 2016; son datos dramáticos, detrás dos cales hai milleiros de mozos e mozas sen poder dar un salto á vida adulta.

Os que tiran a toalla, os que se cansan de levantarse cada mañá para enviar currículos a través de Internet, ou que deambulan por empresas case mendigando un posto de traballo, deciden marchar. Deciden marchar nunha viñeta que eu creo que representa ben Davila —que supoño que todos vostedes a coñecen, vostede tamén, señor conselleiro—, onde un mozo

cunha maletiña, que podería ser en calquera dos aeroportos de Galicia, di: «Buscando por vir, déuseme por marchar». Non marchan porque queren nin como dixo recentemente o ministro de Exteriores por «inquietude» nin por «amplitude de miras». Marchan porque teñen unha remuneración indecente en moitos casos, porque non poden manter nin formar un fogar. Se non, non emigrarían a outra parte do mundo recentemente rematados os seus estudos.

É certo que agora mesmo recibimos máis mozos e mozas dos que saen; é certo, señor conselleiro. ¿Pero quen son os que volven? Aqueles con escasa formación, os que se dedicaron no seu momento ao ladrillo, os que marcharon a traballar na construción a Canarias ou á costa levantina, ou aqueles que volven porque marcharon ao estranxeiro e as condicións impostas noutros países máis aló das nosas fronteiras rozan a escravitude e son insostibles.

¿E que pasa con aqueles nos que investimos máis en formación? Segundo os datos da súa propia consellería, en concreto do Instituto Galego de Cualificación, por cada universitario menor de 30 anos que chegou a Galicia atraído por un posto de traballo nos últimos anos, marcharon outros dous. Eu non sei o que lle parece a vostede; dende o Grupo Socialista a valoración que facemos é que isto é inadmisibile.

Ou ben sumida na precariedade laboral ou saíndo do país, a nosa mocidade enfróntase a dous sentimentos: o da frustración e o da desesperanza. O da frustración que xera escoitar un día tras outro que son a xeración mellor preparada da historia deste país, a mellor formada, e ao mesmo tempo sendo conscientes de que iso non lles serve para poder labrarse un futuro. O da desesperanza, a desesperanza que xera ter un Goberno que di que todo marcha ben ou mellor polo menos, e iso cando ti segues igual de mal que hai dous e tres anos.

Ante esta situación, ¿que fixeron vostedes? Reduciron un 28 % a respecto do ano 2009 os orzamentos en materia de xuventude. Rexeitaron ducias, e atrévome a dicir que centenaes, durante estes anos de emendas do Partido Socialista para incrementar a dotación orzamentaria en materia de xuventude.

E despois está o tema do Plan de garantía xuvenil 2014-2017. É importante ubicarse no tempo, estamos no 2017, quedan soamente uns meses e levamos gastados 5 dos 39 millóns que estaban dispoñibles, é dicir, un 12,8 %. Despois de tres anos sen facer practicamente nada, España recibiu avisos non soamente de organizacións, de organismos, de entidades a nivel interno como o Consejo de la Juventud de España, senón da propia OCDE, da Comisión Europea, non soamente a respecto do baixo nivel de execución destes orzamentos, senón na calidade dos servizos.

Señor conselleiro, a estes mozos e mozas, en termos de emprego, de prácticas e de formación, a saída que se lles dá é temporal, é pan para hoxe e fame para mañá. Son contratos de seis meses que nunca chegan a consolidar un posto de traballo estable.

Eu hoxe quérolle preguntar que fixeron para mellorar a aplicación deste plan en Galicia. Nós somos conscientes de que hai agora mesmo unha reforma desta normativa que se aprobou no Congreso dos Deputados —señor conselleiro, antes de que mo diga, eu son consciente,

sigo a actividade tamén no Congreso—, que apoiou o Grupo Socialista, por suposto que si, e que aínda que consideramos insuficiente nos termos en que foi redactada polo Goberno, si que vén corrixir algúns problemas. Pero eu quero saber que fixeron vostedes ata a entrada en vigor, porque estamos falando dun período dende o ano 2014 e esta normativa acaba de entrar en vigor agora; se reclamaron algo ao Goberno de España ou se tomaron algún tipo de iniciativa ao respecto.

E tamén para falar de futuro, que eu sei que vostede sempre prefire que me refira ao que van facer a continuación e non a falar do pasado, as medidas que van poñer en marcha para mudar esta situación, que imaxino que coincidirá comigo en que é totalmente insostible.

A nós non nos parece dende logo que vaíamos polo bo camiño como acostuman a dicir vostedes. Todo o contrario, pensamos que a situación social e laboral da mocidade segue camiñando por un sendeiro tortuoso e cheo de fochancas, no que a miúdo tropeza o proxecto de vida de milleiros de persoas.

Por iso hoxe, señor conselleiro, por iso hoxe, señor conselleiro —é que non sei que é o que xera tanto motivo de risa, despois explicáramo, estou convencida—, queríamos que nos dera resposta ás preguntas que veñen na iniciativa, que son preguntas que non soamente nós facemos dende o Grupo Socialista, son preguntas que se fan os milleiros de mozos e mozas, os que quedan aquí sen esperanza e os que saíron e tampouco teñen ningún tipo de previsión para voltar ao seu país, á súa terra, estar coas súas familias e co seu contorno, que bastante duro é, a pesar de que haxa membros do Goberno que chamen «mobilidade exterior» e membros do Goberno como o ministro de Asuntos Exteriores —como comentaba antes— que non lles parece un drama familiar. A nós si nolo parece a perda dun potencial tremendo para este país, non soamente en termos económicos e en termos sociais, en termos persoais tamén.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Blanco, cando lin a súa iniciativa tiven curiosidade por saber se hoxe vostede ía apoiar ou non as súas opinións en estatísticas, e sobre todo tiña curiosidade por saber se esta vez ía utilizar esas estatísticas para tentar reflectir a visión que o Grupo Socialista quere trasladar sobre Galicia. E teño que recoñecerlle que neste caso cumpríu todas as expectativas. Porque unha vez máis vostede omite todos os datos que amosan que Galicia está avanzando; omite que a taxa de emprego dos menores de 30 anos supera a do inicio da segunda lexislatura; omite que Galicia está mellor que a media de España, e moito mellor, por certo, que outras

comunidades autónomas que son os seus referentes dende o punto de vista de políticas activas de emprego, como é, por exemplo, Andalucía, que ten unha taxa de emprego de menores de 30 anos sete puntos inferior á que temos en Galicia; e sobre todo omite que este goberno si actúa e si está tomando medidas concretas para dar novas oportunidades aos máis mozos.

Voulle dar un dato, un dato concreto, que é que son 150 millóns de euros os que este goberno ten dedicado a políticas activas de emprego na última lexislatura. E outro dato é que cada ano se benefician destas medidas 33.000 mozos e mozas menores de 30 anos. Son datos concretos de actuación de como o Goberno intenta abrir novas oportunidades para os nosos mozos e as nosas mozas.

Polo tanto, eu respondo á súa pregunta. A Xunta de Galicia claro que ten medidas concretas para favorecer o emprego entre a mocidade. E témolas dende o primeiro momento, e ademais con resultados concretos, porque vostede sabe que o número de ocupados está crescendo un 4 % entre os menores de 30 anos; tamén sabe que está crescendo a súa ocupación a xornada completa, concretamente un 3,1 %; e tamén sabe que os asalariados cun contrato de traballo indefinido tamén están crescendo un 9 %.

Con todo, señora Blanco, aínda non estamos satisfeitos porque, efectivamente, as consecuencias da crise económica están sen solucionar de todo, e loxicamente temos que seguir traballando. Pero, sinceramente, non creo que sexa xusto que lles diga ás mozas e aos mozos galegos que en Galicia non teñen unha saída; non é xusto porque, ademais, non é verdade. E moito menos é xusto —e volvo reflectir o dato aquí nesta Cámara— que intente enganar os máis xóvenes, porque non é verdade que Galicia sexa un país de emigrantes; por moitas viñetas que vostede traia aquí non é certo. E vostede sabe que dende o ano 2009 o saldo migratorio de Galicia co estranxeiro entre as persoas de 19 a 29 anos é positivo. Señoría, dende o ano 2009 ese saldo migratorio é positivo en Galicia. Polo tanto, sinceramente, nin é xusto que vostede queira trasladar aquí que os xóvenes non teñen unha saída, pero é menos aceptable que vostede siga intentando enganar os xóvenes, intentando trasladar á sociedade galega que Galicia é un país de emigrantes. Nin é xusto, señoría, nin é verdade.

Vostede sabe perfectamente que temos un problema demográfico en Galicia, que explica, efectivamente, a caída dos menores de 30 anos, pero un problema que é exactamente igual non só en Galicia senón tamén en España e en Europa. Polo tanto, é un problema que temos o conxunto dos países europeos. Por iso as tres administracións creo que temos que traballar conxuntamente para abordar este desafío. E por iso sabe que o Goberno galego ofreceu a esta Cámara un pacto político, social e económico para a demografía, no que estamos a traballar, e que esperamos, loxicamente, que o Partido Socialista de Galicia se poida unir a el.

En canto ao emprego, vostede sabe que o emprego, especialmente entre os máis xóvenes, é dende logo a máxima prioridade do Goberno galego. Foino antes, cando tivemos que dedicar recursos a conter a crise económica e a impulsar a recuperación, e de feito temos case a metade menos de menores de 30 anos en situación de desemprego que hai catro anos, e tamén o é agora, cando levamos tres anos crescendo e cando as expectativas para a economía de Galicia continúan en positivo.

Os compromisos están recollidos na Axenda 2020 e son moi concretos: xerar entre 80.000 e 100.000 postos de traballo na lexislatura, reducir a taxa de paro ata o 10 % e crear ou converter 50.000 contratos en indefinidos, entre outros. E sabe que no ano 2016 cumprimos perfectamente ese obxectivo reducindo o desemprego en Galicia en máis de vinte mil persoas. Todos estes obxectivos, señoría, están recollidos nesta axenda, que intenta impulsar un marco máis favorable para crear novos empregos, e, sobre todo —e é un obxectivo compartido co Partido Socialista—, loxicamente, que eses novos empregos tamén teñan unha maior calidade. Unha axenda na que os menores de 30 anos, dende logo, seguen a ser un colectivo prioritario, polo que este ano 2017 destinaremos preto de 40 millóns de euros precisamente ás diferentes políticas activas de emprego. En concreto, eses 40 millóns de euros dedicarémolos a formación, a contratación e a emprendemento. Eses son os tres obxectivos que están marcados claramente na folla de ruta para os máis xóvenes: formación, contratación e emprendemento.

A formación, dende logo, é clave para adaptar as necesidades dos nosos xóvenes ás demandas do mercado laboral. Temos que facilitar a súa adaptación ás novas tecnoloxías, por iso cada ano son 6.000 os menores de 30 anos que participan nos diferentes cursos de formación e nos obradoiros de emprego. En definitiva, estamos intentando adaptar a formación dos nosos xóvenes precisamente ás exixencias desas novas tecnoloxías, ás exixencias idiomáticas e tamén ás exixencias da Industria 4.0

Tamén, como sabe, estamos traballando dende o punto de vista sectorial. Lanzamos o I Plan sectorial de formación en Galicia, dirixido ao sector naval, no que investiremos 12 millóns de euros en 170 cursos, e tamén imos mellorar a cualificación de 3.000 profesionais galegos neste sector.

Ademais da formación, seguiremos traballando na contratación. Temos incentivos que poden chegar ata os 14.000 euros no caso da contratación indefinida inicial, e sirva como exemplo que dos traballadores e traballadoras que tiveron axuda da Xunta de Galicia para atopar un emprego en materia de contratación, o 47 %, señoría, son mozos.

En terceiro lugar, ademais da formación e a contratación, intentaremos fomentar a actividade emprendedora. Na innovación, na aposta polo talento, é onde están as maiores oportunidades. Seguiremos impulsando a rede de aceleradoras que temos en colaboración coas diferentes institucións, e seguiremos desenvolvendo ese programa de captación de talento innovador que amplíe as oportunidades que nestes momentos, a través dos programas Oportunius e Principia, temos á disposición dos máis xoves. En definitiva, señorías, seguimos apostando.

Fala vostede do Plan de garantía xuvenil. Eu creo que vostede sabe perfectamente que ese plan, a implementación dese programa, atrasouse en toda España, coñéceo perfectamente, e sabe tamén que no informe da avaliación correspondente a decembro do ano 2015 di textualmente: «Galicia presenta un nivel de orzamento executado elevado». De feito, sabe que o nivel de execución na nosa comunidade autónoma está por riba da media nacional. Pode ser que se confundira nos datos das diferentes comunidades autónomas e vira que, efectivamente, en Andalucía presentan un nivel de execución nulo, pero nestes momentos Galicia está por riba da media nacional.

Polo tanto, señora Blanco, os feitos amosan que Galicia está a recuperarse da crise económica e que está a avanzar. Os feitos amosan que estamos sentando as bases para que o camiño que nos queda por percorrer sexa máis doado e que lles permita abrir novas oportunidades aos xoves, e, dende logo, os feitos amosan que este Goberno si ten medidas concretas, si ten políticas activas de emprego en materia de formación, en materia de contratación e en materia de emprendemento que son oportunidades para os nosos mozos e as nosas mozas.

Só queda, señoría, que a oposición entenda que estamos nun tempo de responsabilidade, que estamos nun tempo de diálogo e, polo tanto, que estamos nun tempo de identificar conxuntamente políticas que permitan que, efectivamente, esa inserción laboral cada vez sexa maior entre os nosos mozos e as nosas mozas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moitas grazas, presidente.

Señor conselleiro, que non teñen saídas non necesitan que llelo diga nin esta deputada nin ninguén, xa o saben eles, ou, se as teñen, son por terra, por mar e por aire. Esas son as que teñen grazas ás súas políticas. Así que non me trate de mentirosa nin trate de dicir que este grupo intenta enganar. Igual son vostedes os que teñen unha venda e non queren ver a realidade que hai máis aló das nosas fronteiras.

Señor conselleiro, vostede falaba agora do Plan de garantía xuvenil. É certo que estamos por riba da media, se non me equivoco, 0,1 % por encima da media estatal, que tampouco é moi alta; e tampouco é moi alta porque houbo un freo por parte do Goberno de España, do Partido Popular.

Pero miren, vostedes nin sequera fixeron nada para presionar o Goberno de España para que mellorara as actuacións en materia deste plan. Houbo unha reunión de doce presidentes e presidentas de comunidades autónomas en decembro do ano pasado, se non me trabuco de data, onde eu non vin por ningún lado o presidente Feijóo, ese que presume tantísimo de que vai a Madrid a defender a nosa comunidade autónoma. Había presidentes de todas as cores políticas, menos do Partido Popular, para mellorar o Plan de garantía xuvenil, e se o melloraron vostedes foi porque a presión dalgunhas comunidades autónomas foi insoportable. Se o melloraron vostedes —que tampouco foi o suficiente—, foi pola presión dos sindicatos, foi por iso, señor conselleiro. E por algo aínda máis importante, porque perderon a maioría absoluta e non teñen disposición no Congreso de facer o que lles dea a gana; agora si que xa non, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

E a deixadez do señor Feijóo ocorría mentres aquí se lle denegaba o Plan de garantía xuvenil a persoas que tiñan un contrato dun día, ou dunhas horas incluso, ás que se expulsaba automaticamente. E mire..., *(Interrupcións.) (Murmurios.)* —¿podo seguir, señor presidente?—

a nós non deixa de resultarnos curioso que vostedes presuman de expansión económica. No ano 2016 medramos menos que no resto de España: PIB, media renda per cápita, doce puntos menos que España, 20 puntos menos que a Unión Europea. É igual, aínda que houbera esa expansión, imos poñernos en que haxa esa expansión, vaia onda eses mozos e mozas, os que están agora mesmo traballando ao mes por 300 ou 400 euros, que están traballando por horas, e dígalles que non hai problema porque temos expansión económica, pois eles non notan esa expansión nas súas contas correntes nin notan esa expansión para poder levar a cabo o seu proxecto de vida, pero hai unha expansión económica e hai unha desigualdade —esa é a base de todo, señor conselleiro— que os fai seguir manténdose no fogar materno ou, como moito, ter que coller a maleta para marchar.

Tres liñas, se non me equivoco. Formación. ¡Claro!, tamén ten graza que veña vostede aquí presumir de formación cando non se convocaron os cursos sequera do ano pasado.

Emprendemento. Eu supoño que se refire a un programa que leva creado creo que tres ou catro anos —¿non, señor conselleiro?— por parte da Xunta de Galicia e que ten un éxito enorme. Ten un éxito tan grande que ata agora atendeu, en catro anos, 50 casos. ¡Cincuenta casos de emprendemento, señor conselleiro, coa situación que había neste país e que segue habendo!

E contratación. O 47 % son mozos e mozas. ¡Home, claro, señor conselleiro! ¿Como non van ser, se seguen en situación de desemprego os poucos que quedan aquí?

Está claro que as medidas que toman vostedes, que tomaron ata o de agora, non funcionaron, porque, se funcionaran, a mocidade non estaría na situación social e económica na que se atopa neste país. Por iso eu lle volvo preguntar que van facer vostedes a partir de agora para mudar esa situación; que propostas teñen; que políticas van poñer en marcha para un sector importantísimo que non soamente é o futuro da nosa comunidade autónoma, senón que é tamén o noso presente.

Estamos, señor conselleiro, a deixar sen oportunidades non a unha xeración, senón a máis dunha xeración completa, o cal nin é xusto nin nolo podemos permitir dende o punto de vista social e económico como país. Pídlle que reflexione, pídlle que mire os datos, que son reais, que son algúns do seu propio departamento, do seu propio goberno ou do IGE, e que analice se é posible e se é necesario facer un cambio que devolva a esperanza e que quite a frustración de milleiros de mozos e mozas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Grazas, señor presidente.

Señora Blanco, agora espero que entenda por que comecei a miña primeira intervención trasladando esa curiosidade que eu tiña para saber se vostede se ía apoiar ou non en estatísticas.

E claro, agora que lle dan igual os datos, agora que lle dá igual o que pasou no ano 2016... Díxoo nesta tribuna, dálle igual. Pode ser que no 2016 o comportamento de España fora mellor ou peor, dálle igual. Mire, señoría, eu creo que, efectivamente, a situación macroeconómica de Galicia no ano 2016 tivo un comportamento moito mellor que a media española en termos de exportacións, en termos de índice de produción industrial, en termos de crecemento. E vir aquí dicir que lle dá igual cales sexan eses datos, realmente é unha situación que, efectivamente, a min me produce unha certa curiosidade. Pero, mire, eu creo que aquí hai que vir avalar con datos. Entón, eu sinto que non lle guste, pero cando eu lle traslado que o saldo migratorio de Galicia co estranxeiro entre as persoas de 16 a 29 anos é positivo dende o ano 2009, iso é unha realidade. Intentar trasladar nesta Cámara que Galicia é un país de emigrantes é simplemente intentar enganar a xente. E dígolle máis, e voulle dar outro dato concreto, no ano 2015 Galicia foi a comunidade autónoma con menor emigración xuvenil, e ese, señoría, é o dato real. Polo tanto, vir aquí distorsionar a realidade —xa llo dixen— non me parece xusto, e, dende logo, non é unha resposta da realidade.

En canto á calidade do emprego, é certo que temos que mellorar, sen dúbida. É certo que temos que mellorar especialmente cos máis novos, e creo que aí é onde temos que traballar. Pero, señoría, os asalariados menores de 30 anos cun contrato indefinido están crecendo nun 9 %. Está crecendo a súa ocupación a xornada completa concretamente nun 3,1 %, e 3 de cada 4 menores de 30 anos, señoría, ten un traballo a tempo completo. Esa é a realidade e a tendencia que está marcando Galicia, e, loxicamente, claro que temos que mellorar e claro que temos que seguir abrindo novas oportunidades, pero creo que non é realista intentar trasladar nesta Cámara unha situación de desesperanza como vostedes intentan trasladar, porque non é a realidade na que estamos a desenvolvernos.

Efectivamente, continuaremos coas medidas que vimos desenvolvendo para abrir esas oportunidades aos xoves; traballaremos para orientación e asesoramento. Seguiremos impulsando a formación homologada con certificados de calidade; traballando na formación de idiomas e na formación das novas tecnoloxías. Abríndolles oportunidades aos xoves a través de prácticas non laborais e tamén a través de incentivos á contratación, e por suposto que seguiremos traballando en incentivos a través do emprendemento da economía social.

Señoría, vir aquí dicir que en materia de emprendemento este goberno simplemente atendeu 50 proxectos é simplemente descoñecer absolutamente o mapa de apoio ao emprendemento que está desenvolvendo este Goberno. Parece que vostede non coñece o programa ViaGalicia, que non coñece o programa Galicia Open Future, que non coñece o programa con Vodafone, que non coñece o programa de *coworking* coa Escola de Organización Industrial. Parece que non coñece o programa de aceleradoras Agrobiotech, parece que descoñece que en Galicia estamos desenvolvendo un programa de emprendemento específico para Bussines Factory no sector da automoción e parece que vostede descoñece que na pasada lexislatura este Goberno dedicou 12 millóns de euros para 500 proxectos que se están emprendendo e que están creando emprego en Galicia. Lamento que ese sexa o coñecemento que vostede ten da realidade.

E para rematar, señoría, o Programa de garantía xuvenil. Este goberno na Conferencia sectorial, que é o marco onde hai que desenvolver as demandas das diferentes comunidades autónomas, vén reclamando dende hai varios anos que se poida mellorar ese programa de

garantía xuvenil. E a resposta do Goberno foi contundente, efectivamente, ese real decreto permite que o sistema poida ser automático e que, polo tanto, os xoves que estean rexistrados no paro pasen a ser automaticamente xoves inscritos no programa de garantía xuvenil, e con esa medida intentar mellorar a execución por parte de todas as comunidades autónomas. Vir aquí facer partidismo é outro descoñecemento da realidade de como funciona unha conferencia sectorial.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Modificación no desenvolvemento da sesión plenaria

O señor PRESIDENTE: Antes de suspender a sesión ata as dezaseis trinta, comunícolles unha alteración na orde do día. Antes de substanciar as dúas interpelacións, formularase a pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego que figura en primeiro lugar. Isto farémolo ás catro e media.

Suspendemos a sesión ata as 16.30. Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e seis minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos da tarde.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Retomamos a sesión coas preguntas ao Goberno, tal e como foi comentado anteriormente.

Pregunta de D^a Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as afirmacións realizadas en relación coas mulleres no discurso institucional do alcalde de Noia con motivo da celebración do Día Internacional da Muller o 8 de marzo de 2017

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Olalla Rodil Fernández, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Conselleiro, fálalle aquí unha muller capaz de tocarlle as narices sen achegarse. (*Aplausos.*) De antemán pídlle, despois do que puidemos escoitar onte no pleno de Noia por parte do señor Santiago Freire, que evite na súa intervención vitimizar o alcalde. Porque é ben triste —por non dicir outra cousa— que intenten presentarnos ese señor como vítima despois de dicir —cómpre lembrar que nun acto institucional co gallo do 8 de marzo, o Día Internacional das Mulleres— que son moitas as dificultades fisiolóxicas que temos a respecto dos homes e que iso nos implica e nos complica moito para facer traballos de forza física, que sangramos sen contarnos e que somos quen de dar a luz sen corrente. Declaracións que non son desafortunadas, non. Son misóxinas e absolutamente inadmisíbeis nun responsábel po-

lítico e representante institucional. (*Aplausos.*) Pero, ademais, son declaracións que poñen en evidencia varias cousas: o que implica o feminismo sen etiquetas que pregoa o Partido Popular, o machismo rampante que impera nesta sociedade, a permisividade coa que se actúa cando comportamentos misóxinos se revisten con falso humor e a dupla vara de medir que teñen vostedes en función de quen veñan os supostos chistes. E, repito, son inadmisíbeis en calquera caso.

Mire, se queremos cambiar as cousas, se é certo que traballamos por unha sociedade diferente, da que lixemos actitudes, comportamentos e estereotipos machistas, temos que dar exemplo arrincando de raíz calquera comportamento denigrante. ¿Cren que é admisíbel nun responsable político e institucional este tratamento vexatorio cara ás mulleres que retrata, por certo, os máis básicos prexuízos machistas? A este señor só lle faltou dicir que non sabemos conducir ou que non somos quen de aparcar un vehículo. ¿Cren que unha persoa coa mentalidade machirula deste señor pode traballar pola equidade entre mulleres e homes? Porque nós cremos que máis ben debería estar procurando onde apuntarse para obter algún tipo de formación en materia de xénero, iso para ir comezando.

¿Que mensaxe lanzamos á sociedade se colectivamente non rexeitamos actitudes, comportamentos e comentarios como os do señor Santiago Freire? ¿Como lle explicamos despois á mocidade deste país qué é a violencia invisibilizada ou qué son os micromachismos cando non facemos absolutamente nada se temos diante un exemplo claro deles?

A pregunta é sinxela e moi directa. Señor conselleiro: ¿pensan vostede e o Goberno galego que un alcalde, como é o caso do alcalde de Noia, pode seguir no seu cargo despois de facer unhas declaracións noxentas e absolutamente machistas que atentan contra a igualdade e a dignidade das mulleres? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Resposta do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Rodil, pois, mire, non, non estou de acordo co que dixo o alcalde de Noia. Non me parece que teñan xustificación as súas palabras. Por iso me fai moita graza, en cambio, que, se as di vostede, os do seu grupo lle aplaudan. Ditas por vostede, en cambio, si que teñen moita graza. (*Murmurios.*) Non teñen graza nin ditas por vostede nin ditas polo alcalde de Noia. (*Aplausos.*) E por iso lle digo que non lles atopamos xustificación e que o alcalde de Noia tiña que facer exactamente o que fixo, que foi desculpase inmediatamente, dicir que non tiña que ter dito esas palabras e dicir que non estaba ben. Foi o que dixo e foi o que fixo. E é o que nós lle pediríamos se non o fixera inmediatamente.

Estame dicindo que cal é a valoración do Goberno galego. A miña persoal, se quere, tamén lla dou: están fóra de lugar ditas por el e ditas por vostede. Claro, para vostedes parece ser que, dependendo de quen as diga ou de que partido sexa, son diferentes. A nós pódese-

senos dicir que asasinamos mulleres. E cando ningún dos das Mareas de Podemos sae en defensa da deputada das Mareas de Podemos que dixo iso, resulta que sae un señor do BNG —o señor Bará— a dicir que, bueno, que non saquemos as cousas de contexto, que xa están os do PP, (*Murmurios.*) que non é para tanto e que nos estamos aproveitando. (*Murmurios.*) Ninguén das Mareas de Podemos desculpou a señora Santos, tivo que ser o BNG quen a desculpou —algún día terán que explicar por que—.

E simplemente lle digo que, mire, cando se fan declaracións que non teñen xustificación, non teñen xustificación, faga quen as faga, sen cores políticas e sen empezar a mirar quen si ou quen non se empeza a desculpar. E moito menos aplaudir, como fan vostedes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Réplica da señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas.

¿Ese é o nivel? ¿Iso é o todo o que me ten que dicir, intentar equiparar a miña intervención aquí hoxe coas palabras pronunciadas (*Aplausos.*) —repito— no marco do 8 de marzo, nun acto institucional e por parte dun responsábel político e representante público? É dicir, ¿intenta equiparar vostede a miña intervención coas declaracións dese señor? ¿Ese é o nivel que ten este Parlamento e esta Cámara? ¿Non somos capaces, de verdade, de ir máis alá e intentar facer unha reflexión colectiva como institución e poder político que representamos neste país? (*Aplausos.*)

É unha fuxida cara a adiante —non sei demasiado ben con que— intentando pedir explicacións por outros acontecementos. A min paréceme moi ben, tráiao vostede aquí as veces que queira. Pero eu non lle estou falando diso. O que estamos é pedindo, de verdade —e eu creo que a reflexión quedou bastante clara—, que reflexionemos colectivamente. Non pode admitirse por parte dunha persoa que ostenta un cargo público —que o faga en calquera circunstancia, pero moito menos o 8 de marzo, o Día Internacional das Mulleres— ese tipo de declaracións públicas. Iso é o que lles estamos pedindo.

E vostedes teñen unha responsabilidade, sobre todo na consellería que vostede leva e da que fai parte a Secretaría Xeral de Igualdade. Vostedes teñen capacidade para facer algo máis que pedirlle a ese señor que pida desculpas públicas. Porque, por esa regra de tres, calquera dos que estamos aquí podemos cometer calquera tipo de actitude ou comportamento, ou levar a cabo calquera tipo de acción, e simplemente con retractarnos e pedir desculpas, e presentarnos posteriormente como supostas vítimas... (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Por favor!

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ¿Quere pedir vostede a palabra, señor Tellado? (*O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Silencio, señor Tellado, por favor. Está no uso da palabra a señora Rodil. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Prosiga.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

Por favor, silencio.

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

¡Bueno, non empecemos, por favor! Está no uso da palabra a señora Rodil e non quero que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non interrompan, por favor. Está xa o tema.

Por favor, prosiga vostede.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Repetímoslle a mesma pregunta que... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio, por favor. *(Murmurios.)* Silencio.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: A ver se somos quen de falar dos casos e dos temas que traemos sen abstraernos cara a outros lados. Porque xa aconteceu o día do 8 de marzo, cando se intentou traer aquí cuestións en materia de igualdade, en materia de xénero, que se acabou falando de calquera cousa menos diso. Así que estamos falando das declaracións pronunciadas —repito— por un alcalde, por un representante público, no marco dun acto institucional, poñendo de volta e media as mulleres, facendo de novo e máis unha vez uso de estereotipos e prexuízos absolutamente machistas e absolutamente misóxinos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Repetímoslle a pregunta —e xa remato, señor presidente—: ¿van facer vostedes algo máis que pedirlle que se retracte publicamente? ¿Cren de verdade que unha persoa que pronuncia iso publicamente ten capacidade para loitar e traballar neste país contra a violencia machista?

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

Turno de peche.

Señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Rodil, eu non equiparei nada. É que foi vostede quen empezou repetindo exactamente as mesmas verbas. O que pasa é que, se se din o 8 de marzo en Noia polo alcalde, son gravísimas —que o son—, pero se as di vostede no Parlamento o 22 de marzo é unha cousa para que o seu grupo lle aplauda e bote unhas risas. Esa é a enorme diferenza. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela): Sobre iso deberíamos reflexionar, sobre que vostedes, dependendo de quen o faga, teñen unha diferente vara de medir, (*Murmurios.*) e non debería de ser así. Oia, isto está ben ou está mal en toda circunstancia, en todo lugar e fágao quen o faga.

Mire, o alcalde de Santiago dicía o outro día tamén que a Valedora do Pobo xa non lle escribe cartas de amor, que ao mellor é que a bota de menos. ¿Iso non lle merece ningunha reflexión? ¿Non hai que dicir nada diso? ¿Van defendelo tamén igual que defenderon a señora Carmen Santos, dicindo que, bueno, que non pasa nada, que iso son cousas que se din? Como as di alguén que non é do PP, pois están ben ditas. Oia, cando as di alguén do PP están mal ditas, e cando as diga alguén das Mareas de Podemos ou cando as diga alguén do BNG tamén están mal ditas. E está moito peor aínda desculpar, como fixeron vostedes, as palabras da señora Carmen Santos. (*Aplausos.*)

E perdoe que lle diga unha cousa: mentres a señora Carmen Santos non se desculpe por dicir que o PP asasina mulleres e mentres vostedes a defendan, na miña opinión —e téñollo que dicir porque vostede fai a pregunta e tráeme a min para respondela— teñen moi pouca —por non dicir ningunha— autoridade moral para criticar a ninguén. Non se preocupe que o noso alcalde xa o criticamos nós cando non fai as cousas ben; cando vostede fai o mesmo, os seus apláudenlle. Tome nota tamén diso e reflexione.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor vicepresidente.

Continuamos coa orde do día.

Interpelacións.

Interpelación de D. José Manuel Lago Peñas, do G. P. de En Marea, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa distribución da renda salarial

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra o señor Lago.

(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)

Non, iso non é obrigatorio. *(Murmurios.)* Perdoe, iso non é obrigatorio. *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)* Perdoe, non... *(O señor Lago Peñas pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero pídallo doutra forma. Non me gustou a forma de pedilo, tamén llo digo claramente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, perdoe, estou falando eu. Non me gusta esa forma de pedir. *(O señor Lago Peñas palabras que non se perciben.)* Se llo ten que pedir, pídallo doutra maneira. Iso non é unha forma de pedir. Entón, iso tamén llo teño que dicir, señor Lago.

E vaia ao tema. Cando queira pode empezar.

O señor LAGO PEÑAS: Eu viña falar de economía e emprego pero os grupos da oposición non podemos facer o noso traballo porque o partido do Goberno se dedica a provocar. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.) (Aplausos.)*

Señor Rueda, a miña amiga Carmen Santos non necesita que eu a defenda porque ela é quen de defenderse por si mesma. *(Murmurios.)*

A mi o que me gustaría é ver o señor Rueda e os membros do Partido Popular defender o ex-senador Luis Fraga —Fraga—, *(Aplausos.)* que acaba de dicir que a caixa B de Bárcenas é a caixa de Génova. E gustaríame oír...

O señor PRESIDENTE: Á cuestión.

O señor LAGO PEÑAS: ...deputados e deputadas do Partido Popular...

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: ...desmentir o narcotraficante que acaba de dicir hoxe que financiaba o Partido Popular. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Á cuestión, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: E ese é o estilo...

O señor PRESIDENTE: Señor Lago, á cuestión. Á interpelación.

O señor LAGO PEÑAS: Agradézoo e vou á interpelación.

O señor PRESIDENTE: Vaia á interpelación.

O señor LAGO PEÑAS: E vou amosar máis seriedade que o vicepresidente do Goberno.

O señor PRESIDENTE: Vaia á interpelación, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: Ben, son consciente do escaso predicamento que ten nas bancadas da dereita un economista sindical como son eu, por iso decidín vir acompañado para presentar esta interpelación. En primeiro lugar, por Adam Smith, o pai da economía, que no final do século XVIII non dubidaba en afirmar que ningunha sociedade pode ser florecente e feliz se a maior parte dos seus membros é pobre. Pois ben, unha das peores consecuencias da crise, sobre todo da xestión neoliberal da mesma, é o insoprible aumento da desigualdade e da pobreza ata convertelas en variables estruturais do sistema.

E non o digo só eu, aquí tamén veño acompañado por amigos do Partido Popular. Porque os problemas sociais e tamén económicos que se derivan da desigualdade son de tal gravidade que o Fondo Monetario Internacional, a Comisión Europea, a Organización Internacional do Traballo, a OCDE e ata a católica Intermón Oxfam, ademais do BBVA, cualifican a desigualdade como un desequilibrio central da economía española. Temos un problema, temos un enorme problema. Dío a OIT, que no seu Informe sobre salarios 2016-2017 denuncia que o Estado español está entre os países máis afectados pola desigualdade salarial. Dío a neoliberal OCDE, que coloca a España entre os países con maior desigualdade salarial, porque ocupamos o posto 24 dos 34 estados membros da OCDE. E, ademais, culpa da desigualdade o desemprego, a precariedade laboral e o paro xuvenil. A OCDE di literalmente: «A pobreza medrou debido principalmente á falla de emprego de calidade que proporcione suficientes horas de traballo e uns ingresos adecuados». Denúnciao o gardián da ortodoxia, o Fondo Monetario Internacional, que sitúa a España como o terceiro Estado de Europa onde os ricos acaparan unha maior proporción da renda, sinalando que a disparidade dos ingresos e o risco de pobreza ou exclusión social aumentou notablemente coa crise. Demóstrao Intermón Oxfam no seu Informe de outubro de 2016, no que revela que España é o segundo país da Unión Europea no que máis medrou a diferenza entre as rendas altas e baixas. E poño por exemplo que os directivos das empresas do Ibex 35 gañan 100 veces máis que a media dos seus empregados. Denúnciao ata a conservadora e austericida Comisión Europea, que sitúa a desigualdade, o risco de pobreza e a exclusión social entre os principais desafíos que ten o Estado español e o sintetiza nun dato: a desigualdade entre o 20 % máis rico e o 20 % máis pobre en España é unha das máis elevadas de toda a Unión Europea e segue á alza. Confírmao o BBVA: España é un dos países nos que máis medrou a desigualdade e a pobreza na crise, porque os seus efectos repartíronse asimetricamente, recaendo o maior custo sobre os estados medios e baixos de renda.

O BBVA fai un esforzo e explica por que sucedeu iso. Explica que como o 75 % das rendas dos fogares son rendas de traballo e, polo tanto, o nivel de emprego e o nivel salarial son os que determinan este problema da distribución de riqueza, e como é un banco, cuantifícao: o 80 % do aumento da desigualdade en España débese ao incremento do desemprego e á dispersión salarial provocada polo emprego temporal, o traballo a tempo parcial e os falsos autónomos. É evidente —non o digo eu, dino todas estas institucións— que hai un problema

de desigualdade, e ese problema nace na repartición da renda entre salarios e beneficios, e iso, polo tanto, é determinante no que ten sucedido nesa repartición no mercado de traballo nestes anos.

Primeiro dato, señor conselleiro: no ano 2017 temos o mesmo nivel de PIB que no ano 2008, superamos os efectos da recesión. Pero os salarios, á parte do PIB, da renda que vai destinada a pagar as retribucións salariais, é 2.700 millóns de euros menos. Polo tanto, en termos reais, descontada a inflación, mesmo nivel de PIB, pero as rendas salariais baixaron un 20 %. E como se trata dunha repartición dunha cantidade igual, se hai un 20 % menos de salarios, ¿onde está ese 20 % que falta, señor conselleiro?

En segundo lugar, dentro dos asalariados deuse unha redistribución negativa en contra dos que xa estaban nunha situación máis precaria. Entre o ano 2008 e o ano 2015, todos os asalariados galegos de media perdemos poder adquisitivo, pero de forma especial, especialmente dura, para os que menos cobraban. Para unha caída media en termos reais dos salarios 2008-2015 do 7 %, as persoas que menos cobran, as que ocupan o decil 1 na enquisa de poboación activa, perderon o 29 %, isto é, catro veces máis que a media, e isto supón disparar a ratio da desigualdade. Antes da recesión, os que máis cobraban cobraban sete veces máis que os que menos cobraban; logo da recesión, os que máis cobran cobran once veces máis que os que menos cobran. E iso supón pasar de sete a once, un incremento do 45 % do medidor da desigualdade salarial.

En cifras absolutas —para que se entenda ben—, os datos do IGE describen unha situación na realidade salarial de desigualdade, pero tamén de pobreza laboral, porque hai en Galicia —datos IGE— 80.000 persoas asalariadas que cobran de media un salario de 429 euros brutos en doce pagas; hai 84.000 que están no segundo decil, e que ingresan 826 euros ao mes en doce pagas; e incluso hai 98.000 persoas, no terceiro decil, que ingresan de media brutos 1.100 euros en doce pagas.

Se o sumamos e calculamos e o trasladamos a catorce retribucións, para poder facer unha comparación co salario habitual, temos que en Galicia hai 262.000 asalariados e asalariadas que teñen un salario neto inferior a 900 euros mensuais. E iso utilizando un indicador que tamén fai a OIT, que é distribuír a masa salarial entre decís, e encontramos que en Galicia o 8 % dos asalariados que máis cobran acaparan o 20 % da masa salarial, mentres que o 10 % dos que menos cobran só teñen o 2,4 % da masa salarial.

¿Isto que supón? ¿De que estamos falando? Pois de desigualdade e de pobreza. E cando un analiza a composición do decil 1, desas 80.000 persoas que están no decil de menores ingresos da EPA, entende onde está o problema. Porque fíxese: o 80 % dos que menos cobran son mulleres, o 92 % traballa a tempo parcial, o 47 % ten menos de 39 anos, o 50 % ten educación primaria, o 94 % traballa nos servizos de baixa calidade, o 97 % está no sector privado e o 51 % ten un contrato temporal.

Estas son as coordenadas que definen os que máis sofren a desigualdade: son as persoas que traballan a tempo parcial e en sectores de servizo de baixo valor engadido, prestados fundamentalmente por mulleres, na súa maioría novas, que traballan en empresas do sector

privado de pequeno tamaño, cun contrato temporal, con moita rotación e, polo tanto, con carreiras profesionais curtas.

A precariedade laboral, a desigualdade, a pobreza, son tres realidades interrelacionadas que derivan dun modelo de crecemento inxusto, dunha estrutura produtiva na que gañan peso as actividades de baixo valor e dunha lexislación laboral que desequilibrou as relacións laborais, favorecendo a sobreexplotación da clase traballadora.

Por todo isto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte interpelación: ¿ten a Xunta algunha estratexia para combater a desigualdade, logrando unha distribución máis xusta e eficiente da renda salarial? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Lago.

Efectivamente, se falamos de desigualdade da distribución da renda salarial, falamos de desemprego e falamos de paro xuvenil, estamos falando —estamos de acordo— dos principais problemas que ten o mercado laboral, non só en Galicia, en España, senón en calquera economía de mercado. E, polo tanto, un dos obxectivos que ten que ter calquera política de emprego é, efectivamente, loitar contra esa desigualdade da distribución da renda salarial, loitar contra o desemprego e loitar tamén contra o paro xuvenil. Polo tanto, nese sentido estamos totalmente de acordo.

Eu creo que vostede tamén estará de acordo comigo se eu lle traslado que o primeiro obxectivo de calquera política de emprego debe ser, precisamente, o emprego e que, polo tanto, o punto de partida é precisamente a creación de emprego. Déixeme, nese sentido —vostede tamén así trasladou esa comparativa—, recordarlle que no mes de xullo do ano 2008 comezaba a caer o número de afiliados á Seguridade Social e ata abril do ano 2009 máis de 65.000 galegos e galegas perderon o seu emprego. É un dato que está aí. E tamén sabe que, polo contrario, agora levamos creando emprego dende hai tres anos, e, de feito, só no último ano en Galicia hai 18.027 afiliacións máis á Seguridade Social.

Polo tanto, hoxe a situación de moitas galegas e de moitos galegos é mellor que a que tiñan no ano 2009, e sinxelamente é porque o primeiro obxectivo da Xunta foi precisamente que os galegos puideran ter un emprego e que cada vez máis o número de empregados fose maior na nosa comunidade autónoma.

Vostede sabe, por dar máis datos, que a contratación indefinida tamén medrou no último ano preto do 10 % e que os contratos a tempo completo se incrementaron nun 8,7 %, e que

dous de cada tres asalariados en Galicia son indefinidos cun contrato de traballo a xornada completa.

Tamén sabe, por seguir aportando datos, que a fenda salarial de xénero é hoxe a segunda máis baixa na última década en Galicia, a segunda máis baixa na última década, e que as desigualdades salariais —aínda que as hai— en Galicia son menores que no conxunto do Estado e teñen diminuído tamén dende o ano 2009. E tamén sabe que os custos salariais en Galicia xa están a crecer e que o están a facer a un ritmo similar ao conxunto do Estado.

E todo isto, señoría, que son datos da situación e da tendencia que está a ter o mercado laboral en Galicia, non nos leva a estar satisfeitos con esta situación, senón que, loxicamente, o Goberno é plenamente consciente de que temos que seguir traballando na igualdade salarial, de que temos que seguir traballando na creación de emprego, de que temos que seguir abrindo oportunidades aos máis mozos e de que temos que seguir traballando en xerar emprego de calidade. Iso contraponse, lamentablemente, cunha visión parcial dunha realidade que é complexa. Se vostede trae aquí unha análise parcial, pois loxicamente, seguramente, as conclusións non poidan ser as mesmas.

En calquera caso, non hai dúbida de que queda moito por facer, non hai dúbida de que hai que seguir traballando para que haxa unha distribución máis equilibrada dos salarios, e, loxicamente, ese é un labor de todos os axentes económicos e sociais; é un labor, polo tanto, dos sindicatos, da patronal, da negociación colectiva; e unha responsabilidade, loxicamente tamén, do Goberno central e do propio Goberno da Comunidade Autónoma, en establecer as bases para corrixir este tipo de situacións.

Vostede sabe que o Goberno central tamén está traballando e o preocupa este asunto, e sabe que este ano se produciu unha subida do salario mínimo interprofesional dun 8 %, un 8 %, que, loxicamente, é coherente coa realidade que vive o Estado e con este obxectivo de trasladar a recuperación económica a quen máis o necesita.

Porque nese punto estamos totalmente de acordo: que a recuperación que está a sufrir a economía española e a economía galega ten que ir dirixida —ese esforzo— a quen máis o necesita. Unha subida do salario mínimo interprofesional dun 8 % é unha medida que vai nesa dirección. E tamén sabe que o Goberno ten aberta nestes momentos unha mesa de diálogo polo emprego de calidade e, polo tanto, para configurar dende o consenso unha axenda integral polo emprego de calidade.

Un diálogo en que a Xunta de Galicia tamén está e quere traer a esta Cámara, e quere traer á realidade da economía galega no marco dunha Lei de emprego. Unha Lei de emprego que ten que darlle continuidade a todos estes esforzos, unha Lei de emprego que pretende ser a primeira comunidade que aprobe un texto legal adaptado ao novo marco estatal e, sobre todo, unha Lei de emprego que nos permita executar políticas máis efectivas para conseguir ese obxectivo de crear máis emprego, crear máis emprego estable, crear máis emprego de calidade e, en consecuencia, loxicamente, diminuír as diferenzas salariais. E tamén a Lei de emprego pretende —é un aspecto moi importante, que creo que vai ser moi interesante debater nesta Cámara— ordenar o actual ecosistema de emprego, favorecendo a coordinación

entre todas as institucións públicas e privadas que están traballando neste obxectivo de mellorar o emprego.

Tamén en Galicia, no eido da negociación colectiva, entendemos que hai que seguir traballando, e particularmente entendemos que a negociación colectiva debe de incorporar medidas que permitan ás empresas mellorar esa retribución dos traballadores e das traballadoras; todo isto, loxicamente, no máximo respecto institucional e co máximo respecto á autonomía que teñen os axentes económicos e sociais.

En calquera caso, tamén, no marco desta Lei de emprego, queremos traballar cos sindicatos e cos empresarios para afrontar as reformas pendentes cara a un modelo máis produtivo e cara a un modelo con máis innovación.

Para isto, hai que introducir medidas. Vostede pregúntame por cales son esas medidas. Esas medidas están recollidas na Axenda 20 para o emprego. Estamos introducindo medidas que favorecen a contratación indefinida. Imos conceder máis axudas a aquelas empresas que teñan unha maior taxa de estabilidade e, polo tanto, tamén favorecer a igualdade. E lanzaremos novas medidas para que as persoas que peor o están pasando nestes momentos, como poden ser e como son os desempregados de longa duración e as persoas en risco de exclusión social, teñan máis oportunidades.

Iso significa axudas para a contratación indefinida dos traballadores que esgotaron a prestación, que no caso de Galicia poden chegar ata os 25.000 euros, e tamén, nese programa específico de orientación e de inserción laboral, para reducir as familias que teñen todos os seus activos en paro.

Son iniciativas, señor Lago, nas que nós estamos traballando, estamos dando novos pasos, e todo isto ten que ir acompañado tamén por un esforzo en materia de formación, porque, loxicamente, canto maior sexa a formación máis oportunidades terán os nosos asalariados para corrixir esa situación.

En definitiva, se queremos traballar na corrección dos desequilibrios salariais, temos que traballar nun emprego de calidade, e ese emprego de calidade pasa pola formación, pasa polo talento e pasa pola innovación, e así loxicamente Galicia o entende. É un aspecto creo que importante que Galicia o que non debe de competir en ningún caso é a través da redución de salarios. Galicia ten que competir nun mercado laboral que aposte polo talento, pola innovación, e, polo tanto, a través desa creación de emprego podemos reducir esas diferenzas salariais. Iso significa unha aposta pola Axenda Industria 4.0; iso significa unha aposta pola estratexia de especialización intelixente; iso significa, en definitiva, unha aposta pola economía do coñecemento, pola transformación dixital, pola I+D+i e pola captación de talento innovador.

En definitiva, señor Lago, concordamos nos obxectivos, concordamos nas prioridades, e o que temos que facer loxicamente é identificar e poñernos de acordo, a ser posible nesta Cámara, con esas medidas que nós entendemos que están no contexto dun novo modelo produtivo, centrado na innovación e centrado na dixitalización, e que a partir de aí loxicamente

con esa creación de emprego, e emprego de máis calidade, poidamos afrontar ese reto conxunto que temos, que non é outro que diminuír tamén esas diferenzas salariais que hoxe lamentablemente aínda persisten.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Lago.

O señor LAGO PEÑAS: Conselleiro, terminaba concordando comigo, eu empezo concordando con vostede. Efectivamente, a desigualdade e a pobreza laboral é un problema que afecta o conxunto das economías capitalistas mundiais e, de feito, estase colocando como un elemento central de calquera análise. Aí hai un problema grande.

Eu, nese sentido, non sei se se deu conta, porque o comezo foi un pouco abrupto, pero eu non culpei o Partido Popular nin o Goberno de Feijóo de que isto estivera sucedendo; non é iso do que eu falo; non collo o segundo trimestre do ano 2009 para... Eu digo que a sociedade, a clase traballadora, os galegos e as galegas temos un problema, que se chama desigualdade e pobreza laboral, que nos interpela a todos, en primeiro lugar ao Goberno.

E, nese sentido, gustaríame máis que nas declaracións do Goberno e nos seus plans empezaran recoñecendo este problema, recoñecendo este problema real. Ás veces se recoñece que hai moito desemprego, ás veces se... Pero recoñezamos este problema, digamos que hai unha parte da sociedade, da clase traballadora galega, entre un 20 % e un 30 %, que ten uns salarios cos que non pode vivir. Recoñezamos que hai unha desigualdade de renda salarial onde unha parte da sociedade se está beneficiando da saída da recesión e outra non, e actuemos contra iso.

¿Actuar como? Supoño que teremos máis tempo para debater sobre este tema, pero eu dicía —non sei se se entendeu ben— que isto, o crecemento da desigualdade e da pobreza laboral, ten que ver cun modelo de crecemento inxusto, porque estamos vendo estes días —e eu voulle levar a contraria— como medran os beneficios empresariais dunha forma importante e poderosa, e os salarios —acaba de saír o dato do cuarto trimestre da enquisa trimestral de custos laborais— en Galicia baixaron —cuarto trimestre do ano 2016 con cuarto trimestre do ano 2015— o 0,3 % nominal, nominal; cunha inflación do 3 %, os salarios están perdendo o 3,3 % de poder adquisitivo. Iso é inxusto, ou sexa, non pode ser que a economía estea medrando o 3,1 %, non pode ser que os beneficios empresariais haxa que utilizar dous díxitos para dicir como van e que os salarios estean baixando. Ese é un modelo inxusto, conselleiro, que teremos que combater.

É certo: está a negociación colectiva, que debe servir para remediar isto. Pero iso, como logo direi, ten algo que ver coas normas laborais e con quen ten máis poder, como está ocorrendo hoxe cos traballadores de Pescanova, para impoñer novas condicións, peores condicións de traballo.

O segundo é que —e iso si que vai directamente á súa Consellería— están gañando peso as actividades de baixo valor dentro dos servizos. Ou sexa, cada vez a economía galega é menos industrial, é máis dos servizos e dentro dos servizos é o comercio, a hostalería, os servizos de baixo valor; servizos de baixo valor que por propia definición non poden pagar salarios elevados; ou sexa, traballando na hostalería dos viños na Coruña non podes cobrar o mesmo que se traballas en Gas Natural; é evidente. Ou sexa, a xeración de valor nunha actividade produtiva determina como se reparte posteriormente a renda. E aí temos un problema, conselleiro, temos un problema: estémonos desindustrializando, estémonos terciarizando e terciarizámonos nas actividades de baixo valor.

E o terceiro elemento —e aí si hai unha discrepancia radical— é o tema da lexislación laboral. Isto empezou no ano 2010, non gobernaba o Partido Popular no Estado. Isto foi unha orde que deu a Comisión Europea, a Troica, e dixo: hai que provocar unha devaluación salarial en España para facer España un país competitivo. E o Goberno —o Goberno do 2010 e o Goberno do 2012— aplicou unha nova regulación laboral para favorecer iso.

Eu aos meus alumnos da facultade —e remato con isto— póñolles a carta que lle escribiu Trichet ao presidente no ano 2010, porque é inconcibible. Trichet era o que era o presidente do Banco Central Europeo. Estamos no ano 2010, no medio da crise da débeda que asola Europa. Trichet escribe unha carta de dous folios, ¿e sabe que di na carta, conselleiro? Dille ao presidente do Goberno de España que ten que cambiar a negociación colectiva e que os convenios colectivos de empresa teñen que ter prevalencia sobre os convenios colectivos do sector. Trichet, crise da débeda, presidente do Banco Central Europeo, e ponse a decidir como ten que ser a negociación colectiva en España no ano 2010.

Efectivamente, o modelo de relacións laborais que nace no 2010, que se agrava no 2012, explica en parte por que a repartición entre beneficios e salarios vai cada vez peor. Porque as empresas —Pescanova é un exemplo— utilizan esa ameaza, están dicindo: non hai ultraactividade de convenios, ou pactamos xa ou colocámolo ...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor LAGO PEÑAS: ...no convenio provincial de alimentación ou no salario mínimo interprofesional, e iso supón un desequilibrio de relacións laborais.

Polo tanto, actuemos sobre iso, actuemos sobre o modelo de crecemento, actuemos sobre a estrutura produtiva do país e actuemos sobre a lexislación laboral, que condiciona as relacións laborais.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Lago.

Turno de peche, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Lago, eu creo que estamos totalmente de acordo en que o primeiro é recuperar o emprego. E, polo tanto, se queremos recuperar o emprego, temos que poñer enriba da mesa, efectivamente, as medidas que poidan dar unha resposta clara para esa recuperación do emprego.

Estamos de acordo con que, efectivamente, un modelo produtivo centrado na industria e, polo tanto, centrado na innovación e centrado nas novas tecnoloxías é o camiño para que, en primeiro lugar, Galicia poida ser competitiva; en segundo lugar, poidamos crear emprego; e, en terceiro lugar, poidamos crear emprego de calidade.

Polo tanto, eu creo que sería bo que cara ao futuro poidamos centrarnos en debater esas cuestións, porque son a resposta a moitas das preguntas que vostede me trae aquí ao Parlamento. E nese contexto loxicamente sería bo poder debater sobre cal é a posición de En Marea sobre a política de innovación e a estratexia de especialización intelixente, ou cal é a posición de En Marea sobre a Axenda Industria 4.0. Gustaríame saber por que En Marea, ata o de agora, non apoia o proxecto de Rozas, que é un proxecto de innovación, é un proxecto de futuro, é un proxecto que está creando emprego e é un proxecto que está creando emprego de calidade. Eu creo que si que teríamos que debater ese tipo de cuestións, porque iso é o que pode dar respostas, efectivamente, ao que nos están a pedir os cidadáns, cando o obxectivo non é outro que crear emprego e crear emprego de calidade.

E por poñer un exemplo, e traendo aquí, intentando traer unha coherencia nos planteamentos, a cuestión sería que temos que intentar desenvolver todas as iniciativas para que Galicia, tamén dende o punto de vista das infraestruturas, sexa competitiva. Aí a pregunta é como En Marea pode apoiar unha iniciativa sobre o conflito dos estibadores que está poñendo en risco a posición dos portos galegos fronte a Portugal. Podemos falar desa coherencia en materia de política industrial.

Entón —insisto—, o obxectivo principal é a creación de emprego, de emprego de calidade. Eu son consciente e o Goberno é consciente de que ten moitas arestas. Porque cando falamos de emprego de calidade, calidade é formar os nosos traballadores, calidade é abrílles oportunidades dende o punto de vista das novas tecnoloxías e dende o punto de vista das oportunidades en materia de innovación, calidade é favorecer tamén a contratación indefinida a tempo completo e calidade tamén é reforzar as bases para unha igualdade de oportunidades.

Tamén calidade é implicar os traballadores na estratexia da empresa en responsabilidade social e empresarial ou é, loxicamente tamén, facilitar aumento de salarios grazas á capacitación do noso talento. Emprego de calidade ten moitas derivadas, nas cales hai que actuar, e hai que actuar a través das políticas activas de emprego. E creo que aí é onde temos que centrar as iniciativas.

E, efectivamente, respecto das empresas —vostede fálame de Pescanova, posteriormente teremos ocasión de falar da situación de Pescanova—, vostede sabe perfectamente que a re-

forma laboral deu moitas oportunidades para que moitas empresas puideran seguir creando emprego ou mantendo ese emprego. E vostede sabe que a reforma laboral, por exemplo, lle deu a oportunidade a Citroën para chegar a un acordo cos traballadores para, efectivamente, manter os seus dereitos e ser máis competitivos. E iso tamén o puxo enriba da mesa a reforma laboral. E vostede sabe que a Comisión Europea, nun informe, recolleu que as reformas en España permitiron que a probabilidade de pasar do desemprego a un emprego indefinido aumentase; iso dío a Comisión Europea.

Polo tanto, creo, señor Lago, que, efectivamente, o obxectivo é o emprego, o obxectivo é o emprego de calidade, e a partir de aí loxicamente todas as medidas complementarias para loitar contra a situación da desigualdade salarial, que, efectivamente, é unha consecuencia directa que se está a reflectir no mercado de traballo.

E, polo tanto, do que temos falar é de emprego e debater efectivamente por esa política industrial que nos pode permitir, a través da Industria 4.0 e das estratexias de especialización intelixente, crear máis emprego e máis emprego de calidade, tamén favorecer as infraestruturas e, sobre todo, poñer coherencia no debate cando o que queremos facer é apostar pola industria.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de D^a Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a xestión da saúde mental

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Diferentes colectivos profesionais en defensa da sanidade pública levan anos denunciando a deterioración progresiva da saúde mental en Galicia, que non só sofre os recortes aplicados á totalidade da sanidade pública. A saúde mental —dise moitas veces, en modo coloquial— é a irmá pobre do resto do sistema, sempre en segundo lugar á hora das prioridades do Goberno en materia de sanidade.

Teñen denunciado esta situación os colectivos en defensa da sanidade pública, o Movemento Galego de Saúde Mental, profesionais que traballan no noso sistema sanitario, o Colexio de Psicología de Galicia, etc., etc.

E, evidentemente, parece que non só non se toma nota durante os últimos anos desta situación senón que a deterioración franca da saúde mental en Galicia vai progresando a medida que pasa o tempo. Os acontecementos na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do Hospital de Conxo que saíron aos medios de comunicación evidencian a repercusión dos recortes de-

nunciados. O suicidio dunha paciente e unha denuncia dunha presunta agresión sexual por parte doutra paciente ingresadas na mesma unidade deben entenderse, precisamente, tal e como denuncia o Movemento Galego de Saúde Mental, no marco desa deterioración da calidade dos servizos debido aos recortes na última década, practicamente nestas últimas lexislaturas.

Na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica de Conxo foron varias as denuncias públicas desde diferentes instancias pola escaseza de dotación nesa unidade, cunha frecuente retirada dos profesionais de enfermería da mesma para cubrir necesidades doutras plantas; é dicir, o que falabamos pola mañá, a non cobertura das baixas, das vacacións, das incapacidades temporais. A precariedade que sofren os profesionais noutras unidades fai, ademais, que vostedes movan dunhas plantas, duns servizos a outros, precisamente para non contratar, e en ocasións son as enfermeiras e enfermeiros desas unidades as que teñen que ir cubrir ese persoal que falta noutras unidades, que non teñen nada que ver.

Ademais, hai escasa actividade dos pacientes ingresados. Denuncian que non hai instalacións adecuadas, que non hai medios suficientes, tamén a carencia de terapia ocupacional ou mesmo a falta de coordinación e elaboración de plans terapéuticos coa participación dos profesionais sanitarios e sanitarias, cousa que se denuncia tamén noutras unidades de atención de saúde mental.

A pesar de todas esas denuncias en materia de recortes e desa denuncia da escasa dotación de medios, nada se fixo para corrixir esas eivas que os colectivos profesionais levan anos denunciando. A isto vén de sumárselle, como vostede sabe tamén, a denuncia presentada perante a xustiza pola morte dun doente psiquiátrico que se atopaba en contención mecánica na Unidade de Hospitalización Psiquiátrica do CHUAC.

Denuncian tamén os traballadores e as traballadoras que a situación nesta unidade ten sido tamén obxecto de múltiples reclamacións polas carencias sostidas no tempo e que conlevan danos importantes, ao seu entender, aos dereitos asistenciais dos pacientes da área da Coruña. Denuncian graves insuficiencias na dotación profesional, nas infraestruturas residenciais e no propio funcionamento, trasladando, igual que sucede en Compostela, que carecen de espazos suficientes para actividades comúns dos doentes, que a maior parte ou polo menos a metade das habitacións non teñen nin tan sequera baño para esas persoas que están ingresadas, que existe unha habitación para unha contención mecánica múltiple —entendemos que froito tamén e relacionado con esa denuncia desa morte dese paciente— con tres camas separadas por cortinas, que non se coñece o protocolo específico para a indicación, que a unidade está infradotada de profesionais, que non hai colaboración cos profesionais para preparar a planificación da saúde mental, que ten que atender toda a unidade un só psiquiatra, cun médico residente, e que ademais hai ausencia evidente de profesionais de enfermería. Sobra dicir que, evidentemente, a Consellería de Sanidade tampouco se está esforzando en contratar profesionais especialistas en enfermería psiquiátrica.

Trasládannos que son patentes as discriminacións que sofren eses pacientes psiquiátricos ingresados nesa unidade porque, ao non haber medios suficientes nin materiais nin humanos, obviamente, non se pode proporcionar, aínda que así o quixeran os profesionais, a aten-

ción óptima para estas persoas. Obviamente, isto repercute nos dereitos das persoas enfermas ou das persoas que precisan atención á saúde mental.

Este grupo pregúntase, polo tanto, que vai facer a Xunta de Galicia ante esta situación, porque, repetimos, estes exemplos, que son probablemente os máis visibles porque son moi graves e porque saíron aos medios de comunicación, non son os únicos casos, non son uns casos desgraciados sen máis, illados, senón que están formando parte do marco de recortes e da falta de recursos que de maneira crónica está pendendo sobre a saúde mental: a ausencia de psicólogos e psicólogas na atención primaria, que ten denunciado o propio colexio, pero tamén outros colectivos; os traslados dos doentes e das doentes que residían nos manicomios a esas residencias da terceira idade, que teñen sido froito de debate tamén nesta Cámara na pasada lexislatura, ou mesmo a eses centros que non contan cunha atención especializada ou a pensións que teñen unha ausencia dun control, dun control especializado, por parte de profesionais adecuados; a vulneración dos dereitos básicos nas urxencias pola insuficiencia de persoal axeitado para atender en moitos casos —xa sabe vostede que eu traballei nas urxencias; era habitual que non houbese profesionais porque están localizados en moitas ocasións..., e había dificultades para atender as urxencias psiquiátricas—; a ausencia de persoal suficiente e especializado; a ausencia de contratación de enfermería especialista, cando hai moita enfermería formada nese sentido; unha situación na que, a pesar de que os suicidios duplican xa en Galicia a morte por accidentes de tráfico —aínda que é certo que, afortunadamente, baixaron un pouco no último dato das cifras do INE, pero seguen altísimos—, non está actualizada, non existe un plan actualizado de prevención de atención ao suicidio; e un plan que non só quede no papel senón, como reclaman os profesionais, un plan con recursos económicos, é dicir, que dote de medios e capacidade para prever unha situación que, dende logo, non só non é desexable senón que é moi preocupante.

Tamén nos trasladan, precisamente, eses psicólogos ou psicólogas que, en atención primaria, de cada tres consultas que se atenden por profesionais da medicina, unha ten que ver con desordes emocionais ou teñen unha compoñente psicolóxica, algo que se ten evidenciado, ademais, ou que eles notan, sempre que falan con nós —e entendo que con calquera outra persoa—, dende o inicio da crise económica, o cal é bastante lóxico; é dicir, a xente acode con moitos máis problemas derivados da súa situación e, obviamente, é necesario un reforzo da saúde mental, sen embargo, estase a facer todo o contrario.

Non temos tampouco un novo plan de saúde mental —levan reclamándoo moitísimo tempo os profesionais—; un plan que se faga colaborativo con elas e eles, pero un plan que teña recursos, porque, se non, obviamente, de pouco servirá.

E, obviamente, unha denuncia que é continua é o esquecemento que ten a saúde mental infantoxuvenil. Prometeron unha segunda unidade, no caso de hospitalización, que non só non se fixo senón que a actual ten un montón de carencias, e non se está atendendo realmente a saúde mental dos nenos e das nenas deste país, ou o trastorno mental grave; por non dicir, por non falar, da situación das condutas adictivas do país. Xa discutimos durante o debate orzamentario como se mantiñan ao longo do tempo, ao longo das dúas lexislaturas, os recortes aplicados dende o inicio da crise económica a todas as partidas adicadas, precisamente, á prevención da drogadicción e das adiccións en xeral. E, ademais, isto non se re-

flectía, obviamente, nunha incorporación ou nun paso desa atención no Servizo Galego de Saúde; ese paso que se debería facer da atención das condutas aditivas no interior do propio Servizo Galego de Saúde, tal e como se vén reclamando dende hai moitísimos anos e que está pendente.

Polo tanto, vou rematar xa. Ante todo isto e ante estas noticias, que foron as que suscitaron esta interpelación, pero que engloban a deterioración de toda a saúde mental no noso país, preguntámonos cales van ser as medidas inmediatas que vostedes pensan levar a cabo, se é que xa as iniciaron, para evitar a repetición de acontecementos de igual ou semellante índole; se teñen vostedes elaborado un informe sobre a situación de medios e recursos nestas unidades de psiquiatría, porque imaxino que, despois desas denuncias, a Consellería terá iniciado algunha investigación ao respecto; e se van ser escoitadas e tidas en conta por parte da Xunta de Galicia as demandas e advertencias deses colectivos e profesionais en relación con esta materia.

Nós entendemos, sen ningún tipo de criterio en favor delas e deles, que, loxicamente, son os profesionais —só por estar alí—, os que traballan todos os días, loxicamente, os que terán máis coñecemento da situación dos servizos, das carencias e de que hai que mellorar nese servizo. E tamén se pensan dotar vostedes de persoal suficiente, así como de profesionais de enfermería especializada, estas unidades para, polo menos, tentar de dar un servizo mellor do que dan. Asegúrolle que non só o agradecerían as persoas que teñen dereito a ter esa saúde mental no Servizo Galego de Saúde senón os profesionais, que non queren traballar, loxicamente, nestas condicións.

Máis nada por agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Boa tarde, señor presidente.

Señorías.

Señora Solla, sorprendeume cando me dixeron que hoxe facía esta interpelación, porque eu entendía que vostede estaba hai quince días aquí, nesta Cámara, onde houbo a mesma interpelación pero doutro grupo político. A verdade é que me sorprende, o que pasa é que, bueno, o que creo é que teñen máis ou menos un manual e tratan de dicir sempre o mesmo; cambian o servizo, a zona xeográfica, e a partir de aí din sempre o mesmo.

Miren —e digo moito do que dixen hai quince días, porque, evidentemente, as cousas non cambiaron neste tempo—, en relación coa denuncia pública realizada sobre a deterioración da atención psiquiátrica en xeral, e concretamente na área de Santiago de Compostela —e digo na área de Santiago de Compostela porque engadiu vostede de forma oral o tema da Coruña, que non estaba no tema orixinal, pero logo falaremos tamén do da Coruña—, baseándose en dúas situacións concretas ocorridas nos últimos meses na área de hospitali-

zación de pacientes agudos, teño que dicir unha vez máis que nos últimos anos non se produciu diminución ningunha dos recursos sanitarios dedicados ao ámbito da saúde mental na área de Santiago, nin en infraestruturas nin en persoal, senón que, polo contrario, se potenciaron coa dotación de novos dispositivos, tal é o caso da Unidade de Hospitalización Psiquiátrica Infantoxuvenil, que é a única en Galicia ata este momento, pero temos, como dicía vostede, a idea de ampliála á zona sur de Galicia. A día de hoxe, temos esta unidade de psiquiatría infantoxuvenil que é modélica e magníficos profesionais están desempeñando un gran labor alí.

Simultaneamente, implementáronse numerosos programas asistenciais comunitarios e domiciliarios, así como dispositivos intermedios de integración comunitaria —prepisos e pisos— para estes pacientes, de tal modo que sempre se dispón de camas de hospitalización para pacientes agudos nas dúas unidades existentes, e realizáronse nas mesmas centos de ingresos ao longo do ano. Estas unidades dispoñen da ratio de profesionais recomendada. Podemos confirmar que se cubriron o cen por cento das vacantes xeradas por xubilacións, incluída a parte asistencial das prazas vinculadas á USC.

Ao respecto dos sucesos que menciona, hai que sinalar que continúan en proceso xudicial e que en ambos os casos se activaron os protocolos previstos ante estas circunstancias. Neste sentido, e no que á dotación se refire, tanto as ratios de persoal como os protocolos preventivos eran os adecuados, segundo as indicacións clínicas e as patoloxías dos pacientes. Nestes casos concretos, estou seguro de que os profesionais actuaron con rigor e profesionalidade, independentemente de que na práctica médica non é posible asegurar resultados, e nestas patoloxías, como en calquera outra, poden producirse situacións e desenlaces inesperados e imprevisibles.

A paciente tiña indicado o protocolo adecuado á súa situación clínica e de risco, ademais das medidas xerais para todos os pacientes. Os acontecementos ocorreron durante a quenda de noite, que incluía o persoal de plantilla habitual ao completo. A planta non conta con terapeuta ocupacional —que é unha reclamación que vostede presenta— porque existe no hospital Gil Casares, compartido coa planta de hospitalización infantil. O terapeuta nunca traballa en turno de noite. A súa existencia non implicaría ningunha protección nin mellora da atención ao risco suicida na quenda de noite. Creo que se está mesturando unha cousa con outra, que non ten absolutamente nada que ver.

Tras os feitos, iniciouse o protocolo de protección de persoal de enfermería e, a través da xefa de enfermería, ofreceuse apoio psicolóxico e psiquiátrico. O equipo asistencial continúa co seu traballo permanente de mellora continua na asistencia sanitaria de todos os pacientes. Remitiuse ao ámbito xudicial toda a información que foi solicitada. Evidentemente, nós non podemos dar moitos máis datos porque, como digo, está en proceso de investigación por parte do xulgado, e somos moi respectuosos con esta situación.

En canto ao que di da unidade psiquiátrica do CHUAC, bueno, pedimos informes porque, como saíu na prensa e normalmente as fontes súas son de prensa, pois pedimos informes ao xefe do servizo, e non lle consta na unidade ningunha información sobre os feitos denunciados: a morte dun paciente mentres estaba sometido a suxeición mecánica, falta de

persoal, de recursos... O paciente que morreu recentemente non estaba en contención mecánica nin houbo ningunha demanda. O Complexo Hospitalario Universitario da Coruña é un hospital moderno, que conta con todas as especificacións dun hospital xeral. O complexo está integrado polos distintos centros e tanto Oza como Teresa Herrera e Abente y Lago conforman, como sabe, o CHUAC.

A planta está deseñada con 34 prazas, e nos últimos anos a media de ocupación é de 24, 10 por debaixo das prazas totais. Ademais, dispón de dúas salas comúns en lugar dunha, como na maioría das unidades, e dun recinto axardinado. Creo que se coñece este hospital, o hospital de Oza, ten as características de situación e de instalacións adecuadas para este tipo de tratamentos. Os baños están separados entre homes e mulleres, e sempre se poderían poñer máis baños, pero, loxicamente, sen que fose en detrimento do número de camas.

Respecto da habitación de contención mecánica, con 3 camas, é unha habitación de vixilancia intensiva separada por cortinas. Normalmente están separados homes e mulleres. O persoal da unidade respecta escrupulosamente todo o relativo á intimidade e á dignidade do doente, e en calquera caso esta situación límitase a casos moi puntuais e limitados no tempo.

No relativo ao persoal, hai 1 facultativo por cada 6 camas, e deles 2 de garda máis que na maioría dos hospitais.

Respecto da dotación de enfermeiras, hai que ter en conta que conta cunha dotación de persoal para 34 camas, cando a ocupación media, como dicía antes, está en torno a 24, 10 menos.

Os psicólogos cumpren a ratio para unha unidade de agudos.

Polo tanto, quero negar rotundamente que exista discriminación dos nosos pacientes con ningún outro paciente do Sergas.

No referente á malintencionada insinuación de que os procesos selectivos non son transparentes —nalgún momento chegouse incluso a falar da falta de profesionais e de xente que está traballando aí— parece que non é de recibo. Nós, como digo, estamos nun momento de cambio, a nivel das unidades psiquiátricas, do que eran os antigos manicomios a procesos e unidades moito máis abertas, con dotación de persoal e, como dixen tamén, loxicamente, cunha especialización moi importante. Hoxe o nivel medio dos psiquiatras en Galicia e en España, grazas á formación MIR, é excelente. Temos, desde logo, moi bos profesionais, e estamos tamén na fase da creación de prazas de enfermeira especialista en saúde mental. Pero tamén queremos facer un proceso paralelo para que enfermeiras que levan moitos anos traballando nestas unidades poidan chegar a adquirir esta titulación e poidan seguir desempeñando este labor tan importante xa que, como digo, nas unidades dos nosos hospitais e nas unidades de día tamén realizan este traballo tan específico.

Por iso creo que debemos seguir traballando na mellora da psiquiatría a nivel xeral, e tamén que, loxicamente, estamos neste momento elaborando, entre outras cousas, entre as actividades para as próximas semanas, para os próximos meses, o Plan de prevención do suicidio en Galicia —moi importante—. Para iso se formou un grupo de traballo con expertos per-

tencentas a diferentes ámbitos da sociedade co obxecto de fomentar a sensibilización social sobre a problemática do suicidio e facilitar a coordinación entre os diferentes sectores e axentes implicados na súa prevención. O proceso de elaboración do Plan atópase en fase final de consenso das liñas e medidas estratéxicas, e xa se teñen iniciado as propostas de traballo para a elaboración dos procesos existenciais e das accións de coordinación necesarias para a súa implicación.

É unha pena que as interpelacións sobre o tema de saúde mental sexan con quince días de diferenza nada máis, porque nos gustaría presentar xa de forma inmediata este plan de prevención do suicidio.

O Plan de prevención do suicidio en Galicia contempla, entre outras medidas, a creación dunha comisión interinstitucional de coordinación para a prevención e a atención ás condutas suicidas que garanta unha evolución continua, o seguimento das medidas estratéxicas do plan e os seus indicadores, así como o cumprimento das accións de coordinación desenvolta.

Polo momento, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica.

Señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

A min, señor Almuíña, vostede non consegue ofenderme, o que me preocupa é que a banalización de que nós traíamos aquí esta cuestión, que é moi grave, a faga o conselleiro de Sanidade, porque, mire, o tema non é banal, non é de broma, non é para tomalo a chiste e non é para intentar menosprezar que unha deputada se preocupe polo tema e o traia a vostede a este pleno para interpelalo pola situación da saúde mental no noso país.

E, obviamente, claro que importan os terapeutas ocupacionais, non para a situación das urxencias seguramente, pero si para a situación na que están atendidas as persoas que veñen ou que acoden aos servizos de saúde mental no noso país. E, evidentemente, o que esta deputada facía era a relación da penosa situación en que está a saúde mental no noso país e das denuncias que durante anos levan facendo os profesionais da sanidade pública, que son os que, ao final, se teñen que enfrontar a estas carencias, porque, evidentemente, aquí non existe ningún cuestionamento deses profesionais da sanidade, todo o contrario, eles teñen que sufrir os recortes —si, recortes— que vostedes aplican.

Non son casos illados, e a mostra é que levan anos denunciando. Aquí hai unha noticia de 2014 que di así: «Denuncian al menos cinco suicidios en hospitales en los últimos tres años. El 9 de agosto se quitó la vida un paciente en una unidad de salud mental. ¿Como es posible que una persona que ingresa por un intento de suicidio lo consiga en un hospital? Esta es la reflexión que hace el abogado defensor del paciente».

Dá igual quen a faga, é dicir, as denuncias non son deste ano, non son dun caso particular, as denuncias de que hai falta de recursos nas unidades de saúde mental do país levan anos producíndose, e, evidentemente, claro que en ningún servizo sanitario existe o risco cero e claro que pode haber fallos. É evidente, iso está claro, pero cando, ademais, hai ausencia de persoal suficiente, cando, ademais, hai ausencia de recursos suficientes e cando os profesionais lles levan reclamando a necesidade desas melloras e vostedes fan oídos xordos o risco multiplícase. É normal, é lóxico.

Evidentemente que fai falla un plan de atención ao suicidio e un plan de saúde mental, lévano reclamando os profesionais dende hai moitísimo tempo; o problema é que non se está facendo con eses profesionais, eses mesmos que lles están trasladando as carencias que teñen eses servizos, onde despois se denuncia que ocorren estas cousas.

Vostedes sempre fan o mesmo, falan outra vez da ampliación da atención infantoxuvenil ao sur, pero levamos con esa promesa anos. Eu fun deputada na anterior lexislatura, debatémolo xa en varias ocasións aquí, e iso non se produciu. Pasan as campañas electorais e vostedes nunca cumpren, e non só nunca cumpren, senón que a Unidade de Hospitalización Psiquiátrica para a Infancia e a Adolescencia que se abriu na área norte, en Santiago, conta coa metade das camas que estaban previstas. É dicir, o único que importa é o titular, logo non dotamos de medios suficientes, pero iso a vostedes ¿que máis lles dá? ¿Que máis lles dá!

A saúde mental segue estando igual, e vostedes seguen sen escoitar as reclamacións dos profesionais. Esa unidade segue sen ter psicólogo clínico; non só temos o problema do terapeuta ocupacional, a vostede lle debe parecer suficiente un terapeuta ocupacional para todo un centro, pero é que tampouco hai psicólogo clínico, non hai traballador social... É dicir, vostedes incumpren o seu propio Plan estratéxico de saúde mental, o plan que é da Consellería. Dá igual de que cor sexa a consellería, é o plan da Consellería e vostedes incumpren. ¿É iso cumprir coa saúde mental? ¿É iso non aplicar recortes? Eu creo que deberían pensar que o importante non son os titulares.

Vostede volta dicir hoxe aquí o da nova unidade infantoxuvenil, cando levan anos prometendo esta circunstancia.

Vostede di, ademais, que neses casos particulares que esta deputada trae a colación nesta interpelación se activaron os protocolos. ¿Que protocolos se activaron e cando? E gustaríame que nos trasladase onde pode esta deputada e o resto de deputados e deputadas desta Cámara consultar cal é o protocolo que se utiliza nesa sala múltiple de contención mecánica na que a xente será suxeitada, separada por cortinas; unha sala que, por certo, é para ambos sexos.

Tanto no hospital psiquiátrico de Compostela como no caso da unidade da Coruña levan denunciando os profesionais que hai persoal insuficiente. Vostede nega a maior, e as reclamacións seguen sobre a mesa. ¿Van incluír esas reclamacións no Plan de saúde mental e no Plan de prevención do suicidio? ¿Van implementar xa a atención psicolóxica na atención de saúde mental a nivel de primaria? ¿Van tomar algún tipo de medida para que mellore a situación da saúde mental? ¿Van dotar a prevención das drogadiccións? ¿Van facer algo cos

trastornos mentais severos? Díganos, señor conselleiro, se van facer algo; probablemente sexa útil para a moción que debateremos no seguinte pleno.

Pero eu repito, alén dos procesos xudiciais, das denuncias noutro ámbito, a min preocúpame que a vostede lle alarme que esta deputada queira traer unha circunstancia tan grave a esta Cámara e que vostede intente desprestixiar trasladando que utilizamos noticias de prensa, porque, sinceramente, o seu traballo é vir aquí e trasladar que é o que están a facer ou que é o que non están a facer precisamente coa saúde mental.

Vostede verá, pero entendo que finalmente nas súas mans non dá igual, porque nas súas mans está a saúde das galegas e galegos. É a súa responsabilidade e imos seguir trasladando interpelacións e preguntando polo abandono da saúde mental.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Turno de peche.

Señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señora Solla, hai unha cousa que non lle podo consentir, que comente que a miña intervención sexa de broma. Desde logo, non me coñece ben vostede como para dicir semellante barbaridade.

Aquí estamos dando datos, estamos dando o que está pasando na sanidade galega, e neste caso na saúde mental, e, como digo, o cambio que tivo nos últimos anos foi fundamental. Seguramente vostede non coñece como era a psiquiatría de non hai moitos anos; agora non ten absolutamente nada que ver. E xa que a vostede lle gusta tanto facer fotos cos hospitais do Sergas de fondo, invítoa a que vaia ver, por exemplo, a unidade de Oza, porque creo que cambiará de opinión. *(Murmurios.)* Por iso, xa espero ver a fotografía.

Mire, como lle dicía, para nós non é unha broma, é un tema moi importante, e por iso estamos implicados en facer cambios, en mellorar a sanidade, e concretamente a saúde mental, porque, evidentemente, son pacientes cunha problemática que ás veces incluso foi estigmatizada socialmente, e que temos que defender, dende logo, como primeiro.

En canto ao tema dos psicólogos, que sempre fala de que hai poucos psicólogos, quero dicirlle que estamos por encima da ratio da Unión Europea; na Unión Europea é de 2,7 e nós temos 3,3. E dicirlle tamén que vostede di que xa estaba na anterior lexislatura e que había promesas do de infantoxuvenil en Vigo. Eu levo menos tempo ca vostede, pero, desde logo, o que se di estase cumprindo, e mellorouse, e se vostede, que é da área de Vigo, coñece como era a área de Vigo a nivel psiquiátrico hai tres anos —non lle digo dez anos, dígolle tres anos—, verá que o cambio foi en positivo, transcendental. Creo que ten que recoñecelo, sei que non lle van doer prendas en dicir que é así.

Mire, á parte do tema do Plan de suicidios, que, como digo, está a punto de finalizar, tamén temos un gran reto, que é o Plan estratéxico de saúde mental 2017-2020. Estamos traballando xa nel e, loxicamente, aí estarán implicados todos os profesionais, porque nós queremos non só que afecte a Consellería de Sanidade, senón incluso os profesionais doutras administracións, e, desde logo, contar con asociacións de pacientes e de profesionais.

Pero tivemos un pequeno problema. No único consello interterritorial que houbo desde que son conselleiro, asistín a algo que me preocupou moito, e é que, despois de estar traballando tres anos profesionais de todas as autonomías por conseguir un plan de saúde mental para España, foi tombado nese consello interterritorial polos gobernos en coalición de Partido Socialista e Podemos. Eles foron os que tombaron o traballo de tres anos dos profesionais da saúde mental de España. Agora teríamos un plan nacional, e nós iríamos a continuación. Non imos esperar, porque non podemos esperar por eses gobernos que non teñen sensibilidade para tirar por terra o traballo destes magníficos profesionais; creo que Galicia non vai esperar e vai seguir traballando, como digo, niso.

Queremos que o plan sexa o resultado do esforzo colaborativo dun numeroso grupo de profesionais do ámbito da saúde, pacientes e outros axentes sociais implicados. Aspira a ser un documento que estructure as actuacións dos profesionais e organice os recursos de xeito eficiente. Centrarase en colectivos específicos de persoas e en problemas, sendo algunhas das liñas que recollerá a implantación do proceso asistencial integrado pai en depresión ou o fomento da atención na comunidade do trastorno mental severo, continuando no desenvolvemento de programas de continuidade de coidados en atención domiciliaria, ou enriquecendo tamén dous programas de rehabilitación psiquiátrica ou a mellora da atención psicolóxica a colectivos con discapacidade.

As actuacións do Plan estarán aliñadas coas descritas na estratexia Sergas 2020. Cómpre destacar a dotación de recursos para a atención á enfermidade mental en idades extremas da vida, atendendo as patoloxías infantoxuvenil e psicoxeriátrica, de xeito que cada estrutura de xestión integrada conte con recursos específicos.

Recentemente creouse —como ben sabe— na área de Vigo unha unidade ambulatoria de atención psicoxeriátrica, sendo o próximo paso neste senso a dotación da EOXI de Ferrol dunha unidade de saúde mental infantoxuvenil, de coidados que agora mesmo non temos dentro da carteira de servizos. Tamén queremos ir incorporando a enfermería especialista en saúde mental. Pero, como dicía anteriormente, queremos tamén incorporar nela as profesionais que levan realizando este labor durante tanto tempo.

Quero dicirlle, como resumo, que a gran transformación da saúde mental en Galicia vai seguir continuando. E imos mellorar aínda máis, porque en sanidade aquel que queda parado nun momento determinado perde o compromiso coa sociedade. E nós temos claro que o noso compromiso é a sociedade galega.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Continuamos co punto 6, de preguntas ao Goberno.

Pregunta de D. Marcos Cal Ogando e D. Antón Sánchez García, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa vertedura de residuos que se está a levar a cabo na parcela, protexida pola Rede Natura 2000, do conxunto granítico emblemático denominado «O Con do Paxaro», no espazo dunar da praia da Lanzada, con motivo da execución das obras de mellora da estrada PO-308

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta do deputado Marcos Cal, de En Marea.

Cando queira, pode formular a pregunta.

O señor CAL OGANDO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señora Ethel.

A Xunta de Galicia está a executar as obras de mellora da estrada PO-308 dende a rotonda de acceso á vía do Salnés ata o lugar de Soutullo, na emblemática zona da Lanzada; un tramo de 2,77 quilómetros adxudicado por un total de 2,4 millóns de euros e cofinanciado nun 80 % con fondos europeos, fondos Feder. É unha vía con enormes carencias en seguranza viaria, que leva anos agardando algunha actuación sustentábel nesa zona de tan importante valor ambiental.

A veciñanza da zona afectada puxo a voz de alarma sobre a agresión que se está a cometer sobre a Rede Natura con esta obra. Estanse a verter escombros e a remover as dunas da parcela chamada «O Con do Paxaro», que está protexida, entre outras figuras, pola Rede Natura e que a empresa concesionaria está a utilizar como simple vertedoiro e aparcadoiro para a maquinaria.

Esta parcela, ademais do seu valor ambiental, é un lugar tamén de grande carácter simbólico. Alí atópase o con coa figura do cormorán na cima. O espazo do que falamos, ademais de parte do complexo granítico, é unha zona que precisa da protección e dos plans de recuperación axeitados por tratarse de zona protexida pola Rede Natura. Estanse empregando fondos Feder, dedicados supostamente á mobilidade sostible —carril peonil e ciclista—, a construír aparcadoiros nunha zona protexida e sensible, na paraxe dunar da Lanzada, contravindo a lexislación da Rede Natura e, como vén sendo frecuente, promovendo un modelo de cemento que non respecta as paraxes naturais nin fomenta o transporte sostible.

Para a construción destes aparcadoiros destruíuse o ecosistema dunha paraxe natural en vez de rexeneralo, como prevían proxectos anteriores que foron desbotados, e como é obriga da Consellería de Medio Ambiente por tratarse dunha zona protexida pola Rede Natura. E tamén se destruíu parte dun conxunto granítico emblemático que debería ter estado catalogado polo seu alto valor artístico e cultural.

A veciñanza da zona, comprometida cos valores ambientais do lugar, denuncian que non se están a tomar as medidas de prevención e protección medioambiental, nin sequera super-

visando esta zona de especial protección. Vostedes perciben subvencións europeas para a mobilidade sostible e constrúen aparcadoiros e destrúen zonas protexidas polas que tamén reciben subvencións europeas. Esta é a xestión.

A veciñanza traslada tamén que as obras levadas a cabo non corresponden coas do proxecto licitado, incluso se están a devolver terreos exixindo que se devolvan os cartos das expropiacións. As veciñas e os veciños, de forma particular e a través de asociacións, están a solicitar información e a pedir responsabilidades sen obter ningunha resposta.

E por todo isto formulámoslle a seguinte pregunta: ¿que actuacións ten previsto realizar o Goberno en relación con esta parcela protexida pola Rede Natura 2000 e o conxunto granítico emblemático do Con do Paxaro? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Cal, en primeiro lugar, por suposto que non se está a remover ningunha duna, como di vostede, en absoluto. E permítame algún comentario. Parece que vostede non quere que fagamos a obra e, polo tanto, a min paréceme que vostede nin aposta pola mobilidade sostible nin aposta pola seguridade viaria nin aposta tampouco pola promoción turística dunha zona que realmente é un concello con miles de visitantes en época estival.

As obras que estamos a realizar na mellora da estrada PO-308 consiste nunha senda peonil e ciclista entre A Lanzada e Soutullo, recollida no Plan de sendas de Galicia que impulsamos dende a Xunta de Galicia, para a mobilidade sostible, a seguridade viaria e tamén favorecer os desprazamentos a pé. Trátase da primeira fase dun proxecto moito máis ambicioso que imos facer na súa totalidade nesta lexislatura. A primeira fase que estamos a facer é A Lanzada-Portonovo; a segunda fase, Soutullo-Magor, iniciará o próximo mes de abril. E os traballos concretos pódollos explicar: unha pasarela de madeira polo lado do mar —dende logo, unha actuación respectuosa co medio ambiente—; pola marxe dereita, 2 quilómetros de senda; e tamén dotar aparcadoiros. Polo tanto, máis de 3 quilómetros e máis de 3 millóns de euros para unha actuación que estará rematada este mesmo verán. E, polo tanto, preparada para esta época estival, para o verán, cando Sanxenxo recibirá miles de turistas.

Señor Cal, por descontado, a obra é pública, e estas obras, en concreto, son compatibles co respecto ambiental e co respecto patrimonial. Así o din os órganos competentes na materia, porque hai órganos competentes nesa materia.

Como sabe —se non, infórmoo—, por suposto que a Axencia Galega de Infraestruturas trasladoulle o proxecto á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, que o analizou e autorizou. É o órgano competente en materia patrimonial. Tamén os técnicos dos servizos de conservación da natureza, xunto co persoal de vixilancia e cos técnicos da Axencia Galega de Infraes-

truturas inspeccionaron a zona. Corroborouse que está dentro da zona de dominio público da estrada. Son terreos illados, tras a construción da estrada PO-308, a estrada local que vai a Noalla, e, polo tanto, fisicamente desconectados do espazo protexido. Son factores que levaron a todos os órganos competentes a dicir que é unha actuación estratéxica, unha actuación importante, que ordenará este espazo público, espazo natural. É, polo tanto, unha actuación positiva tamén para o medio ambiente.

En definitiva, estamos falando dunha actuación coa autorización da Dirección Xeral de Patrimonio, coa autorización da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, que son as competentes na materia ambiental e na materia patrimonial. Faise un seguimento continuo en materia ambiental e patrimonial. E, polo tanto, deixen de crear alarmas innecesarias e, dende logo, aposten por facer publicidade positiva e turística por Sanxenxo.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica do señor Cal.

O señor CAL OGANDO: Claro, a publicidade positiva para a zona turística non é destruír as zonas medioambientalmente protexidas. É mentira que non se está a agredir unha zona protexida. Eu estiven alí, estiven a pé de obra e estiven mirando a parcela protexida, que di vostede que é unha parcela illada. Non é verdade, non é unha parcela illada, hai unha zona que está dentro da Rede Natura que está sendo utilizada para verter os escombros da obra, e están aparcando alí a maquinaria. E destruíron todo o complexo dunar, que xa precisaba ser recuperado porque a Consellería de Medio Ambiente, evidentemente, non estaba facendo o seu traballo. Precisaba ser recuperado e agora está totalmente destruído. Isto está así, eu estiven alí hai quince días. Isto é así, eu non sei se vostede non estivo. Eu estiven; polo tanto, non me diga que non se está agredindo medioambientalmente unha zona protexida porque si se está agredindo unha zona protexida dentro da Rede Natura 2000. Iso é a realidade. Vostede non pode vir aquí dicir algo que non é certo e dicir que non está ocorrendo, porque si está ocorrendo. Eu estiven alí e estiven cos propietarios da parcela, que recoñeceron que era zona Rede Natura, os propietarios da parcela. Ou sexa que non veña aquí dicir que non se está agredindo. Por suposto que se está agredindo unha zona protexida.

Dime que están acometendo unha obra para a mobilidade sostible. Eu estiven alí e non vin nin o carril bici nin a senda peonil. Eu vin como se están facendo aparcamentos, iso si que o vin. Non se está facendo un carril bici e unha zona peonil. Polo tanto, creo que vostede ou non visitou a obra ou estamos falando de obras totalmente diferentes. Non está sendo respectuoso co medio ambiente porque, como lle digo, está agredindo unha zona de especial valor ambiental, unha zona de especial interese polas aves e tamén hábitat natural dunha especie protexida, como son as luciérnagas. Está protexida por distintos motivos.

E hai unha cuestión que si que me gustaría que dixera —porque non o comentou—: ¿que cambios se fixeron con respecto á obra inicial? Os veciños e veciñas están denunciando que

lles están retirando expropiacións sobre terreos e que lles están pedindo os cartos. Están exixindo información e non a teñen. Polo tanto, eu pediríalle que na súa réplica me responda que cambios se fixeron con respecto ao proxecto de obra inicial.

Máis nada. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Cal.

Turno de peche da señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Por suposto que estiven alí en Sanxenxo visitando as obras que están en execución; por suposto, non están rematadas. E o que parece, dende logo, é que non coñece realmente as peticións veciñais nin as peticións do propio alcalde de Sanxenxo. É o que me parece que vostede non coñece.

En calquera caso, eu insisto —porque así o din os informes dos órganos correspondentes, ambientais e patrimoniais, que para iso existen eses órganos na Xunta de Galicia— en que se están a facer con respecto ambiental, con respecto patrimonial e cos controis permanentes dos órganos competentes.

Eu voulle insistir en que estamos a falar dunha parcela illada dun espazo natural protexido, dunha zona —en concreto nesa— na que non hai dunas; señor Cal. Non hai dunas nesa zona do Con do Paxaro. Non se están a remover ningunhas dunas, como afirma vostede.

No relativo especificamente ao Con do Paxaro, ao Con do Cormorán, como sabe, carece de catalogación. E somos coñecedores de que ten unha significación simbólica en Sanxenxo e por iso en ningún momento, señor Cal —porque así tampouco estaba previsto no proxecto—, está prevista a retirada do Con do Cormorán.

Atendemos as demandas veciñais e dos alcaldes, sempre se fan así as obras. Nós temos diferenza con vostedes en que levamos moito tempo e temos experiencia en execución de obras. Buscamos solucións para executar as obras. E, como xa temos repetido insistentemente —volvo repetir— aquí a actuación non afectará o Con do Cormorán, nin afectará tampouco as rochas próximas ao Con do Cormorán. Díxeno, díxoo o meu director e seguireino repetindo; polo tanto, non afectarán.

Na execución tivéronse en conta, por suposto, solicitudes do concello. Creo que non lle gusta que fagamos esta obra. E, dende logo, estamos a facer unha actuación entre Sanxenxo e A Lanzada que supón unha mellora substancial, unha considerable mellora, na zona, non só ambientalmente senón en materia de seguridade viaria; tanto mellora ambiental como en materia de seguridade viaria. Ese é o principal obxectivo desta actuación, á parte da aposta pola mobilidade sostible e tamén por circular máis seguros e máis cómodos todos. E, ade-

mais, tamén permite delimitar mellor esta zona protexida e, polo tanto, evitar unha situación caótica nos meses de verán. Polo tanto, por suposto, esta actuación mellora ambientalmente a zona.

As previsións son que a obra entre A Lanzada e Soutullo remate este verán, que o vindeiro mes se inicie o segundo treito, de Soutullo ata Magor, e o terceiro treito, Magor-Portonovo, estará en obras este mesmo ano. Son 6,5 millóns de euros en total para mellorar a seguridade viaria, para mellorar os desprazamentos a pé e a mobilidade sustentable, e con efectos positivos medioambientalmente —eu insisto, señor Cal— e para a promoción turística positiva para Sanxenxo. Dende logo, aposten en positivo por Sanxenxo e non busquen conflito onde non o hai.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D. Martín Fernández Prado e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o proceso de adaptación tecnolóxica que debe levar a cabo o Concello de Vigo para a incorporación do transporte urbano no Plan de transporte metropolitano

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Teresa Egerique Mosquera, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes, conselleira. Moitas grazas por acudir hoxe a contestar a esta pregunta sobre o transporte metropolitano en Vigo. A ver se somos capaces de poñer algo de luz neste túnel no que estamos sumidos nesta cidade por un capricho dun alcalde que firmou un convenio e non o cumpre.

Para ter unha contextualización, lembramos que ese convenio de transporte metropolitano de Galicia na área sur asinouse con 12 concellos no mes de abril do 2016. Vigo quedou fóra por unha decisión persoal tamén do propio alcalde de Vigo, pero decidiu adherirse no mes de xullo tamén dese mesmo ano ao ver que tiña moitos beneficios para os usuarios da área metropolitana de Vigo.

O que pasa é que, claro, o transporte metropolitano son as viaxes interurbanas e as viaxes urbanas. Polo tanto, todos os cidadáns de Vigo e da área non poden beneficiarse desa bonificación no transporte urbano porque o alcalde de Vigo non cumpre un convenio que aprobou cunha serie de tarifas. E aprobouse tamén neste Parlamento e por iso apelo tamén un pouco á responsabilidade dos grupos políticos que aprobaron a Lei da área metropolitana e que votaron por unanimidade a Lei da área metropolitana, cunha cláusula na que se dicía que o transporte era fundamental para que a área metropolitana de Vigo funcionara. Apelo tamén á responsabilidade porque o transporte metropolitano na área urbana de Vigo non está a funcionar. Seguimos pagando os usuarios do transporte metropolitano 1,33 no billete cando tiñamos que pagar 0,86. Eu teño escoitado neste Parlamento que a Xunta invita e o concello

paga. E teño que dicir que a Xunta invita e a Xunta paga, e o Concello de Redondela paga, e o de Mos, e o de Cangas e o do Porriño... Todos pagan as súas porcentaxes que están previstas na táboa do convenio. Pero o Concello de Vigo nin paga nin cumpre nin acepta as regras do xogo do transporte metropolitano de toda Galicia, un transporte do que se están beneficiando os cidadáns da área metropolitana de Santiago, de Lugo, da Coruña, e pronto probablemente de Ourense. E nós en Vigo temos que seguir pagando as tarifas máis altas dun transporte metropolitano que consideramos que é de segunda.

Penso eu se lerá o alcalde de Vigo o que asina. Non sei se vostede nos pode aclarar aquí tamén cales son os trámites que hai que cumprir para que o transporte metropolitano urbano se cumpra, para que as tarifas estean. Hoxe puidemos ver que unha ex ministra socialista asinaba un convenio que vai custarnos case., non sei, uns millóns de euros a todos os españois por, quizais, non saber o que asinaba. Quizais ao alcalde de Vigo lle pasa o mesmo.

Señora conselleira, nós queríamos saber un pouco en que fase se atopa, porque, ademais, aínda por riba de non poñer en marcha o transporte metropolitano urbano, di que rompe con el. Se aínda non o puxo en marcha, non sabemos con quen ten que romper. Insistimos, hai unha cláusula na Lei da área metropolitana, aprobada neste Parlamento por todos os grupos, por unanimidade, na que di que sen transporte metropolitano completo, urbano, incluído, non se pode levar a cabo a Área Metropolitana de Vigo. É unha responsabilidade deste Parlamento.

Nós queríamos preguntarlle, señora conselleira, porque este é un tema que ás veces tamén parece complicado, porque é máis técnico, se ten constancia a Xunta de Galicia de como marcha o proceso de adaptación tecnolóxica que debe realizar o Concello de Vigo para a incorporación efectiva do transporte urbano no Plan de transporte metropolitano.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Dende a Xunta de Galicia levamos tempo traballando para impulsar o Plan de transporte metropolitano en Galicia. É a maior aposta feita en Galicia polo transporte público, unha iniciativa que é útil, que está a beneficiar a miles de galegos e, desde logo, é un plan que non para de medrar. Son xa cinco áreas nas que está implantado, 65 concellos adheridos e máis concellos solicitando a súa adhesión. E o certo é que o Plan de transporte metropolitano xa beneficia o 60 % dos galegos en Galicia.

Tampouco para de medrar o número de usuarios. Son 14 millóns de billetes os subvencionados en Galicia, un incremento do 9 % con respecto ao ano anterior, 2,6 millóns de desprazamentos na área de Vigo no ano 2016 e 40.000 veciños que dispoñen xa da tarxeta

metropolitana na área de Vigo. E tamén sumamos vantaxes coa tarxeta Xente Nova, esa tarxeta que permite aos menores de 19 anos que teñan gratuítos os seus desprazamentos no autobús interurbano; polo tanto, un fomento do transporte público para educar os nosos nenos, os nosos xoves, pola utilización do transporte público. A día de hoxe son soamente no Concello de Vigo 3.000 as tarxetas distribuídas; polo tanto, Vigo é o concello con máis tarxetas Xente Nova expedidas.

Polo tanto, estamos a falar dun plan social, un plan social de transporte que permite aforos de ata 600 euros ao ano a un usuario frecuente e que poderían chegar ata 1.000 euros se o autobús urbano se incorporara ao Plan de transporte metropolitano. Polo tanto, o alcalde de Vigo, con esa negativa de incorporar o transporte urbano, o que está impedindo é que aforren os vigueses 400 euros ao ano polo transporte público e nos seus desprazamentos interurbanos.

Polo tanto, o Plan de transporte metropolitano en Vigo está incompleto pola imposición do alcalde de Vigo. Polo tanto, o Plan de transporte metropolitano en Vigo é peor que o de Santiago e é peor que o da Coruña, pese a que o alcalde ten asinado a incorporación ao Plan de transporte metropolitano nas mesmas condicións que o resto das áreas. Pasados oito meses, non foi quen de facelo efectivo, non foi capaz de realizar as adaptacións tecnolóxicas. A semana pasada, os técnicos da Xunta confirmaron que os dispositivos de cobro non están completos, pois, por exemplo, non permiten cancelar un cobro indebido e non permiten tampouco pagar unha multiviaxe; polo tanto, non cumpre as condicións do Plan de transporte metropolitano.

Dende logo que parece falta totalmente de interese do alcalde de Vigo por incorporar o autobús urbano. Parece que non quere fomentar o transporte público, parece que non quere beneficiar os veciños de Vigo de que teñan un transporte público máis barato e máis útil; dende logo, prefere a confrontación, que é onde se sente máis cómodo, en vez de apostar pola colaboración.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica.

Señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Moitas grazas, señora conselleira.

Xa nos queda claro, entón, quen ten que facer os deberes. Eu vou poñerlles un exemplo, porque aquí —insisto— hai un denominador común, hai algo que non funciona, porque eu, como cidadá de Vigo —non sei se aquí haberá deputados do Morrazo ou de calquera outro concello da área metropolitana—, teño bonificado parte do meu billete interurbano por parte dese concello. Así que agradezo moito aos veciños deses concellos que, como viguesa, me bonifiquen parte dese billete e á Xunta de Galicia tamén que faga a parte proporcional.

En Vigo debería pasar o mesmo. Non pasa porque o alcalde, a pesar de asinar un convenio e que ten que cumprir esas condicións, non o cumpre. E eu pregúntome por que di que racha cun Plan de transporte metropolitano que non puxo en marcha. Co que racha, seguramente, será co convenio que asinou. E di que vai facer convenios bilaterais con determinados concellos que o apoian. Non sabemos moi ben se o apoian tamén para facer eses «rollitos de primavera» dos que falaba o señor Leiceaga esta mañá e se o apoiarán para determinados apoios tamén no partido, pero iso non é serio. En Vigo hai usuarios do transporte urbano que se están beneficiando do transporte interurbano, pero non do propio transporte urbano. É unha medida que vai afectar os vigueses e os cidadáns metropolitanos, non só os metropolitanos. Por iso, conselleira, non sei se vostede terá coñecemento de en que consiste esa manifestación, esas intencións do alcalde de Vigo de rachar co transporte metropolitano, un transporte metropolitano no que el, a pesar de asinar, non entra; de en que consisten eses convenios bilaterais dos que fala e con que concellos pensa facelos, porque a área metropolitana ten que ser homoxénea para funcionar. Se imos empezar cos convenios bilaterais con determinados concellos, ti si, ti non, segundo o partido do que sexa, pois, entón, así non haberá área e non haberá responsabilidade, porque —insisto— a Lei da Área Metropolitana, coa cláusula do transporte...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique. Grazas.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: ...incluída, votouse aquí por unanimidade de todos os grupos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche.

Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Pois o certo é que coñecemos a través dos medios de comunicación a intención do alcalde de Vigo de negociar convenios bilaterais con determinados concellos en materia de transporte. Iso, dende logo, o que supón é rachar de forma unilateral o convenio que ten asinado, pero tamén o certo é que non temos constancia oficial, non se ten dirixido nin á Xunta de Galicia nin ten remitido ningún escrito. Eu sempre digo que as administracións serias non lles damos rexistro de entrada nin aos teletipos nin aos artigos de prensa. Dende logo, nas administracións serias hai que tratar de forma oficial e regulada.

Eu o que penso é que o alcalde discrepa do que el mesmo asinou. Eu teño aquí o convenio asinado polo alcalde de Vigo, coa súa sinatura. Cláusula terceira, punto 2: «Coa formalización deste convenio, o concello de Vigo intégrase nos programas vixentes no Plan de transporte metropolitano, na área de transporte metropolitano de Vigo, nas condicións e termos establecidos no convenio marco e nos acordos e resolucións concretos que o desenvolvan e

que son coñecidos polas administracións partícipes no plan.» Polo tanto, normas claras, únicas e uniformes en toda Galicia.

Polo tanto, ou ben o Concello de Vigo nunca quixo incorporarse e é unha operación propagandística, un engano aos vigueses, cando asinou o convenio, ou ben non sabía o que asinaba e agora busca unha vía de escape para non cumprir o asinado; unha vía de escape que, dende logo, lle está a supoñer cartos aos vigueses, como dixen na miña primeira intervención.

En definitiva, o autobús urbano non entra no Plan de transporte metropolitano e, polo tanto, un veciño do Porriño que queira coller o autobús dende Vigo —o urbano ou o interurbano— para ir ao Porriño ten que pagar dous billetes en vez de pagar un, se estivera no Plan de transporte metropolitano, e, polo tanto, pagar máis.

Non cumpre coa palabra dada. Na miña opinión, é unha irresponsabilidade, unha falta de respecto incluso aos veciños, aos propios veciños, que teñen que pagar máis polo transporte público. Está evitando que que aforren 400 euros máis. Non cre na área metropolitana. Dende logo, esta é unha aposta polo transporte público pola nosa parte, e a aposta que está a facer o Concello de Vigo é completamente partidista, impropia dunha administración seria e, dende logo, de difícil realización —a proposta que está facendo o alcalde de Vigo, insisto, a través dos medios de comunicación—, porque o transporte público, na nosa opinión, non pode ser un privilexio de cores políticas, ten que ser un dereito de todos os cidadáns, e de todos por igual. Polo ben, sobre todo, dos veciños, tamén dos veciños de Vigo, nós continuamos traballando para estas adaptacións tecnolóxicas. O alcalde de Vigo —insisto— non nos ten comunicado a actuación oficial, e nós seguiremos traballando por un transporte público de primeira en Vigo, por facer máis Vigo e por facer cidade en Vigo.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. José Antonio Quiroga Díaz e cinco deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a data prevista polo Goberno galego para a posta en funcionamento do porto seco de Monforte de Lemos

O señor QUIROGA DÍAZ: Si, boa tarde.

Á mañá estivemos tocando unha iniciativa moi importante para unha comarca senlleira como era A Limia, e agora, pola tarde, toca outra iniciativa moi importante para outra comarca do sur de Lugo, nomeadamente a comarca de Lemos.

Imos falar dun tema, que é o porto seco, e a min gustaríame que o que se fale a partir de agora deste tema sexa para desbloquear, para poñer a andar esta iniciativa, que hai que recordar que cobrou vida a finais do século pasado, aínda que isto xa pareza unha cousa un pouquiño de novel. E tampouco está de máis recordar que imos falar dunha infraestrutura, non só importante para a cidade do Cabe, non só importante para a capital da Ribeira Sacra, senón dunha infraestrutura fundamental para toda a comarca de Lemos e mesmo para o sur da provincia de Lugo.

E a iniciativa, que é ben sinxeliña, máis ou menos di así: As Directrices de ordenación do territorio citan a Monforte de Lemos como o sistema urbano intermedio da Comunidade Autónoma de Galicia, con catro estratexias fundamentais, que, no caso particular de Monforte, citan o seguinte: Monforte ten un enclave estratéxico na rede ferroviaria de Galicia, sobre todo no que se refire ao transporte de mercadorías. Este liderado pode apoiarse co desenvolvemento de actividades e funcións vinculadas á dinamización dos activos territoriais da súa contorna. Trátase de propiciar un espazo urbano máis atractivo e mellor organizado que permita potenciar a funcionalidade de Monforte como centro loxístico, de servizos e de produción, sede de iniciativas, de dinamización e de desenvolvemento, espazo comercial e cultural, e como elemento articulador dunha nova oferta turística de natureza para a Ribeira Sacra nas áreas montañosas próximas ao Courel e ao Incio. En definitiva, do que estabamos a falar antes, dun lugar central e dunha iniciativa importantísima para un amplo territorio.

Pero non rematan aquí as posibilidades de Monforte, xa que o futuro sistema viario de conexión de Galicia con León, mediante a autovía Ourense-Ponferrada e a autovía diagonal de Galicia, así como a modernización do trazado ferroviario, orientado preferentemente ao tráfico de mercadorías, fan de Monforte un lugar que no futuro pode obter vantaxes da súa situación con respecto ao sistema de cidades galego e ao sistema portuario atlántico.

Estamos a falar dun ámbito xeográfico vertebrador da provincia de Lugo, e como tal ten que ter un pulo importante nas investimentos das administracións públicas con competencia nos ámbitos da rede ferroviaria e do transporte por estrada.

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

O señor QUIROGA DÍAZ: Por todo o anterior, os deputados que asinan a pregunta ao Goberno galego trasládanlle: ¿cando se ten previsto poñer en marcha o porto seco de Monforte de Lemos, e nomeadamente o enlace coa Nacional 120, que é a obra que está no seu aleiro e parece que con dezaoto meses para a súa contratación? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

Resposta da conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Quiroga, o porto seco xa está dispoñible para que se poidan instalar as empresas, está listo; dende logo, a urbanización está rematada, e está listo para coller iniciativas empresariais que queiran instalarse. Iso é grazas a todo o esforzo que vimos facendo dende esta Xunta de Galicia, traballando decididamente, impulsando e implicándonos por este polígono empresarial. O certo é que non son palabras ocas, que son feitos, son investimentos; é un esforzo investidor importante. Estamos a falar de 20 millóns de euros en plena crise económica que fixo a Xunta de Galicia no porto seco de Monforte; trece millóns para adquirir os terreos, para realizar a urbanización, e algo máis de cinco millóns de euros para a conexión do porto seco coa estrada autonómica LU-933. Na conexión coa Nacional 120 estamos tra-

ballando. Supoñemos, estimamos, un investimento de 4,2 millóns de euros e agardamos poder ter o proxecto de trazado este mesmo verán, que suporá, dende logo, absorber absolutamente todo o tráfico que poida xerar esta área empresarial.

E xunto con este investimento, en plena crise económica tamén puxemos bonificacións, bonificacións ao solo empresarial e tamén novas fórmulas ao dereito de superficie, que sabe vostede que é un alugueiro simbólico con dereito a compra; bonificacións que no porto seco chegan ata o 50 % do solo empresarial, o que permite adquirir solo a 25,50 euros/metro cadrado. E o dereito de superficie implica que o porto seco está á disposición das iniciativas empresariais que estean interesadas a 38 céntimos/metro cadrado/ano.

Polo tanto, hai incentivos para atraer empresas. O certo é que está unha empresa interesada —con 40.000 metros cadrados en concreto— que prevé investir 20 millóns de euros e crear máis de 100 postos de traballo. Ten depositado o aval, temos adxudicados os 40.000 metros cadrados, pero o certo é que non temos saneamento municipal, non temos a conexión do saneamento, que é competencia absoluta municipal, responsabilidade do concello, e é o que está, dende logo, a pospoñer este proxecto.

Señoría, investimentos realizados —20 millóns de euros en plena crise económica—, incentivos para atraer empresas, claras apostas do compromiso da Xunta de Galicia por promocionar este porto seco. E outros, o Concello de Monforte e a Deputación, dígame vostede se poden dicir que fixeron o mesmo esforzo que a Xunta de Galicia nestes anos de crise económica.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Réplica, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: Si, e habería moito que replicar, pero eu non pretendo que isto sexa un «pim, pam, pum, fogo», porque aquí o que hai que pretender é arrimar o ombro todo o mundo e tirar para adiante. (*Aplausos.*)

Non está vostede referíndose a cousas certas, pero —repito— non quero polemizar vanaamente porque non ten ningún sentido. A depuradora é o único que falta e que, por certo, se lles olvidara no plan sectorial, que é da Xunta. É o único das últimas obras que está licitado. E cóntase que empece a funcionar no mes de xuño. As obras está previsto que comecen no mes de abril. Para o enlace da 120, que é fundamental para poñer en marcha esa infraestrutura, hai un prazo de dezaioito meses, ou deuse un prazo de dezaioito meses, para a licitación. Queda despois aínda o impacto medioambiental, queda logo licitar a obra e queda logo facer a obra. Mire vostede como está o tema.

Polo tanto, o porto seco ao día de hoxe non está listo. E por non estar listo non ten nin operador loxístico, cousa na que vostedes en principio non acreditaban. E é un elemento fundamental, non se pode poñer un xestor, un funcionario, sexa ou non, a un contratado, en definitiva, ao

cargo dun porto seco, senón un operador loxístico profesionalizado e cos contactos necesarios para sacar adiante este proxecto, que é de envergadura e que, por certo, púxoo en marcha un alcalde do Partido Popular, pero non por iso agora o alcalde do Partido Socialista lle escapa a ese tema. Non lle escapen vostedes agora, aínda que haxa un alcalde do Partido Socialista, porque é —repito— unha infraestrutura chamada a ser revulsivo para o sur da provincia de Lugo.

E, desde logo, vólvolle negar a maior: o porto seco non está listo para ser operativo. A depuradora, que a citou vostede, é a obra que está máis avanzada de todas elas. E cominámola a que o enlace da 120, que ten dezaoito meses...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Quiroga.

O señor QUIROGA DÍAZ: ...de prazo para contratar a redacción do proxecto...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor QUIROGA DÍAZ: ...a acurten e a fagan moito máis de présa.

Nada máis.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Turno de peche da señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle): Grazas, presidente.

Señor Quiroga, eu tamén aposto por que arrimen o ombro o Concello de Monforte e a Deputación de Lugo, por suposto que aposto por iso. Gustaríame que estiveran arrimando o ombro.

E voulle insistir en que é unha prioridade, aí están os datos. No ano 2009, o porto seco estaba paralizado despois de vir con bonanza económica. En plena crise económica, 13 millóns de euros, a urbanización está feita, os terreos están adquiridos, e a conexión ao vial con máis de 5 millóns de euros. E está feito en plena crise económica. E continuamos traballando —volvo insistirle—, con bonificacións no prezo do solo, descontos do 50 % e o dereito de superficie —38 céntimos/metro cadrado/ano—; polo tanto, unha aposta por vantaxes para adquirir solo empresarial. Implicación, interese, traballo e investimentos é o que estamos a facer, a pesar dos atrancos, a mala xestión e incompetencia do Concello polo tema do saneamento. Claro que o do saneamento é un problema en Monforte, competencia municipal, e é o que está a dilatar este gran proxecto empresarial no porto seco de Monforte.

Creo que todos somos conscientes da desastrosa rede de saneamento municipal do concello de Monforte —insisto, competencia municipal—, que impediu que o porto seco se poida

conectar á rede municipal. E a Xunta achegou unha solución a ese problema municipal de saneamento. Foi a Xunta quen achegou unha solución, achegou o proxecto e o apoio para financeiro, porque Monforte non podía perder esta oportunidade. E a pesar de ser unha competencia municipal, fixemos o proxecto, colaboramos para cofinanciar esta depuradora co 50 %. A Deputación, dende logo —que eu saiba—, en ningún momento quixo colaborar. E esa foi a celeridade da Xunta de Galicia ante un problema municipal, que era o saneamento.

O certo é que entregamos o proxecto o ano pasado, en maio do pasado ano 2016. E resulta que aínda se adxudica —e entereime polos medios de comunicación— recentemente, hai unhas semanas. As obras non empezaron. Polo tanto, a dez meses dende que entregamos o proxecto ao Concello as obras da depuradora non comezaron. E o certo é que incluso os técnicos da Xunta de Galicia axudaron ao Concello de Monforte a facer o informe técnico de adxudicación das obras. E que me entere polos medios de comunicación, dende logo, é deslealdade institucional bastante. Polo tanto, o que apoio e o que pido é celeridade e lealdade por parte do Concello de Monforte, e por parte tamén da Deputación de Lugo. Porque ¿que ten feito o Concello de Monforte por favorecer a implantación de empresas no porto seco? ¿Rebaixas do IBI? Non teño coñecemento. ¿Rebaixas fiscais? Non teño coñecemento. ¿Que fixo a Deputación de Lugo por favorecer tamén o desenvolvemento do porto seco de Monforte? Eu non teño coñecemento de ningunha iniciativa.

O fácil é criticar, criticar o traballo dos demais. O difícil é buscar solucións, o difícil é, en plena crise económica, facer a urbanización, facer accesos e incentivos para o solo empresarial; feitos que demostran ás claras o interese. E, dende logo, eu insisto: publicidade positiva para porto seco, por favor.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora conselleira.

Pregunta de D^a Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a sentenza xudicial referida ao proxecto de construción dunha liña de alta tensión entre as localidades do Irixo e Lalín, e a súa afectación á fraga de Casas Vellas, na parroquia de Catasós

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Conselleira, benvida.

Señor conselleiro de Educación, benvido tamén, que é de Lalín.

Estas son dúas fotografías da fraga de Casas Vellas. No século XIX, Emilia Pardo Bazán paseaba por estas fragas porque casou con José Quiroga Pérez de Deza, que era o herdeiro do pazo do lugar de Quintela, en Catasós. No século XIX tamén, Emilia Pardo Bazán permanecía en Catasós para escribir o seu libro *Los pazos de Ulloa*, e ela mesma dicía que daba longos paseos polas fragas da parroquia.

Pois nestas fragas pode ser, conselleira, que se substitúan as árbores por unha liña de alta tensión —vai ser difícil imaxinar a Emilia Pardo Bazán, estea onde estea, se está nalgún sitio, paseando debaixo dunha liña de alta tensión—, porque hai dez anos Fenosa elaborara un proxecto para construír esta liña entre o Irixe e Lalín e, como consecuencia dela, destruír a fraga de Casas Vellas por onde Emilia Pardo Bazán paseaba no século XIX.

Esta fraga está situada preto da fraga de Quiroga. Podería ser esta considerada, unha e outra, unha continuación do mesmo espazo. E a fraga de Quiroga é un monumento natural. Ten especies centenarias, castiñeiros, carballos, nogueiras, ata un piñeiro manso, din os maiores do lugar, que chama a súa atención porque ten máis de douscentos anos e é excesivamente grande. En total, 2.000 árbores que terían por destino ser arrasadas na carreira eléctrica de 132 quilovoltios a través de fragas e de soutos.

O proxecto partía de 10 millóns de euros en 2007. Reduciuse —para abaratar custos Fenosa, evidentemente—. No ano 2012 hai alegacións dos veciños e recurso perante a Consellería de Economía e Industria, coa calada por resposta. Na pasada lexislatura este grupo parlamentario pedía a derogación da resolución da Consellería, pedía protexer o contorno e que se modificase o trazado da liña para que fose soterrada. Nada conseguimos porque, tanto vos tedes coma o Concello de Lalín, que naquel momento estaba gobernado polo Partido Popular —efectivamente, o señor conselleiro de Educación era concelleiro tamén daquel concello—, defendían os intereses da eléctrica Fenosa e non o dos veciños.

Aproveito para saudar a un dos membros da plataforma Salvemos Catasós e ao tenente de alcalde actual do Concello de Lalín, que xa non está gobernado polo Partido Popular, para darlles as grazas polo seu traballo, polo seu esforzo, para que hoxe a fraga de Casas Vellas estea practicamente garantida. Hai unha sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 de Pontevedra, que aínda non é firme, que desestima a demanda de Fenosa fronte ao Concello, que decidiu negarse a outorgar licenza para un proxecto que naquel momento tiña todos os beneplácitos, todas as autorizacións, do Goberno da Xunta. Pero, segundo di a sentenza, incumpre a normativa ambiental autonómica.

Segue habendo actas previas de ocupación, e 500 titulares de parcelas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán. Formule a pregunta.

A señora VILÁN LORENZO: ...—remato, presidente— xa viron expropiados os seus terreos.

Preguntámoslle que opina vostede, señora conselleira, e o seu goberno, desta sentenza do Xulgado do Contencioso Administrativo número 3 de Pontevedra sobre o incumprimento...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...da normativa ambiental.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

Que ben fai, señora Vilán, en traer vostede fotografías aquí ao Parlamento dunha das zonas da nosa comunidade autónoma que, ademais da súa beleza, efectivamente, ten un patrimonio natural que é algo absolutamente incuestionable, e non fai falla que pasee por alí Emilia Pardo Bazán. Esa é unha realidade de sobra coñecida por todos, e isto contrasta totalmente... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*, contrasta totalmente co feito de que ata hai apenas tres meses non se comezara por parte do Concello —do actual Concello, que xa leva gobernando dous anos— a tramitación dunha declaración de ENIL.

E como ben di vostede na súa intervención, este é un procedemento xudicial aberto entre o Concello de Lalín e unha empresa, unha empresa privada. E, efectivamente, agora hai unha sentenza que tamén, como di vostede moi ben, non é firme, da que non somos parte a Xunta de Galicia, e vostede estame a pedir opinión sobre esta sentenza.

¡Home!, a verdade é que dende o meu punto de vista as sentenzas non son opinables, sencillamente hai que acatalas. E podería quedar aí, con esta resposta. En resposta á súa pregunta podería ser esta a fin da miña intervención. Porque tamén me podería vostede preguntar sobre que me parece a sentenza que tumba o Plan xeral de ordenación do municipio de Vigo, por exemplo. E, evidentemente, como non pode ser doutro xeito, a Xunta de Galicia o que fai é actuar e acatar —como non pode ser doutro xeito— as decisións dos xulgados.

Agora ben, xa que mo pregunta, e xa que vostede o di na súa afirmación, a sentenza non di en ningún momento que haxa un incumprimento da normativa medioambiental. É máis, a autorización ambiental a día de hoxe segue en vigor e non está nin suspendida nin anulada, nin sequera cuestionada, por esa sentenza. Porque o que cuestiona a sentenza, única e exclusivamente, é a licenza municipal do proxecto. Polo tanto, eu creo que falar de incumprimento, tan alegremente, dunha normativa ambiental autonómica é, dende todos os puntos de vista, faltar á verdade.

E por parte da Consellería ao proxecto déuselle, evidentemente, a oportuna tramitación ambiental, que en ningún momento está cuestionada por esa sentenza, en ningún momento está cuestionada a declaración de impacto ambiental deste proxecto. E nela incluíronse, evidentemente, todas as condicións que se consideraron precisas e tamén todos os informes sectoriais que foron precisos. E establecéronse consideracións respecto da protección e conservación dos diferentes eidos. Polo tanto a tramitación da Consellería de Medio Ambiente axustouse —volvo dicir— totalmente á legalidade. E iso é o que fixo esta consellería.

Neste expediente consta un informe de impacto paisaxístico —feito, por certo, polo anterior director do Instituto de Estudos do Territorio—. Outra cousa é que o xuíz ou a xuíza faga valoracións sobre o contido dese informe.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señora conselleira.

Réplica da señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Conselleira, é ben difícil que vexamos a Emilia Pardo Bazán, porque leva morta case douscentos anos, (*Risos.*) (*Aplausos.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) pero podemos imaxinar o seu espírito polas fragas de Casas Vellas. (*Murmurios.*) Eu esperaba, conselleira, que vostede non fixese aquí un comentario similar — porque así nos soou — ao de Esperanza Aguirre cando falou de «Sara Mago» pensando que era unha persoa con nome e apelidos. (*Murmurios.*) Pois Emilia Pardo Bazán está morta, pero, se estivese viva, seguro que estaría aí sentada reclamándolle á súa consellería que, por favor, non defenda a Fenosa e defenda o espazo natural da fraga de Casas Vellas. (*Aplausos.*) Sobre todo, conselleira, porque vostedes naquel momento, no momento en que comezou o procedemento...

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Presidente, eu pido un pouco de respecto. Eu non me rin... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), e sobre todo pídolle...

O señor PRESIDENTE: Para todos, para todos, pero acabo de pedilo eu. ¡Silencio!

A señora VILÁN LORENZO: Presidente, é que está correndo o tempo e eu quero formular a miña pregunta e a miña réplica.

Grazas.

O señor PRESIDENTE: Non se preocupe por iso. Prosiga. Contrólo bastante ben, creo.

A señora VILÁN LORENZO: Naquel momento, conselleira, non sei se vostede o sabe, o señor Román Rodríguez digamos que minimizaba a defensa da fraga por parte da Plataforma Salvemos Catasós porque dicía expresamente que a vostedes, ao Partido Popular en Lalín, isto non lles ía pasar factura. Pois, efectivamente, tanta factura lles pasou que perderon o Goberno no concello.

Porque os veciños de Lalín tamén están preocupados polo medio ambiente; vostedes, non tanto. Na sentenza díse que vostedes incumpren normativa ambiental autonómica. Aínda non é firme, e, efectivamente, non pode ser suspendida a declaración de impacto ambiental nin nada que teña que ver coa normativa autonómica precisamente porque aínda non é firme. Mentres non o sexa, o xulgado non pode adoptar esa decisión.

Eu preguntolle: ¿que vai pasar coas expropiacións? e ¿que vai pasar co incumprimento desa normativa ambiental? Non consideren vostedes que hai materias de primeira e de segunda división, porque vexan vostedes o lles pasou, que factura lles pasou no Concello de Lalín.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Turno de peche.

Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Señora Vilán, eu pídolle que, polo menos, fale con propiedade. Non hai ningún incumprimento en materia medioambiental, e moito menos que sexa cuestionado por esa sentenza e, se quere, léolle exactamente o que di o contido desa sentenza que chegou ás nosas mans. Non hai. E, por certo, señora, é que se dá a casualidade de que vivo xusto en fronte da casa onde naceu Emilia Pardo Bazán, (*Risos.*), e pódolle xurar que sei cando morreu e incluso cando naceu a señora Emilia Pardo Bazán —que isto xa é para nota—, na rúa Tabernas, por se acaso quere..., na cidade da Coruña.

Pero, en definitiva, falando en serio, o que, evidentemente, estamos a falar dende a consellería e no que estamos a traballar dende a consellería é para a aportación de todo o medio e, obviamente tamén, de todo o que atinxe ao concello de Lalín, e en concreto da fraga de Casas Vellas. E pódolle garantir, señora Vilán, que é o meu primeiro interese esa conservación, e, por suposto, dende a Consellería estamos a tramitar con toda axilidade posible ese ENIL, que dende hai apenas uns meses foi presentado polo Concello e que é unha figura que a súa protección só única e exclusivamente a contempla o plan de conservación, que posteriormente, despois de ser declarada ENIL esa zona, vaia ser ratificado.

En definitiva, agora estamos a tramitar ese ENIL, a día de hoxe. Esperamos que antes do verán sexa unha realidade a súa aprobación provisional, e non será definitiva ata que o Concello presente o seu plan de conservación, que é o que vai marcar os seus límites de conservación, e, por certo, iso leva un tempo.

Pero, volvo incidir, non está nin cuestionado nin hai ningún tipo de incumprimento a día de hoxe de que esa sentenza poida poñer en cuestión a declaración de impacto ambiental; segue estando en vigor. Ese proxecto inicial foi presentado e tivo que ser modificado, como moi ben dicía vostede, xa dende o ano 2007. Aquí a Xunta de Galicia, nesta consellería nin en ningunha outra, está a defender os intereses de ningunha outra empresa, do mesmo xeito que me presentan a min os expedientes e os presentaban no ano 2007 o Goberno do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego, exactamente igual. Efectivamente, fixéronse distintas modificacións que lle teño que dicir que foron feitas a petición da Dirección Xeral —antes— da Conservación da Natureza e da Dirección Xeral de Patrimonio e de Cultura; é dicir, modificacións ao proxecto non por interese económico, como falaba vostede, senón modificacións de carácter, neste caso, de competencia patrimonial da natureza e patrimonial da cultura.

Polo tanto, a Xunta de Galicia nin está nin se lle espera nese proceso xudicial, e a sentenza, como dicía vostede que non é firme, non afecta —volvo repetir— a tramitación ambiental

nin pon en cuestión a tramitación ambiental, única e exclusivamente se circunscribe a unha competencia municipal, que é a de conceder ou non conceder unha licenza.

Así que, polo tanto, procure falar cun pouco máis de propiedade, sobre todo para non enganar os veciños de Lalín, que iso sería o máis importante. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as actuacións que vai levar a cabo o Goberno galego diante do conflito laboral existente en Pescanova para defender os dereitos e as condicións de traballo dignas na empresa

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Eu teño curiosidade, de verdade llo digo, porque sempre temos que calar os deste lado da bancada. A min paréceme que as faltas de respecto veñen de ambos lados, pero as chamadas de atención sempre soen vir para os mesmos.

E agora, xa se me escoitan, bo día.

Como sabe, señor conselleiro, hai agora dez meses dende que comezaron as mobilizacións, as negociacións para modificar o convenio colectivo en Nova Pescanova nas plantas de fabricación e frío; unhas negociacións que están marcadas polo intento da dirección da empresa de renunciar ao actual convenio como marco de negociación e polo intento da imposición de condicións laborais e económicas moito peores.

Algunhas das modificacións que pretenden impoñer unilateralmente pasan por impoñer a flexibilidade da xornada con dispoñibilidade case absoluta de luns a domingo ou pola implantación dunha dobre escala salarial, facendo que as novas incorporacións cobren ata un 40 % menos nalgúns categorías. Esta é unha fórmula xa usada e ensaiada noutras empresas cun obxectivo claro: pretenden crear unha fenda salarial e de dereitos cada vez maior entre a propia clase traballadora da mesma empresa. Igual pensan que, se intentan dividir, será máis doado vencer. E temos que dicir, ademais, que este conflito está, como moitos outros, por desgraza, profundamente vencellado ás súas decisións políticas.

E vou contradicir xustamente as verbas da súa intervención anterior. A reforma laboral non creou emprego, a reforma laboral creou máis precariedade, a reforma laboral creou máis temporalidade e creou máis desigualdade e trouxo o debilitamento da negociación colectiva. De feito, o escenario que temos hoxe, onde a precariedade é a norma, é consecuencia directa da aprobación das dúas últimas reformas laborais do Partido Popular e do Partido Socialista, e nós pensamos, como xa temos manifestado en moitas ocasións, que cómpre derroga-la.

Pero, ante esta reforma, ante os ataques aos nosos dereitos, non quedamos paradas, e a resposta ante estas e ante a ofensiva da dirección da empresa de Pescanova na súa senda de profundar na precariedade é clara: unidade e solidariedade dos traballadores e das traballadoras. A totalidade da plantilla secundou a folga nas plantas nas que se convocaron os dous días de paro. E aínda que estean pretendendo impoñer o relato de que se está cuestionando

a viabilidade da empresa, o que se está a cuestionar en realidade é a pretensión de que o custo do reflotamento da empresa recaia sobre os de sempre.

A plantilla de Pescanova non é a responsable do endebedamento da empresa coas entidades bancarias, que agora deseñan a porta pechada un plan estratéxico para recuperar os cartos a custa da redución dos custos laborais, por suposto, non a custa dos beneficios, e a recuperación económica da que vostedes sempre presumen en moitas das súas declaracións está consistindo en todos estes anos en retroceder dereitos, en devaluar salarios e en facer que as consecuencias da crise apaguen as maiorías sociais. Eses son os efectos das súas reformas laborais. — Si, mírame cunha cara moi estrañada; agora escoitarei con gran atención. —

Por todo isto, as preguntas que lle formulamos son as seguintes: ¿van enfrontar directamente o conflito laboral aberto en Pescanova?, ¿van defender os dereitos laborais de traballo digno na empresa? E, en resumo, eu preguntolles: ¿de que lado van estar esta vez? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra o conselleiro de Economía, Emprego e Industria, o señor Conde López.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quinteiro, o primeiro que lle teño que trasladar é que o Goberno é plenamente consciente da relevancia que ten Pescanova para o tecido produtivo galego, cousa que vostede na súa intervención en ningún momento parece que quixo reflectir. Estamos a falar dun dos principais estandartes do tecido empresarial galego; estamos a falar dunha empresa absolutamente esencial, non só para o noso tecido produtivo, senón tamén para a nosa sociedade, e estamos a falar, señoría, de 2.000 empregos e de 400 millóns de euros de vendas na nosa comunidade.

Por iso, eu creo que, dalgunha forma, aos grupos políticos neste tipo de situacións o que se nos debe pedir é un pouco de prudencia, e vostede xa está aquí non só xulgando unha situación, porque é sorprendente non só como vostede a está a xulgar senón tamén como está a xulgar ao Goberno e a este conselleiro; cuestión, verdadeiramente, se mo permite, sorprendente.

O que si lle podo dicir é de que lado estivo, está e estará sempre este goberno, que non é máis que do lado do emprego, do emprego de calidade, e, no caso de Pescanova, dos traballadores, porque lle teño que recordar — porque parece que non tirou de antecedentes — que a Xunta de Galicia non escatimou ningún tipo de esforzo na procura de solucións para Pescanova cando Pescanova estaba en concurso. E, nese momento, o que estivo do lado dos traballadores, o que estivo de lado do emprego e o que estivo ao lado dun plan de viabilidade para o tecido produtivo foi precisamente este goberno.

Polo tanto, debería de ter un pouco máis de prudencia, porque o que eu xa lle podo trasladar é que este goberno non volverá escatimar ningún tipo de esforzo para, precisamente, traballar

non só polo mantemento dos postos de traballo senón por ese emprego de calidade, a través do diálogo, e non fronte ao conflito, que parece ser que é o que vostede quere promover.

En calquera caso, o que si lle podo dicir é que a Xunta de Galicia xa ten actuado, e de forma inmediata se vai proceder a iniciar a mediación, que é no marco no cal hai que resolver este tipo de situacións ás que vostede se está a referir. Creo que nese contexto os grupos políticos temos que actuar con absoluta prudencia e o Goberno, con responsabilidade. E o que lles temos que pedir, loxicamente, á empresa e aos traballadores é que ambos os dous actúen coa corresponsabilidade suficiente para poder garantir os dereitos dos traballadores, pero tamén a competitividade de Pescanova.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Conde.

Ten a palabra, para a réplica, a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAUJO: Por suposto que Pescanova é unha empresa estratéxica para o país. Tres minutos, como saben, non dan para demasiado.

Prudencia. Eu diríalle: ¿como lles pode pedir prudencia, por exemplo, ás traballadoras que están nestes momentos negociando un convenio que pide rebaixar os salarios un 40 %? ¡Home!, non sei. ¿E prudencia cando che está tamén exixindo unha dirección de empresa que flexibilices os teus horarios de traballo para que traballes de luns a domingo?

Claro que a Xunta ten e tivo sempre un papel fundamental no futuro de Nova Pescanova. Eu tamén me lembro dos esforzos con Pescanova, da cantidade de millóns que investiu a Xunta de Galicia para reflotar a compañía. Pero tamén hai que lembrar os sacrificios que fixeron todos os traballadores e traballadoras nesta situación. Eles foron tamén realmente moitos dos que axudaron a salvar a situación da empresa.

E a nós esa postura de equidade entre uns e outros non nos satisfai. Hai unha empresa que está tendo beneficios. Non utilicen esa escusa. Estase utilizando a reforma laboral para precarizar o traballo, para recortar dereitos, para facer traballos temporais, cun único obxectivo: traballadores a un custo moito máis baixo; beneficios moito máis grandes para a dirección da empresa. Ese é o único obxectivo. Por iso, eu pídolles que tomen partido. Para min tomar partido é, por suposto, defender as condicións dignas de traballo, que xa estaban neste momento.

¿Vostedes están de acordo con que o convenio se volva regular con estas condicións?, ¿están de acordo con que a empresa impoña unha devaluación salarial dun 40%?, ¿están de acordo con que a empresa volva implantar a flexibilidade laboral de todos os días? Pescanova non está xa rescatada, xa se puxeron moitos millóns para esta empresa. Entón, agora póñanse do lado dos traballadores e das traballadoras; por unanimidade —eu penso que iso cómpre recordalo—, a totalidade da plantilla está parando. ¿Iso non lles dá unha lixeira idea? Están parando cando están intentando dividilos, dicindo que os traballadores que están actualmente

nesta empresa van ter as mesmas condicións laborais. Os que veñan detrás, as persoas, a mocidade esa que tanto lles preocupa, vai ser a que teña uns salarios un 40 % máis baixos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Bueno, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Réplica do Goberno, do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Quinteiro, poucas veces se pode ser tan demagóxico como na súa intervención desta tarde; poucas veces, sinceramente. *(Murmurios.)*

Mire, eu non lles pedín prudencia aos traballadores, pedínlle prudencia a vostede, e vostede, lonxe de traballar nesa senda, traballa, como sempre, na demagogia e na irresponsabilidade, dende o punto de vista dunha situación que nestes momentos está no eido da mediación. Polo tanto, o que se nos pide aos grupos políticos e ao propio Goberno é esa responsabilidade, cousa que vostede, lamentablemente, nesta tarde non quere trasladar, e o que quere é facer política dunha situación, que realmente o lugar onde se ten que resolver é onde está nestes momentos, que é na mediación.

Polo tanto, eu creo, sinceramente, que o camiño xa está, loxicamente, marcado, porque en situacións deste tipo hai que traballar na defensa dos dereitos dos traballadores e hai que traballar tamén na competitividade da propia empresa, porque, loxicamente, a empresa ten que dar respostas dende o punto de vista das súas necesidades, e, loxicamente, o que temos que facer non é dividir, que parece que é o que vostede vén facer a esta Cámara, o que temos que facer é, precisamente, axudar.

Polo tanto, señoría, nós como Xunta de Galicia xa temos actuado. Por certo, debería documentarse, porque a Xunta de Galicia non puxo un só euro a fondo perdido na situación do concurso de Pescanova, nin un só euro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Polo tanto, esa irresponsabilidade que vostede vén trasladar aquí creo que debería retirala.

En calquera caso, o que si lle podo dicir é que a Xunta de Galicia, nese conflito concursal, o que actuou foi como catalizador para conseguir o financiamento necesario para que hoxe 2.000 traballadores teñan futuro. Polo tanto, nese contexto, o que fixo o Goberno foi estar ao lado dos traballadores, e pódolle asegurar que o que vai facer o Goberno nesta situación é seguir ao carón dos traballadores, ao carón de Pescanova, porque esa é a nosa responsabilidade, e, por suposto tamén, ao carón de Galicia, cousa na que vostedes, lamentablemente, non queren estar en ningún momento cando se fala de política industrial.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pregunta de D. César Manuel Fernández Gil e cinco deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración do Goberno galego respecto dos datos do abandono temperán dos estudos en Galicia no ano 2016 pola poboación comprendida entre os 18 e os 24 anos antes de acadar a educación secundaria postobrigatoria

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

Como todos ben saben, o concepto de abandono temperán, que se vén empregando dende a adopción do punto de referencia no ano 2003, refírese á porcentaxe de poboación entre 18 e 24 anos que alcanzan como máximo a educación secundaria de primeira etapa, a educación secundaria obrigatoria, e non continúan estudando ou formándose coa finalidade de acadar o nivel que para século XXI se definiu como desexable, que é o nivel da educación secundaria de segunda etapa ou postobrigatoria.

Recentemente, como todos saben tamén, publicáronse os datos de abandono temperán en Galicia durante o ano 2016, segundo os cales, a taxa de abandono temperán en Galicia no conxunto dese ano experimentou un novo descenso, e confirmou unha boa tendencia iniciada xa en lexislaturas pasadas, en exercicios anteriores.

Os datos do abandono van en liña cos bos resultados acadados en estudos internacionais, como pode ser o caso do Informe Pisa 2015, no que Galicia obtivo os mellores resultados da súa historia, situándose por riba da media de España e da OCDE nas tres competencias avaliadas, tanto en competencia lectora como en competencia matemática e competencia científica. Así mesmo, tamén Galicia se consolidou como a comunidade autónoma co sistema educativo máis equitativo, tanto a nivel nacional como a nivel internacional.

Neste sentido, gustaríanos coñecer da man do conselleiro que valoración fai o Goberno galego dos datos recentemente publicados de abandono temperán en Galicia no ano 2016.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, o señor Román González.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, o abandono temperán coincidimos con vostede en que é unha das principais variables coas cales se pode medir a calidade e a equidade dun sistema educativo e, efectivamente, hai moi pouco tempo coñecemos o último dato referente á situación en Galicia no ano 2016. Este dato fálanos de que o abandono escolar temperán, o fracaso escolar —que tamén é así coñecido—, se sitúa en Galicia nun 15,2 %. Este dato sitúase practicamente 4 puntos por debaixo da media española, que acada tamén neste momento en torno a máis dun 19 %.

Se facemos unha moi breve comparativa con outras comunidades autónomas, temos que dicir que Galicia é a quinta comunidade autónoma nesta situación. As dúas primeiras son o País Vasco e Cantabria, por debaixo do 10 %, e cara a estas comunidades autónomas miramos. Tamén estamos moi preto das dúas seguintes, que son Navarra e Madrid, cun 13,4 % e un 14,6 %. Por seguir coa análise comparativa, podemos dicir que o abandono escolar en Galicia está practicamente 8 puntos por debaixo —8 puntos mellor— que a media de Andalucía e que está tamén 3 puntos mellor que a media catalá.

Co cal, feita esta moi breve análise comparativa, concluimos que a situación con este dato é positiva, xa que tamén estamos moi preto do obxectivo 20-20 que se fixaba pola Unión Europea para Galicia, que era dun 15 % nesta variable.

Obviamente, entendemos como moi positiva esta redución. A redución do fracaso escolar é unha das variables que indica que existe un ensino máis equitativo, porque non hai nada máis antisocial que unha porcentaxe significativa de que os nosos xoves saian á rúa sen ningún tipo de titulación, ou cunha débil formación, porque isto, sen dúbida, os conduce por uns itinerarios vitais difíciles.

Obviamente, estamos nunha tendencia positiva que nace no ano 2009. Con anterioridade ao ano 2009 as porcentaxes de abandono escolar se incrementaban; de feito, no ano 2009 estabamos falando de practicamente un 26 % de fracaso escolar, e hoxe estamos nun 15 % e unhas décimas de fracaso escolar. É dicir, fomos capaces de reducir practicamente 10 puntos, o cal é unha variable que ten un valor moi importante. Nesta redución xogan factores externos, conxunturais tamén, vencellados á situación económica xeral, pero tamén factores internos. Son inevitables. Tamén é certo que en Galicia se reduciu o abandono máis que noutras comunidades autónomas. Tamén xogan factores educativos internos vencellados a programas internos que se puxeron en marcha en Galicia, como o Programa de apoio educativo, unha oferta educativa atractiva, a ampliación de prazas en Formación Profesional... É dicir, unha serie de medidas que foron ben acollidas e que contribuíron a esta redución.

Co cal, en definitiva, señor deputado, penso que Galicia colectivamente debe de estar satisfeita desta situación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Isto débese, por unha parte, ao esforzo da comunidade educativa, tamén aos programas implementados pola Administración e, en definitiva, con esta redución con-

seguimos un ensino máis xusto socialmente e sobre todo conseguimos que ninguén quede atrás.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Para a réplica ten a palabra o señor Fernández Gil.

O señor FERNÁNDEZ GIL: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, a verdade é que, en primeiro lugar, me gustaría agradecer a súa resposta. Eu creo que en nome do grupo temos que amosar tamén a nosa satisfacción polos datos que acaba de comentar, e que veñen amosar que dende o Goberno galego se están a tomar medidas para mellorar a calidade do sistema educativo de Galicia. Evidentemente, estes resultados non son froito da casualidade nin son froito de ningún San Benitiño milagreiro, senón que son froito do traballo e do esforzo de toda a comunidade educativa, como ben sinalaba vostede, porque eu creo que é de xustiza poñer en valor o traballo de toda a comunidade educativa, pero tamén o traballo, ¿como non?, da Administración, que sempre ten unha parte importante dentro do que é a mellora nos datos de calidade do sistema educativo.

Ao longo destes anos e, como todos sabemos, tense realizado un bo traballo por parte da Consellería para mellorar a calidade do ensino e para acadar cifras como as que nos acaba de presentar hai un momento.

Evidentemente, e tendo presente que isto non é unha cuestión casual, como dicía antes, senón que é froito do traballo e froito de accións encamiñadas —como vostede xa apuntaba na súa primeira intervención— e iniciadas pola Consellería para a mellora do sistema da calidade educativa, gustaríanos saber cales son, desde a perspectiva do Goberno galego, aquelas accións que consideran que xogaron un papel fulcral na mellora destes datos de abandono temperán.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas.

Como xa dixen na primeira intervención, hai factores conxunturais xerais, para o conxunto de España, pero hai tamén factores internos e propios, vencellados fundamentalmente ao deseño dun modelo educativo propio en Galicia, que posibilitaron avanzar nesta senda da redución progresiva do abandono escolar. E gustaríanos poñer de relevancia fundamentalmente dúas: por unha parte, os contratos programa, e, entre os seus obxectivos, unha liña

de traballo neste ámbito era a redución na taxa de abandono escolar e a redución e mellora progresiva da calidade educativa; e, por outra, a aposta moi decidida que se fixo dende o ámbito da Xunta de Galicia pola mellora integral da Formación Profesional, novas modalidades, novos currículos, etc. Creo que merece a pena facer unha pequena reflexión sobre estes datos.

Os contratos programa naceron no ano 2011, por certo, cun moi forte cuestionamento naquel momento por parte da oposición política, e, sen embargo, foron moi ben recibidos por parte da comunidade educativa. Dende o ano 2011 ata hoxe hai un incremento progresivo dos contratos programa nos centros educativos. Estamos falando de practicamente 416 centros educativos, estamos falando de máis de 100.000 alumnos que están involucrados en contratos programa e que, dalgún xeito, reflicten a autonomía e o esforzo dos centros educativos para poñer en marcha programas orientados á mellora da calidade, por unha parte, e a reducir o fracaso escolar, por outra. Insisto, isto foi moi cuestionado no seu momento, pero, ao final, o tempo dá resultados e o tempo pon en valor estas medidas.

E no ámbito da Formación Profesional, tamén fomos capaces de darlle aquelas variables fundamentais para poder prestixiar estes estudos, fomos capaces de incrementar as prazas, de 34.000 no ano 2009 a 50.000 —somos das poucas comunidades autónomas con máis alumnos de Formación Profesional que de Bacharelato—, implementamos moitas seccións, novos currículos, Formación Profesional Básica, Formación Profesional Dual, e fomos capaces de mellorar a cualificación, a empregabilidade, cun 80 % de empregabilidade dos titulados de Formación Profesional. En definitiva, fomos capaces de conseguir unha revolución silenciosa no ámbito da Formación Profesional e de mellorar estes estudos.

Obviamente, isto non nos pode deixar caer na autocompracencia...;

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...ao contrario, o que debe é servirnos para seguir traballando nesta liña, perseverando nesta liña, para conseguir reducir ao máximo a taxa de abandono escolar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas, conselleiro.

Pregunta de D.^a Ana Belén Pontón Mondelo e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a situación da atención primaria na Área Sanitaria de Valdeorras

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Boa tarde, señor conselleiro.

Mire, desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego temos unha fonda preocupación pola saúde da nosa sanidade pública, unha sanidade mermada por unha política constante de recortes e de abuso da colaboración público-privada.

Preocúpanos a sanidade en xeral en todo o país, e para todas as persoas usuarias, pero temos que poñer tamén enriba da mesa nesta comparecencia que a crise e a xestión da mesma afondaron na fenda dunha Galicia de dúas velocidades, ao noso ver, e que os veciños e veciñas de lugares como o interior de Ourense, como os concellos e vilas da área sanitaria de Valdeorras, que traemos hoxe aquí, son os que de forma máis drástica están a padecer toda esta política de recortes que deteriora a nosa sanidade, xa que se converten, como digo, en galegos de segunda, pola falta duns recursos que son a todas luces insuficientes para satisfacer as características desa poboación. Unha poboación fortemente envellecida, porque imaxino que sabe vostede, señor conselleiro, cal é a media da poboación galega maior de 64 anos; unha media que é dun 24 % para o país, pero que nalgún destes concellos dos que veño hoxe a falarlle aquí chega case a rozar o 50 %, como, por exemplo, o concello do Bolo, cun 49,7 %, ou A Veiga, cun 40 %. Isto trae, loxicamente, unha dificultade na atención para estes pacientes, porque vostedes virán aquí falarnos de ratios, pero o certo é que a maioría, un volume importante de pacientes anciáns pluripatolóxicos, consome moitos máis recursos que un paciente de menor idade e de tendencia a ter un maior índice de estado de saúde adecuado.

A todo isto súmase tamén a dispersión e as dificultades de comunicación. Voulle poñer un exemplo. Entre Bertamiráns e o hospital de Santiago de Compostela hai 10 quilómetros. É exactamente a mesma distancia que hai entre o Centro de Saúde de Vilariño de Conso e o seu PAC, o seu punto de atención continuada, recomendado, que é o de Viana do Bolo. Porén, hai unha diferenza moi importante entre a facilidade que pode ter unha persoa para desprazarse dun a outro sitio, xa non só polos medios de transporte, senón por unha orografía tremendamente complicada e que en días coma hoxe xa pode imaxinar o difícil que pode ser acudir a ela, sobre todo para esta poboación de idade.

Con base nisto, ademais, nós consideramos que a atención primaria deberá estar moito máis fortalecida, e, porén, vemos como non é para nada así. Hai continuas faltas de persoal nestes centros de saúde desta área sanitaria, profundamente recortada, como digo, moitas das coberturas de persoal están de forma case ordinaria sen cubrir e ademais súmanse problemas estruturais dos centros de saúde, tanto en canto ás súas características...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, e formule a pregunta, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—e remato, xa— como ás subministracións de fármacos, por exemplo, fármacos como a morfina, fundamentais para atender fallos cardíacos. Polo tanto, teñen unha menor capacidade de atención para cuestións que poden aparecer de forma ordinaria.

Polo tanto, preguntámoslle: ¿que medidas vai tomar a Xunta de Galiza e a súa Consellería para corrixir as deficiencias na Área Sanitaria de Valdeorras?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Grazas.

Ten a palabra, para contestar, o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente, señorías, nego a maior. Non hai deficiencia na Área de Valdeorras, e eu, como digo, vou dar datos. Vostede utiliza adxectivos, e eu dou datos. É o único que podemos presentar para dicir que non é verdade todo o que está dicindo vostede.

Mire, na área sanitaria do Barco de Valdeorras contamos cunha dotación de persoal suficiente para dar resposta á asistencia da súa poboación, sen que poida falar de deficiencias —como afirma sempre repetidamente—. A área sanitaria do Barco conta co hospital e tres servizos de atención primaria: O Barco, Viana e Trives. Actualmente o número de persoas con tarxeta é de 29.684. No servizo de Viana hai un total 3.185 tarxetas e nel traballan 4 facultativos, do que resulta unha ratio de 796 tarxetas por facultativo. No servizo de Trives aténdese un total de 3.193 persoas, cunha ratio de 798 por facultativo. E no servizo do Barco hai 26.305 e a unidade de atención primaria conta con 10 facultativos, o que dá unha ratio de 1.300 por facultativo. E, ademais, temos as unidades de Larouco, Petín, Rubiá, Vilamartín de Valdeorras, Carballeda de Valdeorras e A Rúa, onde prestan os servizos 12 facultativos, cunha media de 760 TIS por facultativo. Con respecto a dúas zonas especiais —que tamén coñece—, A Veiga e O Bolo, contan con 2 facultativos e 1.549 TIS adscritas, o que sae a 744 tarxetas por facultativo.

Se nos referimos á poboación pediátrica, de 0 a 14 anos, é de 2.764, atenden 3 pediatras cunha media de 921 TIS por pediatra. A urxencia extrahospitalaria aténdese desde tres PAC: Viana, cun promedio de atencións diarias de 9,25 pacientes/facultativo/día; Trives, cun promedio de 9,5 pacientes/facultativo/día; e O Barco, cun promedio de 22 pacientes/facultativos/día.

Vostede citaba Bertamiráns. Eu non sei se os de Bertamiráns se queixarán. Porque a incidencia do número de tarxetas por facultativo é bastante superior; polo tanto, creo que non é así.

Respecto do persoal de enfermería, do número de profesionais que prestan atención ordinaria, é de 23, cunha ratio de 1.132 pacientes por enfermeira.

Todas estas ratios están dentro, e nalgúns casos moi por debaixo, das marxes recomendadas, polo que estas cifras non fan máis que corroborar a afirmación de que as necesidades asistenciais están correctamente cubertas e que os recursos son xestionados de forma adecuada e eficiente. Todo isto sen prexuízo de que de forma sistemática se analizan as necesidades e se van adoptando as correccións precisas. De feito, no ano 2017 incrementamos 2 prazas de facultativo de PAC; unha, no Barco de Valdeorras, e, outra, no de Viana.

Polo momento, nada máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a réplica, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Si, xa vexo que nunca debeu conducir vostede desde Vilariño de Conso cun familiar enfermo ata Viana (*Aplausos.*) para comparar a dificultade obvia entre unhas distancias e outras. (*Aplausos.*)

Ben, vostede quere datos e nós podemos darlle datos, e datos concretos. De feito, xa lle adianto que o meu grupo parlamentario —que recibiu resposta escrita tamén sobre esta área sanitaria de Valdeorras a preguntas concretas, e que respondeu datos inexactos— lle volverá dar tamén eses datos de forma escrita, que na formulación escrita non temos límite de tempo.

Por exemplo, vostede fala da terceira praza do Centro de Saúde de Viana, pero o certo é que esa praza non ten cobertura continuada. E cando non ten cobertura continuada, entón esa estupendísima ratio de TIS baixa e incúmprese, loxicamente. E, por exemplo, o Centro de Saúde de Vilariño, infraestrutura municipal pero que loxicamente é responsabilidade da Xunta de Galiza dotar, continúa tendo un baño para homes, mulleres, pacientes e profesionais. Ou, por exemplo, podemos falar —que é algo global e tanxencial a absolutamente todos os centros de saúde que non son os localizados no centro neurálxico do Barco— sobre a pediatría. Porque hai queixa sobre os servizos de pediatría en Viana, haina en Trives, haina en Manzaneda, etc. ¿É tan complicado aumentar as horas de pediatría para unha poboación na que case é un milagre e un mérito que aumente nalgún concello a natalidade?

Ou, por exemplo, podemos falar de como iso se suma coas deficiencias que hai no hospital. Porque non sei se sabe vostede o que son as pizarreiras e a consecuencia que ten nun aumento masivo na poboación —entre os 40 e máis alá dos 40 anos— da silicose. A maioría de pacientes afectados por silicose, como non hai unidade de respiratorios específica nese hospital, acaba indo a Oviedo a tratamentos, e moitas veces pola privada, para coidar da súa saúde.

Ou podemos falar, por exemplo, do aumento, nun contexto onde é obvio o avellentamento da poboación, das necesidades dunha poboación especificamente envellecida.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Entón —e remato con isto—, ¿que acontece? Aumentan as residencias sociosanitarias, pero a mala planificación dunha área sanitaria, que nin se quera ten moi claro onde está Vilariño de Conso, se na de Verín ou se na de Valdeorras...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...—porque, para unha cousa, é para unha; e, para outra, é para outra—, pois non atende de forma debida as necesidades dos pacientes agudos por estar sobrecargada deses pacientes xeriáticos.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Ten a réplica, por parte do Goberno, o conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Bueno, eu o que si podó dicirille é que a Xunta de Galicia non é a culpable do envellecemento. O envellecemento en parte é un éxito do sistema, porque a xente vive máis anos e Galicia está, con España, como segunda a nivel mundial; polo tanto, é un éxito.

E, loxicamente, Galicia ten moitos pediatras pero ten que centralizalos onde hai máis nenos. Loxicamente porque haxa pediatras non nacen máis nenos, non é así. Isto é un servizo sanitario que debe atender a poboación. E, polo tanto, nós estamos totalmente coa realidade, dando o servizo que nos pide a poboación.

Seguramente a señora deputada coñece máis Bertamiráns que Vilariño, aínda que hoxe a utiliza máis que Bertamiráns; pero seguramente coñece máis esta zona que a outra. (*Murmurios.*)

O que si quero dicirille é que nós seguimos investindo na área, estamos investindo, seguimos investindo. Investimentos dentro, por exemplo, do Centro de Saúde do Barco, no que fixemos un investimento de 440.000 euros. E tamén no ascensor do do concello da Rúa. Como dicía, hai concellos que son os responsables dos edificios —e o da Rúa é un deles—, pero firmamos un convenio para instalar alí un ascensor. Que, por certo, despois a alcaldesa di que non sabía que era exterior. ¡Home!, contrataron eles o ascensor; polo tanto, debería sabelo.

E tamén lle direi que no Bolo, tamén no centro de saúde, outro convenio de 16.000; un novo TAC no hospital e unha sala dixitalizada de radioloxía.

Nós seguimos traballando e imos seguir traballando, porque entendemos que é certo que a sociedade está cambiando e temos unha sociedade distinta á que había hai moitos anos. Nestes días precisamente estamos traballando con atención primaria, cos colexios profesionais, e tamén escoitando as asociacións de pacientes sobre un modelo volcado, máis proactivo, que chegue á xente maior, que moitas veces vive illada. E necesitamos utilizar as novas tecnoloxías tamén para estar máis en contacto, para dar unha asistencia en domicilio tamén mellor. E para iso apostamos non só polas infraestruturas senón tamén pola idea de empregar máis persoal, e persoal dotado da especialidade dentro da medicina familiar. Falo, concretamente, da enfermería. Xa temos enfermería especialista, e na próxima OPE imos sacar prazas concretas de especialistas en medicina de familia.

E ten que ver, porque nós non abandonamos os pacientes e cremos que hai que incrementar os servizos a unha poboación diferente; especialmente en áreas do interior de Galicia, pero tamén na poboación costeira de Galicia empezamos a ter este problema. Seguiremos traballando por ela aínda que o voso grupo —e algún outro grupo— utiliza a sanidade simplemente para tratar de captar votos. Nós non, nós estamos tratando... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...de mellorar o servizo sanitario á poboación e adaptándonos aos requirimentos deles, non a peticións inxustificadas por parte do seu grupo. (*Murmurios.*)

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pasamos á seguinte pregunta.

Pregunta de D^a Paula Vázquez Verao e D. Luis Villares Naveira, do G. P. Parlamentario de En Marea, sobre as previsións do Goberno galego respecto da presentación no Parlamento de Galicia, no actual período de sesións, dun proxecto de lei de modificación da Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, que recolla o sentido e interpretación da sentenza xudicial referida á resolución da Dirección Xeral de Política Social respecto da concesión dunha soa renda de integración por domicilio e o que debe considerarse como unidade de convivencia

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Boa tarde, señor conselleiro.

Dende de En Marea, dende logo, non contemplamos outro escenario que non sexa a asunción inmediata por parte do seu goberno dos termos da sentenza do Contencioso-Administrativo número 1 de Vigo contra unha resolución ditada pola súa consellería, pola Consellería de Política Social, na que se informaba á persoa reclamante de que dispuña de seis meses de prazo para constituír un fogar independente e de que, no caso contrario, se lle retiraría a Risga. Esta persoa que reclamaba compartía domicilio con outra persoa que non formaba parte da unidade de convivencia beneficiaria e que tamén era perceptora da Risga. A sentenza finalmente reconece que si podía seguir cobrando esa renda.

Así, nós cremos que a sentenza vén reconecer a Risga como dereito subxectivo que é, aínda que non está suficientemente claro nesa Lei de inclusión social. E vén cuestionar o criterio da Xunta de equiparar domicilio e unidade familiar, a pesar de ser coñecedora a Xunta de que en moitos casos nunha mesma vivenda conviven por razóns de aforro, por razóns de simple aforro económico, varias persoas en situación de exclusión social sen relación ningunha de parentesco ou sen vínculo por matrimonio.

Así, nós consideramos que esta sentenza —a sentenza da que lle falo— é moi clara no sentido de reconecer que unha persoa perceptora da Risga pode seguir cobrándoa ao convivir con outra persoa perceptora. E vouna ler, pois o ditame destaca que o propio artigo 11 da Lei de inclusión social define o concepto de unidade de convivencia como —cito textualmente— «o conxunto de persoas que convivan no mesmo domicilio e manteñan con respecto á per-

soa solicitante un vínculo por matrimonio ou análoga relación estable», facendo fincapé a sentenza en que obriga a que concorra unha específica relación persoal que neste caso non existía. Así, o que nós preguntamos é, simple e claramente, se a Xunta vai impulsar neste período de sesións un proxecto de lei que modifique a Lei de inclusión social para garantir, para especificar, que dúas persoas perceptoras da Risga poden convivir e manter a prestación, e se vai, así, eliminar esas zonas grises da lei.

Preguntámolo, pero cabería ir moito máis alá á parte de modificar esta cuestión. Cabería eliminar esa regra xeral dunha Risga por domicilio, convivan ou non persoas da mesma familia, e que a norma xeral fora a Risga individual, atendendo ao que expresa a sentenza. Porque é durísima. Di: «Sería inverosímil que dúas persoas que perciben senllas prestacións persoais e intransferibles para eludir a súa exclusión social tivesen que excluírse mutuamente para non incorrer en exaxerada inclusión». É tremendo, nós cremos que sobran as razóns para que a Risga sexa unha prestación efectivamente individual. O panorama social xa non o vou describir porque é sobradamente coñecido. Polo menos, os números deberíannos —aínda que só sexan os números— alarmar. E un dato, simplemente, sobre a Risga, que é das máis baixas do Estado: se no 2015 a percibiron 13.848 persoas, había 132.000 persoas en pobreza severa no noso país. E a nós parécenos que é unha miseria moral que unha administración impele unha persoa a que deba formar un fogar independente cando ten uns ingresos de apenas 400 euros.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: A ver como vai pagar o alugamento e como vai ao mesmo tempo poder comer. Polo tanto, preguntámoslle, simple e claramente: ¿vai asumir a sentenza e modificar a lei para que persoas conviventes poidan cobrar a Risga? (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Ten a palabra o conselleiro de Política Social, o señor Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, como saben, o obxectivo da Xunta de Galicia é reducir as desigualdades, co esforzo de todos, e acadar o benestar dos galegos e galegas, especialmente daqueles que peor o están pasando.

A Xunta de Galicia vai acentuar nesta nova lexislatura o compromiso coas persoas que teñen máis dificultades a través de varios puntos. Primeiro, continuando co impulso da actualización das medidas contidas na Axenda Social de Galicia. En segundo lugar, desenvolvendo a Lei de inclusión social de Galicia. En terceiro lugar, reforzando o traballo dos servizos sociais comunitarios e a coordinación de esforzos das diferentes administracións. En cuarto lugar, ampliando os programas de apoio ás familias en risco de desafiuzamento e garantindo tamén o dereito a unha vivenda digna. E, en quinto lugar, potenciando o papel dos equipos de inclusión sociolaboral.

Para acadar integramente os obxectivos para os que se aprobou a lei é preciso desenvolver regulamentariamente varios aspectos que regula esta norma. Concretamente, no primeiro

ano de lexislatura existe o compromiso de elaborar o decreto que regula os aspectos relacionados coa renda de inclusión social de Galicia e as axudas de inclusión social. O decreto incluírá a materialización de medidas novidosas na Lei de inclusión, como son a posta en marcha de novos tramos de inserción e transición ao emprego, así como novos supostos que nos permitirán atender a máis galegos en risco de exclusión social.

Con respecto á pregunta que formula o Grupo de En Marea, o artigo 11 da Lei de inclusión social de Galicia dispón que hai unha regra xeral e que se concederá, por esa regra xeral, unha soa renda de inclusión social por domicilio, entendendo como tal o marco físico de aloxamento da unidade de convivencia da que forma parte a persoa titular da prestación. A pesar desta exixencia legal, e tratándose ademais dunha norma xeral, hai que ter en conta que a propia Lei de inclusión establece excepcións e permite en determinados casos que se conceda unha renda por persoa, en centros de acollida e inclusión, en establecementos de aloxamento, en instalacións e centros ou comunidades terapéuticas, etc.

Actualmente, nos supostos de convivencia nun mesmo domicilio da persoa solicitante ou beneficiaria con outras persoas alleas á unidade de convivencia, non se está a denegar a prestación, senón que se estableceu o criterio de concedela naqueles casos nos que o traballador social municipal considere como un dos obxectivos do proxecto de integración social nos que se enmarca a Risga...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...buscar un domicilio independente no prazo de seis meses.

Xa remato, señor presidente.

Quero avanzarlle que, por suposto, cumpriremos a sentenza, en primeiro lugar; en segundo lugar, que este ano desenvolveremos o decreto que nos permitirá ampliar os beneficiarios da renda social de Galicia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a palabra, para réplica, a señora Vázquez Verao.

A señora VÁZQUEZ VERAO: Faloume do decreto. Agardo que poida estar en condicións de garantir que neste ano está ese decreto, verémolo, pero non me dixo que teña intención de modificar a lei; nós cremos que iso garantiría e blindaría os dereitos sociais, habendo, ademais, normas máis garantistas, como este principio de Risga individual.

E faloume das excepcións; coñecémolas; pero é que non son suficientes e non son a norma.

E gústame que cite o tema dos traballadores sociais, porque é que é a norma nestes momentos está sendo que nas concesións da Risga hai criterios distintos segundo a xefatura territorial e que se dan moitas veces por criterios administrativos, cando, como vostede ben

acaba de recoñecer, as condicións de exclusión dunha persoa non se miden só en índices numéricos; hai que facer unha valoración global por parte de persoas formadas, por parte de traballadores sociais e non por persoal administrativo.

As situacións persoais —é que estamos a falar de persoas— non dan conta desa realidade que pinta tan fermosa de que se vaia seguir impulsando nestes cinco puntos a Lei de inclusión social. As situacións persoais falan de que os trámites burocráticos afastan as persoas dos sistemas e colapsan os servizos sociais. As situacións persoais falan da penalización do traballo. Ese decreto entendo que regulará tamén poder compaxinar empregos parciais coa renda mínima, porque o sistema actual o que fai é redundar nesa idea decimonónica de que a exclusión social é unha culpa individual cando é unha responsabilidade colectiva; e non falo de entelequias, falo de cuestións concretas.

Unha persoa que por facer un traballo cobra en determinadas circunstancias 287,53 euros recibe unha carta na que lle din que, a partir de agora, se lle descontarán da súa Risga 23,95 euros/mes. Isto non só doe no peto, é que doe na alma; que a unha persoa que non teña recursos se lle resten case 25 euros supón, en moitos casos, pois ter que elixir, por exemplo, cando vas mercar, entre o leite ou os ovos.

Denegacións incomprensibles: persoa con cancro —non falo de entelequias, falo de cuestións reais e concretas—, que queda sen traballo, que...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VÁZQUEZ VERAO: ...solicita unha Risga, que vive coa súa parella coa que non ten relación legal, e que se lle denega porque está vivindo nun domicilio onde si hai renda, pero é que vive alí porque non ten, porque morrería.

En fin, ¿por que se denegan as risgas? ¿Por que non garanten a Risga individual? Xa vexo que non van cambiar a lei. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez Verao.

Por parte do Goberno ten a réplica o señor conselleiro, o señor Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Mire, o que dixen sobre a sentenza é que a sentenza non vén cuestionar a Lei, senón que a sentenza o que vén facer é dar unha interpretación nun caso concreto diferente á interpretación que se estaba dando neste momento. Polo tanto, consideramos que para incluír novos casos e novos perceptores da renda de integración social de Galicia —que entendo que é o seu interese, o interese do seu grupo, creo que o interese de todos os galegos— non é necesario modificar a Lei de inclusión; o que é necesario é desenvolver un novo decreto, un novo decreto que nos permita, nesta nova senda de crecemento económico, ademais de dispoñi-

bilidade de recursos públicos, aumentar os beneficiarios en Galicia da renda de integración social de Galicia, como fixemos no ano 2016 e como fixemos no ano 2015. O último dato do ano 2015 —pronto sairá o dato do ano 2016— levounos, precisamente, a un dato de ampliación de beneficiarios. Polo tanto, esa é a senda que temos neste momento.

Estamos conseguindo máis beneficiarios e destinar máis recursos económicos á renda. Polo tanto, non é un problema normativo, non é un problema da lei. Concretamente, en 2015 13.800 persoas beneficiarias da renda social de Galicia, un 14 % máis que o ano anterior.

Polo tanto, fundamental, dende logo, desenvólvela para contemplar persoas que neste momento poden ter privada a posibilidade de ter esa renda —xa digo—, non como consecuencia da aplicación dunha norma, senón dun proxecto individualizado que se desenvolve por parte dos traballadores sociais, que inclúe algo que ao final ás veces é un pouco contradición, porque é verdade que hai dereito a unha renda, a unha renda social ás persoas que máis a necesitan, pero é verdade que hai outro dereito fundamental, que é o dereito a unha vivenda digna. Polo tanto, estase dicindo que nese proxecto de inserción asociado á renda é desexable que esa persoa teña unha vivenda digna.

Polo tanto, temos que seguir aumentando, por suposto, os beneficiarios da renda social, pero tamén os mecanismos para garantir o dereito a unha vivenda digna a todas as persoas. Non se trata de obrigar a xente a que teña que convivir, porque a renda é baixa e non se pode facer, senón que son as dúas cousas nas que temos que traballar coordinadamente: máis persoas na renda social, máis supostos na renda social, algún dos supostos dos que vostede falou na súa pregunta que temos que ter en conta, e tamén garantir o dereito a esa vivenda.

Por iso é moi importante tamén o desenvolvemento da Axenda social única de Galicia, con medidas especialmente nas sete grandes cidades, que nos permitan á Administración da Xunta de Galicia e á Administración municipal, entre todos, conseguir un acceso máis fácil...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.


O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...á vivenda para as persoas que están nunha peor situación económica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor conselleiro.

Pois, finalizados os puntos da orde do día, levantamos a sesión.

Remata a sesión ás sete e vinte e oito minutos do serán.



PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25